



# **CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA**

**INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

**EXERCICIOS 2000-2001**

## ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>1</b>
1.1. Obxectivos e alcance .....	1
1.2. Limitacións.....	1
1.3. Normativa reguladora.....	2
1.4. Orzamento, liquidación e conta xeral (exercicio 2001) .....	4
<b>2. ASPECTOS XERAIS.....</b>	<b>5</b>
2.1. Indicadores .....	5
2.2. Análise orzamentario e contable.....	6
<b>3. CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO .....</b>	<b>11</b>
3.1. Cadro de persoal e relación de postos de traballo .....	11
3.2. Oferta de emprego público.....	12
<b>4. PERSOAL Ó SERVICIO DA ENTIDADE LOCAL .....</b>	<b>13</b>
4.1. Persoal funcionario.....	13
4.2. Persoal laboral .....	17
4.3. Anticipos, gratificacións e indemnizacións.....	20
4.4. Contratos de asistencia técnica .....	21
4.5. Incidencias tributarias e de Seguridade Social .....	22
<b>5. CARGOS ELECTOS .....</b>	<b>24</b>
5.1. Retribucións.....	24
5.2. Indemnizacións dos membros corporativos.....	24
5.3. Atencións protocolarias e representativas .....	27
<b>6. PROCEDEMENTOS SELECTIVOS.....</b>	<b>28</b>
6.1. Procedementos de selección temporal efectuados nos exercicios 2000/2001 .....	28
6.2. Procedementos de selección ó abeiro da oferta de emprego público do exercicio 2001 .....	30
<b>7. CONCLUSIÓN.....</b>	<b>33</b>
<b>8. RECOMENDACIÓN.....</b>	<b>36</b>
<b>ANEXO 1.....</b>	<b>35</b>
<b>ALEGACIÓN PRESENTADAS POLA DEPUTACIÓN.....</b>	<b>39</b>
<b>RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓN.....</b>	<b>107</b>

## **1. INTRODUCCIÓN**

### **1.1. Obxectivos e alcance**

De conformidade co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Pleno desta Institución, en sesión realizada o 16 de decembro de 2002, acordou incluír no seu programa de actuacións a realizar no ano 2003, a fiscalización da área de gastos de persoal correspondente ós exercicios 2000 e 2001 da Deputación Provincial de Lugo.

Os obxectivos de fiscalización consistiron en:

- Verificar que os gastos de persoal corresponden a persoal ó servicio da Entidade e que foron correctamente contabilizados.
- Analizar a correcta tramitación da oferta de emprego público e o cumprimento dos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade nos procesos selectivos realizados polo Concello.
- Comprobar que as retribucións, indemnizacións por razón de servicio e demais gastos en materia de persoal axustáronse á normativa de aplicación.

O período temporal estendeuse a aqueles exercicios (anteriores e posteriores) que se consideraron necesarios para a consecución dos obxectivos previstos.

### **1.2. Limitacións**

As probas realizadas víronse condicionadas polas seguintes limitacións:

- As actuacións de fiscalización con respecto ó Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (INLUDES) practicáronse sobre a documentación remitida ó Consello de Contas unha vez finalizados os traballos de fiscalización, consistente nunha relación descritiva dos procedementos de selección dos exercicios 2000 e 2001 e o listado resume de nóminas do persoal ó servicio do dito organismo correspondentes ó mes de decembro dos referidos exercicios, así como a documentación complementaria recibida con posterioridade.
- Non se recibiu resposta da Axencia Tributaria en relación coa información fiscal solicitada sobre a Deputación Provincial de Lugo.

### 1.3. Normativa reguladora

A normativa reguladora das materias obxecto de fiscalización, inclúese fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (LMRFP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (LRFL).
- Lei 9/1987, do 12 de xuño, de Órganos de Representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servizo das Administracións Públicas(LOR).
- Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas (LIFP).
- Lei 40/1998, do 9 de decembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (LIRPF).
- Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (LOFCS).
- Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (LRX e PAC).
- Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas (LCAP).
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.
- Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia (LFPG).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 50/1998, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orde Social.
- Lei 13/2000, do 28 de decembro, de Orzamentos do Estado para o ano 2001.

- Lei 14/2000, do 29 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orde Social.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAP).
- Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local (DRFL).
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.
- Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (RXFHN).
- Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (PTFHN).
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve, en materia de orzamentos, o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (DSFL).
- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración do Estado (RIP).
- Real Decreto-Lei, do 16 de decembro de 1929, anticipo sobre haber líquido dunha ou dúas mensualidades.
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 20 de setembro de 1989, sobre estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.

- Instrucción de Contabilidade para a Administración Local (ICAL), aprobada pola Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 17 de xullo de 1990.
- Resolución de Secretaría de Estado para Administración Pública, do 27 de abril de 1995. Instruccións sobre xornada e horarios de traballo, permisos, licencias e vacacións do persoal.

#### **1.4. Orzamento, liquidación e conta xeral (exercicio 2001)**

O orzamento inicial da Deputación Provincial de Lugo ascendeu a 11.602.140.169 pesetas no 2001. Os estados de gastos e ingresos da liquidación do orzamento inclúense como Anexo I. O remanente de tesourería para gastos xerais ascendeu a 6.090.724.961 pesetas. O resultado orzamentario axustado aprobouse con superávit de 2.866.590.637 pesetas.

O orzamento de 2001 aprobouse definitivamente o 30 de abril de 2001, fóra do prazo establecido no artigo 150.2 da LRFL. Respectáronse os prazos de aprobación da liquidación do orzamento e conta xeral. Non consta a remisión da liquidación do orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, tal e como esixen os artigos 174.5 da LRFL, 91 do RD 500/1990 e regra 445 da ICAL. Cumpríronse as esixencias de rendición da Conta Xeral no prazo establecido no artigo 204 da LRFL.

## 2. ASPECTOS XERAIS

### 2.1. Indicadores

Coa finalidade de proporcionar unha información xenérica da situación do persoal da Deputación, preséntanse os seguintes ratios e indicadores correspondentes ó exercicio 2001.

- a) Gasto de persoal:** Ascendeu a 2.911.451.242 pesetas, equivalente a 7.996 pesetas/habitante. No exercicio 2000 o gasto de persoal situouse en 7.543 pesetas, 10 puntos por enriba da media española das Deputacións Provinciais e 45 puntos por enriba da media galega.
- b) Índice de persoal funcionario e laboral fixo por mil habitantes:** 1,64
- c) Cualificación profesional:** A porcentaxe de postos reservados a titulados universitarios en relación ó total de prazas reservadas ó persoal funcionario e laboral fixo é 18.
- d) Grao de equipamento tecnolóxico:** Unicamente facilitouse un inventario relativo ós equipos que no exercicio 2002 radicaban na sede dos servicios centrais, que se resume no cadro que segue, non constando a existencia de inventario informático nas restantes unidades dependentes da Deputación Provincial:

Ano 2002	Ordenadores
Funcionarios	44
Laborais	50
Equipos non adscritos a posto de traballo singularizados	75
Equipos adscritos á aula de formación	17
<b>TOTAL</b>	<b>186</b>

De acordo coa información subministrada polos responsables informáticos, no exercicio 2003 os servicios centrais provinciais dispoñen de 63 conexións a Interne.

Verificouse unha inadecuada coordinación entre a unidade responsable da formación do inventario informático e a encargada da súa adquisición. Pola outra parte, tal e como se desprende do cadro resume, non existe suficiente detalle dos equipamentos instalados nin da súa adscrición individualizada ós traballadores.

- e) Taxa de absentismo laboral:** Non se obtivo información que permitise determinar o número de xornadas laborais non realizadas polo persoal e en particular, os permiso-licencias contemplados nos artigos 68 e 70 da Lei 4/1988.
- f) Número de folgas no ano 2001:** Non se facilitou información ó respecto.
- g) Control horario:** Non se implantou sistema algún de control horario na sede do Palacio Provincial.
- h) Organización administrativa:** Durante os exercicios 2000 e 2001, os postos de traballo de Secretaría, Vicesecretaría, Intervención e Tesourería atopábanse ocupados por funcionarios con habilitación nacional.

## 2.2. Análise orzamentario e contable

O orzamento inicial de gasto nos exercicios 2000 e 2001 expresase no cadro seguinte. Nesta información ponse de manifesto que os créditos consignados no Capítulo I “Gastos de Persoal” representan, sobre o importe total do Orzamento, unha porcentaxe do 25,63% no exercicio 2000 e 25,15% no 2001. O incremento do Capítulo I do Orzamento do exercicio 2001 con respecto ó 2000 é do 6,5%.

Capítulo	Descrición	Créditos iniciais	Índice	Créditos iniciais	Índice
		2000		2001	
1	Gastos de persoal	2.738.586.525	26	2.917.492.642	25
2	G. en bens ctes. e servicios	1.307.860.975	12	1.731.937.923	15
3	Gastos financeiros	207.861.100	2	244.825.560	2
4	Transferencias correntes	886.268.471	8	1.108.612.545	10
6	Investimentos reais	4.280.905.871	40	4.485.189.937	39
7	Transferencias de capital	423.619.433	4	393.900.000	3
8	Activos financeiros	218.000.000	2	50.000.000	0
9	Pasivos financeiros	621.309.265	6	670.181.562	6
<b>TOTAL</b>		<b>10.684.411.640</b>	<b>100</b>	<b>11.602.140.169</b>	<b>100</b>

A estrutura do Capítulo I do Orzamento de Gastos, a nivel de artigo, do exercicio 2001 é a seguinte:



Artigo	Créditos iniciais	Modifica- cións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Pagos ordenados	Pagos líquidos	Ordes pendentes
10. Altos Cargos	14.940.072	0	14.940.072	7.659.100	7.659.100	7.659.100	0
11. Persoal Gabinetes	0	0	0	0	0	0	0
12. Persoal funcion.	953.147.192	0	953.147.192	930.091.157	930.091.157	930.091.157	0
13. Persoal laboral	974.942.432	85.346.485	1.060.288.917	1.014.049.376	1.013.246.873	1.013.246.873	0
14. Outro persoal	1.800.000	0	1.800.000	0	0	0	0
15. Incentivos rendto	199.062.930	0	199.062.930	184.185.126	183.480.852	183.480.852	0
16. Cotas sociais	773.600.016	63.033.295	836.633.311	775.466.483	774.003.261	767.285.220	6.718.041
<b>TOTAL</b>	<b>2.917.492.642</b>	<b>148.379.780</b>	<b>3.065.872.422</b>	<b>2.911.451.242</b>	<b>2.908.481.243</b>	<b>2.901.763.202</b>	<b>6.718.041</b>

- Os gastos do Capítulo I representan o 18% e 26% dos créditos definitivos e das obrigas recoñecidas, respectivamente. O grao de execución do Capítulo I (OR/CD) foi do 95%.
- Da conciliación entre a contabilidade financeira e orzamentaria non se puxo de manifesto incidencia algunha.
- Entre a documentación que acompaña ó orzamento aprobado para o exercicio 2001 non se inclúe o anexo de persoal no que se deben relacionar e valorar os postos de traballo existentes na Entidade Local, incumprindo o disposto no artigo 149.1,c) da LRFL e 18.1,c) do RD 500/1990.
- Con obxecto de verificar o cumprimento dos límites establecidos no artigo 7 do RD 861/1986, realízase, baseándonos nos créditos iniciais incluídos no Orzamento do ano 2001, o seguinte cálculo:

Descrición	Importe	Porcentaxe	Límite artigo 7 RD 861/1986
Masa retributiva global (agás persoal laboral)	1.152.522.122		
Retribucións básicas (-)	506.486.372		
Complemento de destino (-)	220.258.200		
Axudas familiares (-)	312.000		
<b>Total</b>	<b>425.465.550</b>		
Complemento específico	226.372.620	53,21%	75%
Productividade	178.562.930	41,97%	30%
Gratificacións	20.500.000	4,82%	10%

A cantidade asignada á produtividade nos créditos iniciais orzamentarios excede o límite máximo establecido no artigo 7.2,c) do RD 861/1986.

### **Convenio colectivo do persoal ó servizo da Deputación Provincial de Lugo**

O Convenio colectivo único para o persoal laboral da Deputación foi aprobado en sesión ordinaria do Pleno do 30 de xullo de 1990, tendo sufrido modificacións nos exercicios 1993 e 1998. O Acordo marco para o persoal funcionario aprobouse en sesión ordinaria do 29 de outubro de 1990, modificándose parcialmente (1993), nos mesmos termos que o Convenio Colectivo. Como indicaba o informe do Consello de Contas de Galicia correspondente ó exercicio 1996, estes documentos inclúen disposicións cuxa materialización contravén a lexislación vixente. En particular mencionase o seguinte:

- Fixación para o persoal funcionario dunha xornada laboral común de 35 horas semanais, inferior á establecida polo ordenamento xurídico (artigo 2 Resolución de Secretaría de Estado para Administración Pública do 27 de abril de 1995)<sup>1</sup>
- Fixación do réxime de vacacións -que inclúe un premio especial de antigüidade por cada sete anos de servizos prestados- e o de licencias.
- Previsión dunha compensación económica para aqueles supostos nos que non sexa posible o aproveitamento do descanso diario.
- A fixación do réxime retributivo, que contempla conceptos non incluídos no artigo 23 da Lei 30/84.
- Percepción íntegra, en cada unha das pagas extraordinarias, das retribucións básicas e complementarias (artigo 23 2,c) Lei 30/84 e LOXE).
- Establecemento dunha cláusula de revisión salarial, arbitrando anualmente os medios para compensar a perda de poder adquisitivo derivado dos incrementos reais do I.P.C.
- Regulación do Fondo Social, que permite a incorporación das consignacións non esgotadas no exercicio ó Fondo Social do seguinte período, así como o aboo en exercicios económicos posteriores das contías solicitadas en relación ós servizos sanitarios non concertados e

---

<sup>1</sup> Parágrafo modificado no trámite de alegacións

non percibidas por ter sido esgotadas as cantidades asignadas orzamentariamente.

- Posibilidade, previa negociación entre a Deputación e a Mesa Xeral de Negociación, de que os funcionarios cubran prazas laborais vacantes reservadas á promoción interna, así como o recoñecemento do dereito do persoal laboral ó acceso ás prazas funcionariais, para a súa promoción profesional.

Os instrumentos reguladores das condicións de emprego foron obxecto de publicación oficial sen que exista constancia da súa impugnación.

No “Plan de Emprego da Deputación Provincial de Lugo e do INLUDES para 2001”, recollese a previsión dun plan de funcionarización do persoal laboral fixo do cadro de persoal provincial, pero deixase sen efecto en espera da formulación normativa dun Estatuto da Función Pública que outorgue viabilidade legal a esta pretensión e á finalización das tarefas de valoración dos postos de traballo. Esta previsión contrasta cos seguintes feitos:

- No exercicio 2001 a oferta de emprego público contemplaba 2 postos de traballo para funcionarios de carreira e 16 para persoal laboral.
- O exame dos cadros de persoal dos exercicios 2000 e 2001 dan unha amortización neta de 14 postos reservados a funcionarios públicos e unha creación neta de 5 postos de traballo reservados a persoal laboral.

Do exame do cadro de persoal e RPT dos exercicios fiscalizados constatase a atribución de forma arbitraria do carácter funcional ou laboral a idénticos postos de traballo (técnicos superiores, técnicos diplomados, farmacéuticos, médicos especialistas, ATS, capataces, cocineiros, traballadores do parque móbil, etc...) en contra do preceptuado polo artigo 15 da Lei 30/84 e 235 da LALG. Neste sentido, non se pode obviar que os requisitos de selección que a lexislación local contempla (e o convenio colectivo recolle) para a provisión de prazas de persoal laboral, introduce un elemento de flexibilidade –o concurso de méritos é a regra xeral- cuxa materialización práctica, tal e como se constatou no exame dos expedientes de selección dos exercicios fiscalizados (e anteriores) do persoal laboral, permitindo a conculcación dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Esta marcada tendencia á laboralización do persoal, non decaída no exercicio 2001, resulta dificilmente

compatible coa previsión de funcionarización ó que se alude no Plan de Emprego de 2001.

### 3. CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

O persoal que integra o cadro de persoal da Corporación durante o exercicio 2001 reflíctese no cadro seguinte:

Descrición	Exercicio 2000			Exercicio 2001		
	Persoal segundo RPT		Persoal que figura na nómina de decembro	Persoal segundo RPT		Persoal que figura na nómina de decembro
	Nº postos	vacantes		Nº postos	vacantes	
Cargos con dedicación exclusiva			2			2
Persoal eventual	0		0	0		0
Persoal funcionario	362	26	284	332	34	288
Persoal laboral fixo	257	18	216	264	45	215
Persoal laboral temporal			65			74
<b>TOTAL</b>	<b>619</b>	<b>44</b>	<b>567</b>	<b>596</b>	<b>79</b>	<b>579</b>

*Os datos reflectidos no presente cadro resultan da comparación dos postos de traballo existentes na RPT e os postos ocupados no mes de decembro segundo información contida nas nóminas de ámbolos dous exercicios.*

O número total de efectivos en nómina en decembro de 2000 é de 567 ascendendo en decembro de 2001 a 579. Incrementouse un 2,8% o persoal que figura en nómina en 2001 con respecto ó 2000. O persoal laboral temporal que figura en nómina a 31 de decembro do exercicio 2000 supón o 11,4% do total, alcanzando no exercicio 2001 unha porcentaxe do 12,6%.

#### 3.1. Cadro de persoal e relación de postos de traballo

Durante os exercicios 2000 e 2001, constatouse a existencia dunha *plantilla* confeccionada pola Deputación Provincial que non foi obxecto de publicación, incumprindo o disposto no artigo 127 do TRRL.

En ámbolos dous exercicios confeccionouse a relación de postos de traballo de conformidade co disposto no artigo 16 da LMRFP. Verificouse a súa aprobación polo Pleno con ocasión da aprobación do orzamento do exercicio, cumpríndose coa esixencia da publicación no BOP do 11 de abril de 2000 e 22 de maio de 2001.

Da análise da relación de postos de traballo pódense destacar as seguintes incidencias:

- A coexistencia de persoal ó servizo da Corporación que, ocupando postos de traballo similares están sometidos a distinto réxime xurídico, funcionario e laboral.
- A vulneración do artigo 92.2 da LRBRL, ó reservarse a persoal laboral determinados postos (por exemplo: xefe de negociado de embargos) que, de conformidade co mencionado precepto, deberíanse desempeñar por persoal funcionario.
- O incumprimento da excepcionalidade prevista no artigo 235 da LALG en canto á reserva de postos de traballo a persoal laboral.

### **3.2. Oferta de emprego público**

Segundo certificación da Secretaría da Deputación Provincial no exercicio 2000 non se aprobou oferta de emprego público. No 2001 a oferta de emprego público aprobouse por Resolución da Presidencia de data 13 de xullo de 2001 e publicouse no BOP do 19 de xullo de 2001 e BOE do 21 de agosto de 2001. Incúmprese o prazo establecido no artigo 128 do TRRL.

Verificouse a convocatoria e realización de procedementos selectivos para cubrir prazas, mediante o sistema de promoción interna, sen que as mesmas foran incluídas na oferta de emprego público. Este feito vulnera o artigo 18 da LMRFP de conformidade coa STS 29 de febreiro de 2000.

Constatouse un atraso significativo na tramitación dos procesos selectivos celebrados para cubrir as prazas incluídas na Oferta de Emprego Público de 2001, iniciándose o desenvolvemento da fase de oposición dos procesos fiscalizados no ano 2003<sup>2</sup>.

---

<sup>2</sup> Parágrafo modificado no trámite de alegacións

## 4. PERSOAL Ó SERVICIO DA ENTIDADE LOCAL

Efectuouse unha mostraxe dos expedientes do persoal ó servicio da Deputación Provincial, analizándose a forma de acceso ó posto de traballo, as retribucións que por tódolos conceptos se percibiron no exercicio 2001 así como a correcta detracción das cantidades correspondentes á Seguridade Social e IRPF.

Atendendo á clasificación funcional de gastos, a distribución do persoal a 31 de decembro de 2001 é a seguinte:

Categoría	GRUPO DE FUNCIÓN					
	Servicios de carácter xeral	Protección civil e seguridade cidadá	Seguridade, protección e promoción social	Producción de bens públicos de carácter social	Producción de bens de carácter económico	Regulación económica de carácter xeral
Persoal eventual	0	0	0	0	0	0
Persoal funcionario	42	0	57	115	45	29
Persoal laboral fixo	23	0	40	68	51	33
Persoal laboral temporal	15	0	34	19	3	3
<b>TOTAL</b>	<b>80</b>	<b>0</b>	<b>131</b>	<b>202</b>	<b>99</b>	<b>65</b>

### 4.1. Persoal funcionario

Coa finalidade de verificar o cumprimento dos principios constitucionais no acceso á función pública local, examináronse os expedientes persoais relativos a unha mostraxe de 12 funcionarios que figuran en nómina a 31 de decembro de 2000 e 2001. Como consecuencia da análise efectuada e segundo se desprende da documentación obrante nos expedientes obxecto da mostraxe, a selección dos funcionarios interinos efectuouse, con carácter xeral, mediante concurso. En tres dos supostos analizados mantéñense no mesmo posto como interinos aqueles traballadores que o viñan ocupando mediante contrato administrativo de colaboración temporal.

#### **Retribucións**

A análise das retribucións correspondentes ó persoal funcionario efectuouse sobre unha mostraxe integrada polas nóminas de 15 funcionarios correspondentes ó mes de decembro de 2000 e 2001. Como resultado do traballo efectuado pódense facer as seguintes consideracións:

- Verifícase a adecuación das cantidades percibidas en concepto de soldo e complemento de destino á LOXE, atendendo ó grupo de clasificación e nivel asignado a cada funcionario de conformidade cos datos que figuran na relación de postos de traballo.
- O importe das pagas extraordinarias percibidas polos funcionarios non se axusta ó disposto no artigo 23 da LMRFP e da LOXE diferenciándose na nómina dous conceptos: un denominado “parte proporcional extra” integrada por unha mensualidade de soldo e trienios de acordo coa previsión legal e outro denominado “extra complementaria” cuxo importe corresponde coa suma das retribucións complementarias percibidas por cada funcionario.
- O complemento de produtividade non se axusta á configuración legal do dito concepto retributivo. Verifícase o pago de produtividade por tres conceptos distintos:
  - “Productividade”, que corresponde a unha cantidade mensual fixa para tódolos traballadores segundo o grupo ó que corresponda de conformidade coa Resolución de Presidencia do 30 de marzo de 2001, sendo máis elevada a contía asignada ós grupos D e E. O incremento do importe da produtividade no ano 2001 con respecto ó exercicio anterior supera o límite do 2% establecido na LOXE, tal e como se analiza no seguinte epígrafe.
  - “Productividade especial”, consiste na asignación individualizada a determinados traballadores de cantidades establecidas mediante Decreto presidencial. Verifícase que en ámbolos dous exercicios a asignación efectúase ós mesmos traballadores (agás tres traballadores) e por idénticas contías, sen que se expresen as circunstancias obxectivas que de acordo co artigo 5 de RD 861/1986 motivaron a percepción deste complemento. Non existe constancia da xustificación das diferencias existentes no importe da produtividade percibida polos diferentes traballadores.

A aprobación dos Decretos de asignación da produtividade especial inmediatamente despois da aprobación do orzamento do exercicio, pon de manifesto unha retribución anticipada entre determinados traballadores sen atender á concorrencia nos mesmos das circunstancias obxectivas expresadas no precepto anteriormente mencionado.



- “Productividade por consecución de obxectivos”, que se configura como a recompensa económica do Sistema de Dirección por obxectivos (D.P.O.)

A distribución lineal da produtividade non responde á finalidade legal deste complemento que, de acordo co artigo 23.3,c) da LMRFP e 5 do RD 861/1986, está previsto para retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo. Pola outra banda, a ausencia de motivación na asignación da produtividade especial vulnera o carácter obxectivo que os ditos preceptos atribúen a este concepto retributivo.

Non consta o cumprimento do disposto no artigo 5.4 do RD 861/1986, en canto ó público coñecemento das retribucións.

As irregularidades detectadas no aboo da produtividade puxéronse de manifesto no informe emitido por este organismo como consecuencia da fiscalización correspondente ó exercicio 1996, constatándose que non se emendou a dita actuación.

- As modificacións efectuadas con carácter parcial nas retribucións complementarias correspondentes a algúns postos de traballo non responden a unha valoración obxectiva dos mesmos, contravindo as esixencias do RD 861/1986.

Analizado o listado de nóminas do persoal ó servizo do INLUDES, observouse o seguinte:

- Detectáronse idénticos incumprimentos ós expostos con respecto ás nóminas do persoal ó servizo da Deputación Provincial.
- Ó longo dos exercicios 2000 e 2001 verificouse a percepción mensual por parte de 9 funcionarios da Deputación dunha cantidade fixa, en concepto de produtividade especial, con cargo ó orzamento do INLUDES. Analizada a documentación complementaria requirida ó OO.AA ós efectos de verificar o soporte documental das referidas retribucións púxose de manifesto o seguinte:
  - Como resultado da confrontación efectuada entre os modelos fiscais 190 e a información que se desprendía das nóminas facilitadas, verificouse que dous dos perceptores mencionados, no exercicio 2000 e catro, no 2001, percibiron cantidades superiores ás que figuraban en nómina, descoñecéndose a natureza destas diferencias.

- A percepción das retribucións referidas ampárase en ámbolos dous Decretos da Presidencia do INLUDES de datas 15 de marzo de 2000 e 23 de maio de 2001. Sen embargo, nos mesmos non se motivan as atribucións concretas que determinan o cobro das cantidades a percibir con carácter fixo en concepto de produtividade especial, a que se configura en termos similares (e con idénticos incumprimentos) ós expostos para o persoal da Deputación.

O cobro destas percepcións podería contravir o disposto no artigo 1.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, que preceptúa a imposibilidade de percibir máis dunha remuneración con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas.

**Plan de Pensións e respecto ós límites retributivos establecidos polas Leis do OXE:**

No informe de auditoría efectuado polo Consello de Contas de Galicia en relación ás contas provinciais do exercicio 1996 cuestionábase a legalidade da subscripción do Plan de Pensións para os empregados provinciais coa Compañía Plus Ultra (acordo plenario do 27 de maio de 1996), recomendación que non motivou actuación correctora ningunha por parte dos responsables provinciais. O novo marco legal, e en particular o RDL 1/2002 admite de xeito expreso a posibilidade da promoción e realización de achegas por parte das CC.LL. ós plans de pensións de emprego.

Non sendo, pois, cuestionable a adopción de medidas complementarias de previsión social por parte das administracións públicas, a achega con cargo ó Orzamento da Deputación e do INLUDES forma parte dos gastos de persoal, e está suxeita, en consecuencia, ós límites establecidos polas leis orzamentarias do Estado, devindo inaplicables en caso de se producir a superación dos mesmos. Este respecto ós límites cuantitativos non se verificou ó longo dos exercicios fiscalizados, polo que se reputan ilegais as cantidades achegadas polo promotor ó Plan de Pensións, tanto nos exercicios obxecto de fiscalización (2000 e 2001) como nos posteriores, nos que se ben mutaron as sociedades xestora e depositaria do Plan, o ente provincial achega (con efectos ó 1 de maio de 2003) unha cantidade fixa mensual (15 euros por traballador) revisable anualmente conforme a un criterio acumulativo do 5%.

Este incumprimento da Lei orzamentaria estatal engádese ó detectado en relación cos incrementos consolidables dos complementos de produtividade aprobados para os exercicios 2000 e 2001. Co obxecto de compensar a perda de poder adquisitivo dos anos 2000 e 2001 como consecuencia da desviación

do I.P.C., producíronse incrementos superiores ó 2% autorizados pola LOXE para 2001, tal e como se mostran no seguinte cadro:

Grupo ó que pertence o traballador	(en pesetas/mes) complemento productividade aprobado para			% incremento para 2000	%incremento para 2001 sobre cantidade aprobada para 2000/ %incremento para 2001 sobre cantidade autorizada LOXE	Exceso sobre a porcentaxe legal (2%) para	
	1999	2000	2001			2000	2001
<b>A, B, C</b>	4.000	6.000	7.500	50	25 84	48	82
<b>D</b>	8.000	11.000	14.000	37,5	27,27 72	35,5	70
<b>E</b>	9.000	12.000	15.000	33	25 63	31	61

Os referidos excesos, ó igual que no suposto relativo ás achegas efectuadas polos promotores ó Plan de pensións, carecen de cobertura legal.

#### 4.2. Persoal laboral

Seleccionouse unha mostraxe integrada por 9 expedientes de persoal laboral fixo e temporal que está en nómina a 31 de decembro de 2000 e de 2001 analizándose o acceso á función pública e as retribucións percibidas polos mesmos. Trala análise da documentación obrante nos expedientes expóñense as incidencias máis relevantes:

- En tódolos expedientes obxecto da mostraxe verificouse que os traballadores con anterioridade á condición de persoal laboral fixo, mantiveron vínculo laboral previo coa Deputación Provincial a través de diversas modalidades de contratación de carácter temporal.
- Agás un, nos expedientes analizados detectouse que, con anterioridade á incorporación ó cadro de persoal laboral fixo, o acceso ó servizo da Deputación Provincial efectuouse mediante Decreto da Presidencia sen que conste a realización de ningún proceso selectivo, infrinxindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade que deben rexer o acceso á función pública.

Analizada a documentación remitida polo INLUDES verificouse que a selección do persoal temporal ó servizo do dito organismo nos exercicios fiscalizados prodúcese mediante concurso-oposición ou concurso e, en dous casos, mediante Decreto da Presidencia. A publicación dos procesos de selección realizase no taboleiro de anuncios da Corporación. Este sistema de selección non garante o cumprimento dos principios anteriormente mencionados,

considerándose insuficiente o medio de publicación empregado ós efectos de garantir a necesaria concorrencia.

Particular transcendencia teñen as incidencias detectadas nos expedientes que se analizan a continuación:

**“Celador” (Hospital Provincial de San José)**

Por medio do Decreto presidencial, aducindo razóns de urxencia e sen que se teña tramitado procedemento selectivo, acordase subscribir contrato de interinidade cunha traballadora para ocupar un posto de celadora, adscrita ó Hospital Provincial de San José. A duración do mesmo estendeuse dende o 1 de febreiro de 1998 ata a finalización do proceso selectivo convocado para cubrir, mediante concurso, o posto de celador que, estando vacante no cadro de persoal laboral fixo, incluíuse na oferta de emprego público de 1998. Realizado o proceso selectivo, mediante concurso, adxudicase o posto á mesma traballadora converténdose o seu contrato temporal en indefinido con efectos do 1 de decembro de 1999.

Impugnado por un dos candidatos concorrentes o referido proceso, en virtude de Sentenza nº 203/2000 do Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, anulouse a adxudicación efectuada no concurso por verificarse a defectuosa valoración da experiencia do aspirante ó que se lle recoñece o dereito a ocupar a praza, anulando e deixando sen efecto o nomeamento efectuado a favor da persoa que ocupaba o devandito posto mediante contrato de interinidade. Deuse cumprimento ó pronunciamento da Sentenza acordándose a extinción do contrato laboral por tempo indefinido suscrito coa candidata seleccionada. Así mesmo, formalizouse contrato laboral por tempo indefinido co recorrente con efectividade do 1 de novembro de 2000.

Se ben cumpriuse o pronunciamento xudicial, constatouse que a traballadora continuou prestando servicios como celadora no mesmo Hospital, ó terse formalizado coa mesma, en virtude de Decreto presidencial do 31 de outubro de 2000, un novo contrato laboral baixo a modalidade de obra ou servicio determinado, conculcándose os principios constitucionais que deben rexer a selección do persoal ó servicio das administracións públicas.

Con posterioridade, en virtude do Decreto presidencial, modifícase o contrato de traballo, adoptando a modalidade de interinidade con duración supeditada á provisión regulamentaria da praza. Trala inclusión da mesma na oferta de emprego público de 2001 e, previa realización de proceso selectivo mediante

concurso-oposición (cuxo análise efectúase no punto 6.2), resolveuse o mesmo a favor da mesma traballadora que se incorpora ó cadro de persoal laboral fixo.

#### **“Técnico superior” (persoal laboral)**

Presta servicios como persoal eventual de confianza por un período que excede de catro anos, durante o período que abarca o mes de xullo de 1987 e o de setembro de 1992. O posto de traballo ocupado, creado polo acordo plenario do 27 de abril de 1987, consistía en “o desempeño de funcións similares ás asignadas ó persoal do cadro de persoal dentro das sinaladas para este tipo de persoal na Lei 30/1984 e na Lei 7/1985”. Incúmprese o artigo 20.2 da Lei 30/1984, que preceptúa que o persoal eventual só exercerá funcións expresamente cualificadas de confianza ou asesoramento especial, o que resulta incompatible coa definición do posto de traballo referenciado.

Con posterioridade presta servicios como técnico de titulación superior (persoal laboral temporal) por un período superior a dous anos e nove meses, entre outubro de 1992 e xullo de 1995. Realízase un contrato inicial anual e dúas prórrogas polo mesmo termo, o que se ordena mediante Decreto da Presidencia e sen que medie a realización de procedemento de selección ningún.

Finalmente, pasa a desempeñar con carácter definitivo o posto de traballo que ocupaba por medio do concurso de méritos convocado no BOP do 14 de xaneiro de 1995.

No expediente fiscalizado prodúcese a conculcación dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso, inicialmente, á condición de persoal laboral temporal e, con posterioridade, á de fixo do cadro de persoal. Así mesmo, queda cuestionada a materialización práctica do sistema de acceso que con carácter xeral propugna o Convenio Colectivo da Deputación (concurso de méritos). No exercicio 1995, cubríronse 19 prazas por medio deste sistema de selección.

#### **Retribucións**

A análise das retribucións percibidas polo persoal laboral fixo efectúase sobre unha mostraxe de 10 traballadores que figuran en nómina no mes de decembro de 2000 e 2001. Verificouse a equiparación do réxime retributivo do persoal laboral ó funcionario, detectándose as mesmas incidencias sinaladas no epígrafe relativo ó devandito persoal.

### **4.3. Anticipos, gratificacións e indemnizacións**

#### ***Anticipos***

A regulación do réxime dos anticipos de persoal da Deputación contense nos artigos 48 e 51 do Acordo marco único e o Convenio colectivo regulador das condicións de traballo dos laborais e funcionarios da Deputación, establecéndose as mesmas condicións para ámbolos dous tipos de persoal. A concesión de anticipos que excedan de dúas mensualidades régulase no Anexo I de ámbolos dous documentos que contempla unha serie de limitacións con respecto á contida nos preceptos mencionados.

Realizouse unha análise dos anticipos reintegrables pagados no ano 2001 a persoal da Deputación, cun alcance do 11% das obrigas recoñecidas no concepto 830. Como resultado do traballo efectuado pódense efectuar as seguintes consideracións:

- A regulación da Deputación sobre anticipos reintegrables contravén o disposto no Real Decreto Lei 2608/1929, do 16 de decembro, en canto ó importe que pode ser concedido (ata 4 mensualidades) así como o período máximo de devolución dos anticipos (de 10 a 40 meses en función do número de mensualidades concedidas).
- Da análise do listado das ordes de pago imputadas ó subconcepto 830, verificouse que o importe dos anticipos concedidos non excede en ningún caso do tope máximo de 750.000 pesetas que se establece no Convenio e Acordo aplicable ó persoal da Deputación.
- Comprobouse na mostraxe analizada que se concederon anticipos para finalidades non amparadas pola regulación aplicable. Así, en dous dos expedientes analizados non se concreta a finalidade para a que se solicita o anticipo e, noutros dous non concorren as necesidades de carácter social que, de acordo co Anexo I, permiten conceder anticipos que exceden de dúas mensualidades (cambio de automóbil e gastos extraordinarios).
- Verificouse a concesión dun anticipo por importe superior ó gasto para o que foi solicitado.

#### ***Gratificacións***

Analizouse unha mostraxe que representa un alcance do 45% das obrigas recoñecidas netas rexistradas no concepto 151 de gastos do exercicio 2001, destacando as seguintes incidencias:

- Detectouse que na documentación xustificativa do pagamento das gratificacións obxecto da mostraxe seccionada, non se especifica o número de horas realizadas fóra da xornada de traballo, nin constan os criterios seguidos ós efectos do cálculo da cuantificación das devanditas gratificacións.
- Impútanse ó orzamento do exercicio 2001 gratificacións por servicios extraordinarios realizados no ano anterior, sen que se tramite o oportuno expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos esixido polo artigo 60.2 do RD 500/1990. Este feito supón unha conculcación do principio de anualidade orzamentaria previsto no artigo 157 da LRFL.

#### ***Indemnizacións por razón de servicio***

Analizouse unha mostraxe integrada polo 34% das obrigas recoñecidas en concepto de indemnizacións por razón de servicio imputadas ó concepto 230 e o 36% das imputadas ó concepto 231. Da análise efectuada detectouse o incumprimento do prazo de xustificación do mandamento de pago a xustificar por dietas dun viaxe a Polonia realizado por persoal da Deputación, incumpríndose o disposto no artigo 70 do RD 500/1990.

#### **4.4. Contratos de asistencia técnica**

Solicitouse unha relación de contratos de asistencia técnica e servicios realizados nos exercicios 2000 e 2001, ós efectos de verificar que os servicios prestados á Deputación en réxime de contratación administrativa non eran susceptibles de encadrarse no marco dunha relación laboral. Fíxose unha mostraxe de tres expedientes de contratación correspondentes ó exercicio 2001, relativos ó servicio de publicidade da Deputación (30.000.000 pesetas), servicios de limpeza do Palacio Provincial (21.548.400 pesetas) e ó Hospital de San Rafael (46.051.200 pesetas). Constitúen elementos comúns a estas contratacións os seguintes feitos:

- Os tres expedientes tramitáronse polo procedemento aberto e a súa forma de adxudicación foi o concurso, ponderándose entre os criterios de adxudicación a prestación de servicios análogos para a Deputación nos tres exercicios anteriores á licitación. Valórase igualmente a realización de servicios para outras administracións e o sector privado, aínda que atribuíndo a metade da puntuación máxima alcanzable no apartado de experiencia previa coa Administración contratante.

- As mesmas empresas que prestaron os servizos de referencia no exercicio 2000 resultaron adxudicatarias destes contratos no exercicio 2001. O obxecto fundamental da contratación do servizo de limpeza consiste na achega de traballadores ós centros dependentes da Deputación.
- Os expedientes analizados carecían do preceptivo informe de insuficiencia e/ou falta de adecuación de medios a que alude o artigo 202 do TRLCAP.

#### **4.5. Incidencias tributarias e de Seguridade Social**

Circularizouse á Axencia Tributaria e Tesourería Xeral da Seguridade Social, ós efectos de verificar o cumprimento das obrigas de índole fiscal e social, así como a razoabilidade da imputación orzamentaria e contable das mesmas. A Tesourería Xeral da Seguridade Social comunicou as seguintes continxencias:

- A Deputación mantén unha débeda correspondente ó período transcorrido entre xaneiro de 1993 e agosto de 2003 de 25.409.574,07€ (4.227.797.391 pesetas). Esta débeda débese á pretensión da Entidade provincial de descontar os gastos que xera o Hospital de San Rafael da cota patronal (a cota obreira é obxecto de ingreso). Pendente o asunto de pronunciamento definitivo por parte do Tribunal Supremo, a Dirección Provincial da Tesourería Xeral acordou a suspensión do procedemento de dedución ó que se refiren os artigos 54 e seguintes do RD 1637/1995, polo que se desenvolve o Regulamento de Recadación dos Recursos do Sistema da Seguridade Social, tendente ó cobro dos descubertos existentes.
- En relación co INLUDES, a Tesourería certifica a existencia dunha débeda global de 1.961,11 € (326.301 pesetas), correspondente ás deducións efectuadas ás Mutuas en concepto de pagos delegados por incapacidade temporal dos traballadores do organismo autónomo en relación ó período transcorrido entre abril de 2000 e febreiro de 2002.

A Axencia Tributaria comunicou, en relación ó INLUDES, as seguintes continxencias:

- O citado organismo atópase ó corrente na presentación das declaracións tributarias correspondentes ós exercicios 2000 e 2001.



- Non existía débeda polo concepto de renda das persoas físicas a 31 de decembro dos exercicios 2000 e 2001.
- Realizáronse, con data do 19 de decembro de 2000, actuacións de comprobación e investigación en materia fiscal polo IVE en relación ós exercicios 1998-1999, con resultado de determinación dunha débeda que foi obxecto de ingreso no prazo establecido para iso (20-02-01).

Ó termo das actuacións de fiscalización non se recibira comunicación algunha da Axencia Tributaria en relación coa Deputación.

## 5. CARGOS ELECTOS

### 5.1. Retribucións

A Deputación Provincial, tralas eleccións do 13 de xuño de 1999, está constituída por 25 deputados. En virtude de acordo plenario adoptado o 28 de febreiro de 2000 desempeñan o seu cargo con dedicación exclusiva dous deputados provinciais. No mesmo acordo concrétanse as retribucións dos mesmos, sendo a súa contía no ano 2001 a que se reflicte no seguinte cadro:

Cargo	Importe mensual	Nº mensualidades	Importe anual
DEPUTADOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA	273.547	14	3.829.658
<b>TOTAL</b>	<b>273.547</b>		<b>3.829.658</b>

Verificouse que durante o exercicio 2001 o importe das retribucións percibidas polos deputados con dedicación exclusiva axústase ó acordado polo Pleno provincial. Non se deu publicidade ó acordo plenario referente ó réxime e retribucións dos membros con dedicación exclusiva, incumprindo o disposto no artigo 75.5 da LRBRL.

### 5.2. Indemnizacións dos membros corporativos

O importe das indemnizacións percibidas polos membros corporativos estableceuse mediante acordo plenario adoptado na sesión do 26 de marzo de 2001 distinguíndose as cantidades percibidas en concepto de dietas, asistencias e locomoción:

#### a) Dietas

O importe das dietas dos membros corporativos por desprazamentos relacionados con asuntos inherentes á súa condición de deputado provincial reflíctense no seguinte cadro:

Desprazamentos dentro da provincia	Importe/ptas.
Por cada día fóra do municipio da súa residencia habitual, sen pasar a noite	20.000
Por cada día fóra do municipio da súa residencia habitual, pasando a noite	27.153
Desprazamentos fóra da provincia	Importe/ptas.
Por cada día fóra do municipio da súa residencia habitual, sen pasar a noite	25.000
Por cada día fóra do municipio da súa residencia habitual, pasando a noite	35.841

Da análise efectuada sobre a mostraxe das dietas pagadas no exercicio 2001 pódense destacar as seguintes incidencias:

- Xustificanse mediante a elaboración dun listado individual por cada deputado no que se describe o motivo que da lugar ó cobro da dieta, a data, lugar de destino, así como os quilómetros realizados e o importe de locomoción. No documento referido non consta ningunha sinatura, nin se acompaña xustificación dos viaxes realizados, nin declaración algunha por parte dos membros corporativos. O artigo 13.5 do ROF dispón que os gastos ocasionados polo exercicio do cargo dean dereito a indemnización cando sexan efectivos e previa xustificación documental. Entre a documentación facilitada que acompaña ós mandamentos de pago obxecto da mostraxe, non consta soporte documental xustificativo distinto do listado mencionado.
- Verificouse a percepción polo vicepresidente da Deputación de dietas polo concepto de “asistencias a despacho”. De conformidade coa información obrante na documentación facilitada, indemnízase por este concepto ó abeiro do apartado 1º do Acordo do 26 de marzo de 2001, pola súa permanencia no despacho da Vicepresidencia para colaborar co presidente e despachar a sinatura de todos aqueles documentos relacionados co cargo que desempeña. Se ben esta indemnización encontrou cobertura, con anterioridade á Lei 14/2000, nos pronunciamentos xudiciais contidos nas STS do 18 de xaneiro e 10 de xullo de 2000, tralas modificacións introducidas pola mencionada norma, non se admite a percepción de indemnizacións polo desempeño de funcións tales como as de Vicepresidencia, por canto estaríamos ante unha dedicación parcial que obriga ó cumprimento das esixencias contidas na mencionada Lei: acordo plenario establecendo a dedicación mínima precisa para a percepción de retribucións e importe das mesmas, alta na Seguridade Social, imposibilidade de cobro de asistencias a sesións, etc.

Durante os traballos de fiscalización, verificouse a apertura pola Fiscalía da Audiencia Provincial de Lugo das dilixencias informativas nº 18/2003 en relación con cantidades percibidas polo vicepresidente da Deputación

## **b) Asistencias**

A contía das indemnizacións por asistencias a órganos colexiados para o exercicio 2001 reflíctese no seguinte cadro:

Órganos colexiados	Importe/sesión
Pleno o Consello Rector	25.000
Comisión de Goberno ou Comisión executiva	12.500
Comisións Informativas	10.000
Asistencia a outros órganos colexiados e complementarios	As cantidades que resolva asignar a Presidencia sen que puidan exceder o límite establecido para o Pleno

Analizadas as relacións de asistencias percibidas polos deputados provinciais durante os exercicios 2000 e 2001, puxéronse de manifesto as seguintes incidencias:

- Os xustificantes de asistencias, que acompañan ós mandamentos de pago efectuados por este concepto, consisten nun listado individual por cada deputado no que consta o número e a data das sesións do órgano colexiado a que asistiu sen que conste sinatura ningunha. O pago das asistencias debería figurar debidamente documentado mediante certificación expedida polo secretario da Corporación, ou funcionario que lle substitúa, que acreditara a concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados.
- Detectouse a percepción indebida por un deputado con dedicación exclusiva de asistencias a sesións dos órganos colexiados realizadas durante o terceiro e cuarto trimestre de 2000 e durante todo o exercicio 2001, contravindo o disposto no artigo 75.3 da LRBRL.
- Así mesmo, detectouse a imputación ó orzamento de 2000 e 2001 das indemnizacións por asistencias ás sesións devengadas no cuarto trimestre do exercicio anterior. Este feito supón unha vulneración do principio de anualidade previsto no artigo 157.1 da LRFL, sen que se tramitara o oportuno expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos como esixe o artigo 60.2 do RD 500/1990.

### c) Locomoción

No acordo plenario mencionado con anterioridade dispónse que ós deputados ou membros do Consello Rector se lles indemnizará de tódolos gastos de locomoción que lles ocasionen os desprazamentos realizados no desempeño dos seus cargos na contía á que ascenda o billete ou factura que as xustifique. Cando utilicen vehículos particulares, a indemnización fixase en trinta e cinco (35) pesetas por quilómetro.

Analizados os asentos do 2001 imputados na partida 111 231, observouse que as cantidades percibidas en concepto de locomoción polos membros

corporativos responden, na súa maioría, ós desprazamentos por asistencias ás sesións dos órganos colexiados, sen que conste outra xustificación que a enumeración dos quilómetros e o importe a percibir contido no listado ó que se fixo referencia no apartado anterior.

Verificouse a imputación dos gastos por locomoción *devengados* no cuarto trimestre do 2000 e 2001 ó exercicio seguinte, vulnerándose o principio de anualidade orzamentaria contemplado no artigo 157.1 da LRFL.

### **5.3. Atencións protocolarias e representativas**

Efectuouse unha mostraxe das ordes de pagamento contabilizadas na partida orzamentaria 226 “órganos de goberno, gastos diversos” correspondente ó exercicio 2001, ós efectos de verificar a correcta imputación dos gastos por razón da súa natureza, a súa razoabilidade de acordo cos principios que deben guiar a actuación da Administración Pública así como a súa adecuada xustificación documental. Revisáronse dez facturacións que, por un importe global de 3.521.721 pesetas, representaban un 18,5% do total da partida orzamentaria analizada, observándose as seguintes incidencias:

- Detectáronse tres facturacións que, ascendendo globalmente a 2.391.250 pesetas, supoñían un incumprimento do principio de anualidade orzamentaria, ó imputar ó exercicio 2001 gastos correspondentes ós exercicios 1997 (1.800.000 pesetas) e 2000 (591.250 pesetas). Procedeuse ó pagamento destes importes sen que conste a existencia de reparo da Intervención e sen que se tramitase o oportuno expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.
- Detectouse a imputación ó orzamento provincial de sancións de tráfico e aparcadoiro por importe de 154.500 pesetas, impostas ó persoal conductor dos vehículos adscritos ó parque móbil da Deputación e satisfeita por medio do mecanismo de expedición de ordes de pagamento a xustificar. Carece de viabilidade legal a asunción por parte da Deputación das sancións impostas pola actuación do persoal ó seu servizo. Púxose de manifesto a expedición dunha orde de pagamento, por importe de 50.000 pesetas, cuxa xustificación excede notablemente do prazo de tres meses que regula o artigo 70 do RD 500/1990. Así mesmo, esta orde de pago non gardaba relación directa co gasto ó que se destinou (sanción pecuniaria de tráfico), posto que a denuncia se practicou catro meses despois da expedición da referida orde de pago.

## **6. PROCEDEMENTOS SELECTIVOS**

Durante os exercicios obxecto de fiscalización aprobouse unicamente unha Oferta de Emprego Público (2001), tendente á cobertura definitiva de 16 postos de traballo reservados ó persoal laboral e 2 prazas funcionariais. Sen prexuízo do anterior, realizouse unha pluralidade de procedementos de selección para a cobertura temporal de postos de traballo provinciais. De acordo coa información subministrada polos responsables de persoal, seleccionáronse 85 traballadores no exercicio 2000 e 100 no exercicio 2001. Obtivéronse mostras representativas dos procedementos realizados nos exercicios 2000 e 2001, observándose as seguintes incidencias:

### **6.1. Procedementos de selección temporal. Exercicios 2000/2001**

Expedientes de selección de persoal laboral temporal: 1 gardabosque (2000), 1 administrativo para o servizo de contabilidade (2000), 1 administrativo para o departamento de recadación(2001) e 1 letrado adscrito á Vicesecretaría Xeral (2001).

Detectáronse as seguintes incidencias:

- A extensión temporal das vinculacións laborais parece responder a necesidades de cobertura permanente dos postos, que son obxecto de convocatoria á marxe da oferta de emprego público, do cadro de persoal, da relación de postos de traballo e das previsións recollidas nos planes de emprego dos exercicios fiscalizados. A consecuencia de estes feitos, nalgún caso (gardabosques) habilitáronse de forma irregular os mecanismos que a Lei 50/1998 prevé para a consolidación do emprego temporal, tal e como se expón no epígrafe 6.2.
- Utilízase nos procesos citados un Anexo no que se recollen os criterios de selección, consistindo as probas na realización dunha entrevista, un test de coñecementos xerais e outro de coñecementos específicos. Atribúese á discrecionalidade do Tribunal a facultade de prescindir da realización de todas ou algunhas das probas, o que se xulga contrario ó cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Así mesmo, non se informa a valoración dos méritos que poden ser obxecto de achega na fase de entrevista.
- Non se publican as convocatorias en diario oficial nin de difusión xeral. Pola contra, inclúese o seu anuncio no Taboleiro de Edictos do

Organismo provincial, outorgando un prazo que oscila entre 3 e 5 días naturais seguintes á inserción do Anexo de convocatoria no Taboleiro. En cada un dos procedementos analizados recibíuse unha única instancia, a correspondente ó adxudicatario do posto, que no caso do “gardabosques” e “administrativo de recadación” correspondía a persoas que manterán con anterioridade vinculacións contractuais coa Deputación e o INLUDES. Prodúcese así un incumprimento do principio de publicidade, limitando a concorrência e a transparencia esixibles a todo proceso de selección para o emprego público.

- Nas actas do proceso selectivo declárase a realización e valoración posterior de tódalas probas, pero en ningún caso constan as puntuacións atribuídas a cada unha das mesmas.
- Por último, obsérvanse irregularidades na duración dos contratos, configurándose nalgún caso os traballadores como permanentes no cadro de persoal. A letrada adscrita á Vicesecretaría Xeral, que accede con contrato laboral datado a 1 de xullo de 2001 a un posto inexistente na relación de postos de traballo (e no propio cadro de persoal), seguía prestando servizos ó termo do exercicio 2003. Verificouse a creación dunha praza funcional de “letrado adscrito á Vicesecretaría Xeral” na relación de postos de traballo do exercicio 2003, sen que conste no expediente da traballadora temporal a adscrición ó citado posto.

Expedientes de selección de persoal laboral temporal: 4 capataces (2000), 1 arquitecto técnico(2000) e 1 técnico de grao medio(2001).

Incidencias detectadas na análise dos expedientes de selección, realizados ó abeiro de subvencións concedidas pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego:

- Declárase realizar a selección a teor dos candidatos comunicados polo Servicio Galego de Colocación. Non obstante, obtívose evidencia documental das contradicións apreciadas nas actas do procedemento, resultando que se seleccionou un candidato cuxo currículo tiña sido remitido polo citado organismo en data posterior á da proposta de selección. A oferta ó citado organismo non operou, pois, como requisito substitutivo da publicidade a que se refire o artigo 93 e 103 da LBRL.
- Non se garante o anonimato na realización das probas escritas, non constando a valoración na fase de entrevista nin nalgún caso os candidatos comparecentes. A maior parte dos candidatos seleccionados

tiñan prestado servicios nos exercicios precedentes para o organismo provincial.

Como *colorario* ós procesos de selección fiscalizados, pode afirmarse que se prescindiu do cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e o de publicidade, afectando á obxectividade a que refire o artigo 103 da CE.

## **6.2. Procedementos de selección. Oferta de emprego público do exercicio 2001**

En relación coa convocatoria de prazas de persoal laboral fixo, analizáronse os procedementos de selección de 2 prazas de coidadores, 4 de obreiros, 1 encargado do Pazo de Tor, 1 gardabosques e 1 celador. Fiscalizouse unicamente o procedemento relativo a 1 funcionario administrativo-traductor, posto que con respecto á outra praza funcional que integraba a oferta de emprego (técnico superior) non existe constancia da recepción de solicitudes, aprobación da lista provisional de admitidos, baremación de candidatos ou outra acutación neste procedemento<sup>3</sup>. Puxéronse de manifesto as seguintes incidencias:

- A totalidade dos postos de traballo obxecto de cobertura permanente realízanse por medio de concurso-oposición, tendo por causa a consolidación de emprego temporal en fixo ó abeiro do artigo 39 da Lei 50/1998 que sinala que “a convocatoria de procesos selectivos para a substitución de emprego interino ou consolidación de emprego temporal estrutural e permanente, efectuarase de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, e mediante os sistemas selectivos de oposición, concurso ou concurso-oposición”.
- De conformidade co citado artigo, a consolidación de emprego temporal só afectaría a aquelas persoas que ocupasen de forma temporal ou interina os postos de traballo “permanentes”, sen que se poida pretender a extensión da súa vixencia para quen foran contratados temporalmente ou nomeados interinos con posterioridade á entrada en vigor da mesma (1 de xaneiro de 1999), como é o caso do procedemento para a selección do gardabosques.

---

<sup>3</sup> Parágrafo modificado no trámite de alegacións



- Así mesmo, a provisión da praza de celador, adxudicada á persoa contratada de forma ilegal pola vía de Decreto, tras o seu despedido por sentenza xudicial firme, tal e como se describe na análise efectuada sobre o seu expediente persoal, informa dun procedemento irregular continuado.
- Se ben os baremos da fase de concurso son obxecto de publicación, só unha vez constituído o Tribunal de selección fixanse os “criterios complementarios para levar a cabo a valoración de méritos da fase de concurso”. Introdúcese aquí un elemento de discrecionalidade incompatible co cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e o de publicidade, atribuíndose ó Tribunal unhas facultades de interpretación que exceden de una mera concreción de aspectos puntuais non especificados nas bases publicadas do procedemento, e que deberan terse regulamentados nas mesmas<sup>4</sup>. Adóptanse, segundo consta en tódalas actas analizadas, uns criterios de valoración cuxa constancia debera figurar nas bases publicadas, para o seu coñecemento polos candidatos para os efectos da súa posible impugnación. Pondérase dobremente a experiencia profesional no posto ó que se opta cando foi desempeñado na Deputación Provincial de Lugo. Puntúase de forma cualitativa a mesma en función dos informes emitidos polos respectivos xefes de persoal, o que introduce un elemento de subxectividade cuestionable ó non ser coñecido polos candidatos ás probas. O baremo configúrase asignando unha ponderación ó traballo realizado na propia institución provincial-que resulta desproporcionada en relación a outros méritos.
- Desta forma, os candidatos que viñan prestando os seus servicios nos postos de traballo obxecto da convocatoria obteñen as puntuacións máis elevadas na fase de concurso, adxudicándolles finalmente os mesmos con carácter definitivo. Se ben de forma aparente a concorrencia no se viu inicialmente limitada, a aplicación dos baremos *concursoales* non permiten dar estricto cumprimento ós principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, consolidando un proceso irregular de acceso á función pública.

---

<sup>4</sup> Parágrafo modificado no trámite de alegacións



## 7. CONCLUSIÓNS

Como consecuencia dos traballos de fiscalización tendentes a verificar o respecto da normativa vixente en materia de persoal, puxéronse de manifesto unha serie de incumprimentos dos cales é preciso destacar os seguintes:

### 1. Instrumentos de ordenación do persoal:

- Durante os exercicios fiscalizados, a *plantilla* ó servizo da Deputación Provincial foi confeccionado pero non se publicou, incumprindo o artigo 127 TRRL.
- A adscrición de postos de traballo a persoal funcionario ou laboral vulnera os artigos 92.2 da LRBRL e 235 da LALG.
- Na oferta de emprego público non se inclúen as prazas que, estando vacantes, se cobren mediante o sistema de promoción interna.
- O Acordo Marco e o Convenio Colectivo para o persoal ó servizo da Deputación Provincial e INLUDES conteñen disposicións contrarias á lexislación vixente, tanto no relativo á fixación do réxime retributivo e Fondo Social como nos aspectos referidos á xornada, horarios de traballo, permisos e licencias, sen que exista constancia da súa impugnación.

### 2. Sistemas de acceso á función pública local:

- Na totalidade dos procedementos de selección realizados ó abeiro da OEP de 2001 empregouse o concurso-oposición, tendo por causa a consolidación de emprego temporal en fixo. Constitúe este un mal endémico derivado da infracción das normas laborais relativas á contratación laboral temporal, o que por medio do mecanismo de consolidación preténdese regularizar. Desta forma, os candidatos que viñan prestando os seus servizos nos postos de traballo obxecto de convocatoria acceden de forma definitiva ás prazas, sen que os baremos *concursoales* permitan dar estricto cumprimento ós principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Así mesmo detectouse algún suposto de consolidación temporal de emprego sen que se cumprisen os requisitos que amparan a convocatoria deste procedemento excepcional, podendo adoeecer do vicio de nulidade a que se refire o artigo 62 da Lei 30/1992.

- Verificouse o incumprimento dos citados principios constitucionais e o de publicidade nos procedementos de selección temporal fiscalizados, de forma que só consta a presentación dunha única instancia nos procedementos analizados, que na maioría dos casos corresponde a persoas que xa mantiveran vinculacións contractuais coa Deputación Provincial de Lugo. Así mesmo, detectouse a contratación irregular pola vía de Decreto Presidencial dunha traballadora cuxo contrato extinguiuse como consecuencia de sentenza xudicial firme, quen posteriormente -por medio dun procedemento de consolidación de efectivos -pasou a formar parte do cadro de persoal permanente da Deputación.

### 3. Réxime retributivo do persoal ó servicio da Corporación:

- As pagas extraordinarias exceden o importe permitido polo artigo 23 da LMRFP y LOXE, ó incluír as retribucións complementarias.
- A configuración do complemento de produtividade desnaturaliza a finalidade legal deste concepto retributivo, ó non responder ás circunstancias obxectivas expresadas no artigo 5 do RD 861/1986.
- As variacións parciais efectuadas nas retribucións complementarias non foron precedidas dunha valoración obxectiva do posto de traballo, tal como esixe o RD 861/1986.
- A regulación sobre anticipos reintegrables contravén, nalgúns aspectos, o disposto no Real Decreto Lei 2608/1929, de 16 de decembro, normativa estatal vixente nesta materia. Verificouse a concesión de anticipos ó persoal para finalidades non amparadas pola regulación existente, así como por importe superior ó gasto para o que se solicitou.
- Incúmprense os límites retributivos fixados pola LOXE ó efectuarse por parte da Deputación Provincial e o INLUDES achegas en calidade de promotores do Plan de Pensións para os empregados públicos provinciais. Analogamente, e co obxecto de compensar as perdas de poder adquisitivo, increméntanse as contías dos complementos de produtividade para os exercicios 2000 e 2001, vulnerando os expresados límites.

### 4. Incidencias do persoal ó servicio da Corporación

Altos cargos: Non se publica o réxime retributivo dos deputados con dedicación exclusiva no BOP, tal como esixe o artigo 75.5 LRBRL.

Verificouse a percepción indebida por deputado que ostenta o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva de cantidades por asistencia a sesións de órganos colexiados.

Detectáronse irregularidades na xustificación dos gastos que dan lugar á percepción de indemnizacións, así como indemnizacións polo concepto de “asistencia a despacho” que, trala Lei 14/2000, carece de cobertura legal.

Persoal laboral: Da análise dos expedientes de persoal laboral ponse de manifesto que con anterioridade á incorporación como persoal laboral fixo do cadro de persoal, a selección deste persoal efectúase mediante Decreto da Presidencia, sen respectar os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Acórdanse sucesivas prórrogas contractuais manténdose no mesmo posto persoas cuxa selección efectuouse sen respectar os principios mencionados.

Seguridade Social: A Deputación Provincial mantén unha débeda coa Tesourería Xeral da Seguridade Social correspondente ó período 1993-2003 que ascende a 25.409.574,07€ (4.227.797.391 pesetas) como consecuencia da pretensión de descontar no pago da cota patronal os gastos xerados polo Hospital de San Rafael. Este asunto encóntrase pendente de pronunciamento definitivo por parte do Tribunal Supremo.

#### 5. Orzamento:

- Non se inclúe o anexo de persoal entre a documentación que acompaña ó orzamento da entidade, incumprindo o disposto no artigo 149 LRFL e 18.1 c) do RD 500/1990, de 20 de abril.
- Os créditos iniciais destinados a complemento de produtividade superan o límite establecido no artigo 7.2 c) RD 861/1986.
- Vulnérase o principio de anualidade orzamentaria (artigo 157.1 da LRFL) ó imputar indemnizacións a cargos electos e gratificacións ó persoal en exercicio posterior o seu devengo.

## 8. RECOMENDACIÓNS

En función das incidencias detectadas a Deputación Provincial de Lugo deberá considerar as seguintes recomendacións:

- Efectuar a selección do persoal mediante convocatoria pública respectando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como o de publicidade.
- Adaptar o acordo marco e convenio colectivo de persoal á legalidade vixente.
- O Orzamento deberá incluír o anexo de persoal en que se relacionen e valoren os postos de traballo da entidade. Así mesmo, o importe dos créditos iniciais respectará os límites establecidos no artigo 7 RD 861/1986, debendo reducirse a cantidade destinada a produtividade.
- Axustar o réxime retributivo á legalidade vixente respectando os límites establecidos na LOXE.
- As asignacións de complemento específico, así como as variacións do mesmo requiren unha valoración dos postos de traballo atendendo ás circunstancias obxectivas referidas no artigo 4 RD 861/1986.
- Configurar o complemento de produtividade atendendo á finalidade legalmente establecida.
- Axustar o réxime dos membros electos ás previsións introducidas pola Lei 14/2000. Deberá dar publicidade ó réxime de dedicación dos cargos electos así como as súas retribucións.
- Analizar, previa determinación das necesidades de carácter permanente en relación cos servizos que lle son obxecto de prestación, a conveniencia da súa realización por medio de persoal propio da Administración provincial, adoptando, no seu caso, os trámites oportunos.
- Incluír na oferta de emprego público aquelas prazas que poidan ser obxecto de cobertura mediante o sistema de promoción interna.

**ANEXO I**






## Estado de gastos

Capítulo	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Grao execuc.	Pagos ordenados	Pagos realizados	P.R/O.R. %
1. Gastos persoal	2.917.492.642	148.379.780	3.065.872.422	2.911.451.242	94,96	2.908.481.243	2.901.763.202	99,67
2. Gastos bens e servicios	1.731.937.923	108.521.155	1.840.459.078	1.349.505.225	73,32	1.193.893.989	1.153.324.231	85,46
3. Gastos financeiros	244.825.560	0	244.825.560	206.080.538	84,17	206.080.519	206.079.394	100,00
4. Transferencias correntes	1.108.612.545	999.920.289	2.108.532.834	1.159.511.666	54,99	1.145.389.663	1.092.470.050	94,22
6. Investimentos reais	4.485.189.937	3.856.073.805	8.341.263.742	4.336.156.240	51,98	4.055.724.802	3.749.753.227	86,48
7. Transferencias de capital	393.900.000	304.240.392	698.140.392	360.207.792	51,60	294.275.136	263.600.950	73,18
8. Activos financeiros	50.000.000	339.699	50.339.699	50.339.699	100,00	50.339.699	50.339.699	100,00
9. Pasivos financeiros	670.181.562	0	670.181.562	623.066.784	92,97	623.066.784	623.066.784	100,00
<b>Total</b>	<b>11.602.140.169</b>	<b>5.417.475.120</b>	<b>17.019.615.289</b>	<b>10.996.319.186</b>	<b>64,61</b>	<b>10.477.251.835</b>	<b>10.040.397.537</b>	<b>91,31</b>

## Estado de ingresos

Capítulo	Previsión inicial	Modificacións	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos	Grao execución	RECADACIÓN	Grao recad.	Dereitos pendentes
1. Impostos directos	574.040.000	0	574.040.000	784.746.457	136,71	465.095.742	59,27	319.650.715
3. Taxas e outros ingresos	940.817.760	0	940.817.760	1.126.648.755	119,75	374.939.871	33,28	751.708.884
4. Transferencias correntes	7.832.598.118	1.017.564.366	8.850.162.484	7.777.659.699	87,88	7.777.659.699	100	0
5. Ingresos patrimoniais	210.001.000	0	210.001.000	266.502.684	126,91	263.033.276	98,7	3.469.408
6. Alleamento invest. reais	100.000	0	100.000	0	0	0	0	0
7. Transferencias de capital	1.994.582.291	2.049.300.404	4.043.882.695	1.562.150.525	38,63	1.404.804.599	89,93	157.345.926
8. Activos financeiros	50.001.000	2.350.610.350	2.400.611.350	78.132.467	3,25	78.038.947	99,88	93.520
<b>Total</b>	<b>11.602.140.169</b>	<b>5.417.475.120</b>	<b>17.019.615.289</b>	<b>11.595.840.587</b>	<b>68,13</b>	<b>10.363.572.134</b>	<b>89,37</b>	<b>1.232.268.453</b>



 DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO <a href="http://www.diputacionlugo.org">http://www.diputacionlugo.org</a> <a href="mailto:info@diputacionlugo.org">info@diputacionlugo.org</a>	San Marcos, 8 - 27001 Lugo Teléfono 982 - 26 00 00 Fax 982 - 26 01 65
<b>CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA</b> <b>REGISTRO XERAL</b> N.º <u>336</u> DATA <u>5 MAR. 2004</u> <b>ENTRADA</b>	Data: Lugo, 12 de marzo de 2004 Unidade de orixen: <b>NEGOCIADO DE PERSOAL</b> Asunto: <i>Remisión das alegacions correspondentes a "Anteproxecto de informe de fiscalización selectiva da Deputación Provincial de lugo, exercicios 2000 – 2001"</i>
 EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO <b>REGISTRO XERAL</b> <b>12 MAR. 2004</b> Número: <u>2378</u>	<b>Destinatario:</b> <b>D. XOAQUIN ÁLVAREZ CORBACHO</b> <b>CONSELLEIRO DA ÁREA DE CORPORACIÓNS</b> <b>LOCAIS</b> <b>CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA</b>

En relación con "Anteproxecto de informe de fiscalización selectiva da Deputación Provincial de Lugo, Exercicios 2000 – 2001", acompañando ó presente escrito, envíolle as alegacións que esta Entidade realizou ó mesmo contidas na seguinte documentación:

- Escrito de ALEGACIONES O "ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EXERCICIOS 2000 – 2001".
- ANEXO I – DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.
- ANEXO II – PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2000.
- ANEXO III – PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2001.





**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE LUGO**

**ESCRITO DE ALEGACIÓNS Ó ANTEPROXECTO  
DE INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO  
REALIZADO POLO CONSELLO DE CONTAS DE  
GALICIA**

**(EXERCICIOS 2000-2001)**



## ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
<b>1.- INTRODUCCIÓN</b>	
1.1.- Obxectivos e alcance.....	2
1.2.- Limitacións .....	6
<b>2.- ASPECTOS XERAIS</b>	
2.1.- Indicadores .....	7
2.2.- Análise orzamentario e contable .....	8
<b>3.- CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO</b>	
3.1.- Cadro de persoal e relación de postos de traballo .....	23
3.2.- Oferta de emprego público .....	24
<b>4.- PERSOAL Ó SERVIZO DA ENTIDADE LOCAL</b>	
4.2.- Persoal funcionario .....	29
4.3.- Persoal laboral .....	39
4.4.- Anticipos, graficacións e indemnizacións .....	42
4.5.- Contratos de asistencia técnica .....	43
4.6.-Incidencias tributarias e de Seguridade Social .....	44
<b>5.- CARGOS ELECTOS</b>	
5.1.- Retribucións .....	45
5.2.- Indemnizacións dos membros corporativos .....	45
5.3.- Atencións protocolarias e representativas .....	47
<b>6.- PROCEDEMENTOS SELECTIVOS</b>	
6.1.- Procedementos de selección temporal. Exercicios 2000/2001 .....	49
6.2.- Procedementos de selección. Oferta de emprego público do exercicio 2001...	55
<b>ANEXO I</b>	
<b>ANEXO II</b>	
<b>ANEXO III</b>	



## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. Obxectivos e alcance

“De conformidade co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, O Pleno desta institución, en sesión realizada o 16 de decembro de 2002, acordou incluír no seu programa de actuacións a realizar no ano 2003, a fiscalización da área de gastos de persoal correspondente ós exercicios 2000 e 2001 da Deputación Provincial de Lugo.

Os obxectivos de fiscalización consistiron en:

- Verificar que os gastos de persoal corresponden a persoal ó servizo da entidade e que foron correctamente contabilizados.
- Analizar a correcta tramitación da oferta de emprego público e o cumprimento dos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade nos procedementos selectivos realizados polo Concello.
- Comprobar que as retribucións, indemnización por razón de servizo e demais gastos en materia de persoal se axustaron á normativa de aplicación.

O período temporal estendeuse a aqueles exercicios (anteriores e posteriores) que se consideraron necesarios para a consecución dos obxectivos previstos.”

Para efectuar as alegacións ó Anteproxecto de Informe de fiscalización selectiva da Deputación Provincial de Lugo do Consello de Contas de Galicia para os exercicios 2000-2001 parécenos preciso comezar sinalando que na súa introducción, obxectivos e alcance se anuncia, tal e como no seu contido se reflite, unha abordaxe extensiva tanto no ámbito formal e material como no temporal da fiscalización de gastos de persoal correspondente ós exercicios 2000-2001 desta Entidade.

Ó noso parecer os obxectivos de fiscalización da correcta contabilización dos gastos de persoal e de que as retribucións, indemnizacións por razón do servizo e demais gastos en materia de persoal se axustan ou non, ou en que medida o fan á normativa aplicable pertencen ó ámbito competencial do Consello de Contas, así como á súa función de fiscalización. Non é ese o mesmo parecer respecto ó obxectivo de análise da correcta tramitación da oferta de emprego público e o cumprimento dos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade nos procesos selectivos que nos parece de difícil encaixe nos artigos 1 e 4 da Lei 6/85, de 24 de xuño, e nos artigos 1 e 4 do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas (DOG nº 138, de 17 de xullo de 1992), que serven de amparo á fiscalización, dito todo isto coa máxima consideración e respecto para o Órgano fiscalizador dependente do Parlamento de Galicia.

E isto alégase porque se ben é indubidable a competencia do dito Órgano na fiscalización das contas e da xestión económico-financeira e contable do sector público en Galicia (disposicións citadas e STC nº 18/1991, de 31 de xaneiro) e polo tanto das fiscalización das entidades locais, non o parece tanto, máxime nos termos e do modo en que se realiza, dos instrumentos de ordenación do persoal, dos procedementos e formas de selección deste e da



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

valoración legal do Acordo Marco e do Convenio colectivo do persoal laboral e do persoal funcionario desta Deputación Provincial.

Se no ámbito económico-financeiro e contable o Estatuto de Galicia (art.49.1) establece a tutela financeira sobre os entes locais por parte da Comunidade Autónoma exercida neste suposto por ese Consello de Contas, iso si, respectando a autonomía que a estes recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución española e sen subordinación xerárquica de ningún tipo, non parece que isto sexa extensible á tutela da legalidade noutros ámbitos de actuación, que sería directamente atribuíble ós órganos xurisdiccionais e cuxo control corresponde a outros órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Co antedito pretenderíase por parte desta Entidade delimitar o campo obxecto de fiscalización desde esta perspectiva, co que algúns aspectos que son obxecto de fiscalización parecen cando menos pouco pacíficos nos ámbitos normativo, xurisprudencial e doutrinal.

A xurisdicción contencioso-administrativa, con clara competencia nisto, abordou as cuestións relativas a cadros de persoal e seleccións de postos de traballo, a selección de procedementos de persoal, a tramitación de oferta pública de emprego, promoción interna, baremos concursais e definición de criterios internos dos tribunais ou comisións de valoración selectivos, así como de determinación de cumprimento dos principios constitucionais de publicidade, igualdade, mérito e capacidade de forma diversa, graduando intensidades, matizando actuacións ou posicións ou absténdose de ponderar vontades sempre axustando os principios xurídicos e os procedementos á norma, mantendo o estricto cumprimento da lexislación vixente aplicable e adecuándose á xurisprudencia existente para cada suposto, pero á vez posicionándose lonxe de imperativos categóricos.

A lexislación aplicable ó réxime do persoal funcionario tampouco ten unha estabilidade como a que existe noutros ámbitos, máxime cando se introduciu a formulación legal da negociación colectiva que ou ben devén en algo baleiro de contido, de imposible aplicación, ou ben actúa con impacto desregulador en determinadas cuestións (pagas extras dobres ou réxime de horarios, por exemplo). Neste aspecto máis que en calquera outro a regulación administrativa debe de adecuarse ou incluso adiantarse á dinámica da realidade social cun enfoque proactivo. Esa é a modernización administrativa dos acordos Administración-Sindicatos, Libros-Brancos, etc., etc. E todo isto, por outra parte, ten outra dimensión moito máis flexible tal e como ese Consello nos solicita no ámbito das relacións laborais. Todo o anterior se expón sen ánimo nin de desculpa de actuacións irregulares nin de xustificación para eludir a normativa vixente aplicable, senón como reflexo de graos e matices para a aplicación do axuste de actuacións desta Deputación á legalidade, tal e como ese Consello nos solicita.

O mesmo cabe dicir da motivación. É máis un problema de intensidades ou incluso de rutinas administrativas, para ponderar as primeiras e para corrixir



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

estas segundas, que un esquema de arbitrariedade solemnemente proclamada.

O Acordo Marco do persoal funcionario e o Convenio colectivo do persoal laboral desta Deputación Provincial de Lugo do ano 1990, conteñen disposicións que non se axustaban, algunhas delas, e non se axustan aínda outras, á lexislación que afecta ó persoal local. Pero tal e como se recoñece no Informe e a Subdelegación do Goberno aceptou no seu día, nunca foron impugnadas e conservan a súa vixencia, sendo modificadas unicamente en aspectos puntuais e secundarios tal e como as súas disposicións adicionais permiten. En todo caso, son produto dun amplo proceso negociador desde 1990 ata o presente con incidencias incluso ante a xurisdicción contenciosa en orde á constitución da Mesa Xeral de Negociación para os efectos negociadores previstos no art. 32 da Lei 9/87, de 12 de xuño.

Por todo isto non é moi fácil a adecuación taxativa e unilateral á lexislación vixente actual, á data presente, dos aspectos negociados e pactados sen vulnerar á vez outra normativa concorrente, a negociadora, que converte ese camiño en difícil e sutil para evitar colisións coa normativa se se entende esta como algo estanco e ríxido, sen matiz ningún e de proxección longa (algunha desde 1929) de difícil encaixe no momento actual (anticipos, fondo social, licenzas e permisos, cláusula de remisión, promoción cruzada, etc., etc.).

Con carácter xeral, polo demais, nos asuntos da Deputación que viu a xurisdicción contencioso-administrativa sobre cuestións de persoal, incluso sobre valoración dos baremos do concurso, validaron a actuación desta Entidade.

Non deixa de sorprendernos e estrañarnos que nun Informe dese Órgano de alto e merecido prestixio e a pesar de matizar nos seus obxectivos e alcance que o período temporal se estendeu a aqueles exercicios (anteriores e posteriores) que se consideraron necesarios para a consecución dos obxectivos previstos, o que en principio é lóxico, non o é tanto se a incursión descende a varios procesos iniciados e rematados nos anos 70 e 80 e do que se pode exemplificar o suposto "técnico superior" (persoal laboral), que correcto ou non na súa tramitación, vai de 1987 a 1995, sen que incidan en modo ningún nos exercicios 2000-2001. Quizais cunha sistemática e unha metodoloxía máis centrada en ambos os exercicios puidese terse clarificado mellor todos eses aspectos, así como outros de difícil ou imposible identificación (algún valorado como excepción ó principio de publicidade) beneficiando con isto ó Informe e ós nosos axustes ás súas recomendacións. Esa abordaxe de supostos tan antigos que responden a situacións de regulación legal diferente, incluso contradictoria, desdebuxa a perspectiva e o alcance do pretendido creando un ambiente escuro para a comprensión das situacións.

Algo similar podería alegarse respecto ó diferencial que existe entre o discrecional e o arbitrario cando a lei permite opcións (caso da promoción interna dentro da oferta de emprego público) ou respecto a un incremento de





EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

intensidade (implemento da publicidade ou da motivación) que nun ton máis avaliador e menos imperativo é de máis fácil acollemento.

Non obstante todo o antedito, tanto no que compete claramente a ese Órgano fiscalizador como naquilo que entendemos non entraría tanto no seu ámbito de fiscalización, son de agradecer as observacións e recomendacións dese Órgano que como en todo control, permiten a reflexión, un "stop" nos procesos rutineiros, unha mellora nos procedementos no seu axuste á normativa vixente aplicable e a eliminación daqueles aspectos que poden vulnerar preceptos legais, sen prexuízo loxicamente do alegado por esta Deputación.

Como consecuencia de todo o anterior e á vista das Recomendacións e tendo á súa vez en conta as Conclusións do Informe dese Consello de Contas que nos termos alegados son dificilmente compartibles en todos os seus extremos, é polo que se efectúan estas alegacións e en consecuencia podemos dicir:

a).- Esta Deputación Provincial non ten inconveniente en mellorar os procedementos selectivos do seu persoal implementando o grao de aplicación dos principios constitucionais aplicables a estes, o que así se fará de inmediato.

b).- A adaptación do Acordo Marco e do Convenio Colectivo á legalidade vixente non é posible máis que a través dun proceso negociador cos axentes sociais por medio da Mesa Xeral de Negociación ós que se lles presentará tal alternativa este ano.

c).- A partir deste mesmo ano publicarase o cadro de persoal que acompaña ó Orzamento que xa se inclúe neste e axustarase o exceso de porcentaxe do complemento de produtividade ós límites do R.D. 861/86. Finalizado o proceso, cheo de dificultades, por outra parte, da Descrición e Valoración dos postos de traballo desta Deputación Provincial, reflectirase no cadro de persoal e na RPT a valoración destes.

d).- Respectaranse os límites de incremento retributivo sinalados na LGPE sen prexuízo da dinámica de negociación ó respecto dado que existe unha cláusula de revisión por desvío do IPC no Acordo Marco e no Convenio Colectivo.

e).- No ano 2005, aprobada a Descrición e Valoración dos postos de traballo da Deputación Provincial de Lugo, aplicarase a dita valoración ás asignacións do complemento específico conforme ó que ó respecto dispón o R.D. 861/86.

f).- Configurarase o complemento de produtividade como unha retribución que responda á avaliación do desempeño do traballo e debidamente motivada, axustándose ó que ó respecto dispón o R.D. 861/86.

g).- En relación o sinalado para os membros electos, entendemos non poder atender esa recomendación por considerar que é un erro patente de ese Consello.



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

h).- Finalizados os procesos de estabilización do emprego laboral temporal en fixo, determinaranse as necesidades de carácter permanente para a súa prestación por persoal propio. Proseguirase co proceso de adecuación do cadro de persoal ó réxime estatutario por parecernos o mais adecuado, sen prexuízo da homologación do persoal laboral existente ó persoal funcionario e á espera da precisa habilitación legal para iniciar procesos de funcionarización, habilitación que xa existe para o persoal autonómico. Por isto limitarase a contratación de persoal temporal e nomeamento de funcionarios interinos ós casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables de forma motivada, respectando en todo caso na oferta pública de emprego e na contratación temporal o nomeamento de interinos os límites da taxa de reposición de efectivos.

i).- Entendemos que non é obrigatorio incluír o sistema de promoción interna na oferta de emprego público ó acollerse esta Entidade á opción de planificación dos RR.HH., optando por programas diferenciados e procesos distintos axustándose ó que dispón e permite o art. 18.4 da Lei 30/84.

## **1.2.- Limitacións**

“Non se recibiu resposta da Axencia Tributaria en relación coa información fiscal solicitada sobre a Deputación Provincial de Lugo”.

Sinalar que non é responsabilidade da Deputación o posible atraso da Axencia Tributaria. Constatamos que esta Entidade solicitou a información fiscal en instancia de 18-11-03, recibindo contestación en data 3-12-2003, e enviándoa ó Consello de Contas por medio de HALCOURIER en data 3-12-2003<sup>(1)</sup>.

(1) Ver Anexo I. Xustificación 1



## 2.- ASPECTOS XERAIS

### 2.1 Indicadores

“ a) Gasto de persoal: Ascendeu a 2.911.451.242 pesetas, equivalente a 7.996 pesetas habitante. No exercicio 2000 o gasto de persoal situouse en 7.543 pesetas, 10 puntos por enriba da media española das Deputacións Provinciais e 45 puntos por enriba da media galega.”

Aínda cando a súa inclusión no informe entendemos que non é máis que para os efectos de describir o marco socioeconómico no que se circunscribe o persoal da Excma. Deputación Provincial de Lugo, pensamos que é importante, á hora de calcular un rateo e indicador relativo ós Gastos de Persoal, sobre todo se se compara co obtido das outras deputacións galegas, considerar que a Deputación de Lugo é a única galega que aínda mantén no seu cadro de persoal o persoal dos hospitais provinciais, o que supón 329 postos de traballo cunha máis que destacable repercusión orzamentaria.

Desta maneira e para realizar unha comparación homoxénea, partindo dos datos comparativos relativos ós orzamentos das deputacións galegas para 2001 que se acompañan á documentación dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2004, no “Informe sobre os Orzamentos das Deputacións Provinciais” no seu apartado 2.2. e no que se fai una exígua comparación dos gastos de persoal nos orzamentos iniciais das catro deputacións, analizamos o impacto que suporían as cifras do persoal da Deputación de Lugo axustadas sen considerar o persoal dos hospitais provinciais.

No citado informe, das cifras relativas ó exercicio 2001 extraemos o seguinte cadro comparativo:

#### Gastos Persoal Deputacións 2001

A Coruña	24.153.265,90 €
Lugo	19.928.098,52 €
Ourense	18.683.785,90 €
Pontevedra	21.184.284,13 €
<b>Galicia</b>	<b>83.949.434,45 €</b>

#### En termos per cápita

#### Gastos Persoal Deputacións 2001

A Coruña	21,79
Lugo	54,51
Ourense	54,12
Pontevedra	23,21
<b>Galicia</b>	<b>30,73</b>

Se para realizar unha comparación máis homoxénea consideramos o impacto orzamentario que supón o persoal dos hospitais provinciais e o restamos, o cadro resultante sería o seguinte:



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

**Gastos Persoal Deputacións 2001 (axustado)**

A Coruña	24.153.265,90 €
Lugo	12.878.760,50 €
Ourense	18.683.785,90 €
Pontevedra	21.184.284,13 €
<b>Galicia</b>	<b>76.900.096,43 €</b>

**En termos per cápita****Gastos Persoal Deputacións 2001 (axustado)**

A Coruña	21,79
Lugo	35,23
Ourense	54,12
Pontevedra	23,21
<b>Galicia</b>	<b>28,15</b>

Sen dúbida, as conclusións que se poden obter da análise destes cadros "axustados" serían máis acordes coa realidade e, en todo caso, seguirían sendo uns rateos incompletos á hora de situar e comparar adecuadamente o persoal da institución se non son considerados nunha análise conxunta coas características socioeconómicas de cada provincia, que sen dúbida os condicionan e definen.

**2.2.-Análise orzamentaria e contable.**

No orzamento do 2001 non se inclúe o anexo de persoal no que se debe relacionar e valorar os postos de traballo existentes na Entidade Local"

Inicialmente debe sinalarse que o artigo 126.1 do R.D.L. 781/86, de 18 de abril, Texto Refundido de Réxime Local, establece que "os *Cadros de persoal aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do orzamento*". En consecuencia o Cadro de Persoal debe acompañar sempre ó Orzamento e así o fixo esta Entidade nos exercicios fiscalizados.

Diferenciadamente do Cadro de persoal o citado artigo 12 no seu apartado 4, establece:

*"As relacións de postos de traballo, que terán en todo caso o contido previsto na lexislación básica da Función Pública, confeccionarase dacordo coas normas previstas no artigo 90.2 da Lei 7/85, de 2 de abril"*

Nada se di en relación a que este documento, que a xurisprudencia atribue natureza regulamentaria, teña que aprobarse co Orzamento, nin que teña, por tanto que acompañarse necesariamente a aquel.

No expediente do Orzamento si figura o Anexo de Persoal (Doc. 11 do orzamento).

O Anexo de Persoal é un documento ó que soamente a lexislación lle pide:

- a) Que se relacionen os postos de traballo.
- b) Que se valoren os postos de traballo.



c) Que o anterior sirva para que exista unha correlación cos créditos para persoal incluídos no Orzamento.

Descoñecemos a existencia de normativa de desenvolvemento de como ha de ser a forma correcta e detallada deste Anexo, polo que parece que existe unha certa liberdade na forma, se con isto se consegue o obxectivo da identidade entre os créditos de persoal e os datos do dito Anexo.

Neste sentido, podemos tomar como termo de referencia o Anexo de Persoal do Orzamento da C.A. Galega<sup>(2)</sup>, para establecer unha comparación:

Xunta	Deputación
a) Cuantifícanse os efectivos	a) Tamén
b) Consta expresamente a contía da suma dos conceptos "soldo" e "complemento de destino" "paga extra"	b) Constan os datos precisos para chegar a coñecer as ditas sumas, é dicir, o grupo, o número de efectivos e o nivel do complemento de destino. Isto, xunto coa Lei de Orzamentos, permítenos chegar á mesma conclusión matemática.
c) Consta a contía global do complemento específico	c) Consta a contía individual do complemento específico. Isto, xunto ó número de postos, permítenos chegar á mesma conclusión matemática.
d) O Anexo aparece ordenado de acordo coa clasificación orzamentaria (Sección, Servizo, Programa)	d) O Anexo aparece ordenado de acordo coa clasificación orzamentaria (Subfunción e, de ser o caso, programa e subprograma). Por suposto, tan só aparecen aqueles conceptos orzamentarios nos que existe persoal

Calquera documento deste tipo é susceptible de ser mellorado, incluso o da propia Xunta, en orde a aproximar ó máximo a previsión orzamentaria, pero o sistema seguido ata agora pola Deputación permitiunos que a execución do orzamento dos gastos de persoal coincida co gasto planificado.

(2) Ver Anexo I. Xustificación 2





EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### Convenio Colectivo do persoal ó servizo da Deputación Provincial de Lugo

“...estes documentos inclúen disposicións cuxa materialización contravén a lexislación vixente”

Baixo este epígrafe faise referencia ó Convenio Colectivo para persoal laboral da Excma. Deputación e do INLUDES ( B.O.P. 30-08-1990)<sup>(3)</sup> e ó Acordo Marco Único para persoal funcionario da Excma. Deputación e do INLUDES (B.O.P. 31-01-1991)<sup>(4)</sup>, textos de contido análogo pero de natureza xurídica diferente de tal xeito que non permite facer unha crítica uniforme, como realiza o órgano fiscalizador, a ambos, sobre todo se a crítica consiste en afirmar que “...estes documentos inclúen disposicións cuxa materialización contravén a lexislación vixente”, xa que ambos textos, aínda que emanan do recoñecemento do dereito á negociación colectiva (arts. 30 a 38 da Lei 9/1987, de 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servizo das administracións públicas, para o persoal funcionario, e art. 82 a 92 de R.D.L. 1/1995 de 24 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, para o persoal laboral) o alcance deste é menor na negociación colectiva que afecta ó persoal funcionario que a que afecta ó persoal vinculado á Administración por unha relación de dereito laboral. Iso é así porque establecida a preferencia polo réxime estatutario para regular a relación dos servidores públicos coa Administración, a reserva de lei a que fai referencia o artigo 103.3 da Constitución e que se concreta na obriga de regular por lei o Estatuto da función pública, constrínxe máis o campo da negociación para o persoal sometido a ese estatuto (persoal funcionario) que para o persoal laboral cuxa autonomía colectiva acolle o artigo 85 do Estatuto dos Traballadores.

Nese sentido o alcance da negociación colectiva do persoal laboral nas Entidades Públicas tan só se ve limitado polo principio de legalidade orzamentaria e a Administración pública actúa neste campo espíndose das prerrogativas do dereito administrativo e someténdose ás normas de dereito laboral contidas neste caso, esencialmente, no Título III do Estatuto dos Traballadores que regulan “A *negociación colectiva e os convenios colectivos*”. Estas consideracións obrigan a analizar por separado os reparos que de xeito uniforme (e erróneo ó noso entender) se fan a ambos textos.

Recordemos, antes de entrar na análise particularizada de cada un deles, que -tal como o mesmo órgano fiscalizador recoñece expresamente en partetanto o Convenio Colectivo como o Acordo Marco foron negociados coa representación dos traballadores que naquel momento ostentaba a Unión General de Trabaxadores (UGT) e aprobados seguindo os criterios establecidos na normativa vixente nesa materia, rexistrándose na Oficina Pública dependente da Consellería de Xustiza e Relacións Laborais. Foron posteriormente tramitados como norma regulamentaria desta entidade,

(3) Ver Anexo I. Xustificación 3

(4) Ver Anexo I. Xustificación 4







seguíndose neste caso o procedemento que establece a normativa de Réxime Local, sendo finalmente publicados sen que se presentase contra estes alegación ou recurso ningún.

a) Reparos ó Convenio Colectivo.

As críticas en relación á xornada, premio de antigüidade, compensación por descanso, réxime retributivo e contía das pagas extras están dentro do ámbito de negociación colectiva conforme ó artigo 85 de Estatuto dos Traballadores, sen límites específicos de norma administrativa. En consecuencia o que as partes pactan en convenio *“como resultado da negociación desenvolvida polos representantes dos traballadores (Unión General de Trabajadores) e do empregador (Presidente da Deputación) constitúe a expresión do acordo libremente adoptado por eles en virtude da súa autonomía colectiva”* (Art. 82, Estatuto dos Traballadores).

**Neste sentido non consideramos que “contraveña a lexislación vixente” o pactado no Convenio Colectivo desta Entidade en relación ás materias citadas, por estar dentro do ámbito da autonomía das partes, conforme ás normas que vimos de citar.**

O resto das materias que se enumeran (cláusulas de revisión salarial, fondo social e posibilidade de acceso por promoción interna a prazas de funcionarios) analizáremolo conxuntamente ó referirnos ó Acordo Marco

b) Reparos ó Acordo Marco

Aínda que Acordo e Convenio son textos xurídicos de natureza distinta, como normas que pretenden regular as condicións de traballo nunha entidade local como a Deputación Provincial de Lugo neste caso, responden a necesidades similares, actúan sobre suxeitos que cumpren funcións análogas e, aínda que desde a perspectiva constitucional se recoñeza unha preferencia polo réxime estatutario fronte ó laboral para regular as relacións de traballo nas entidades públicas, especialmente cando implican exercicio de poder público, a realidade constatable é que a regulación de ambos colectivos (funcionarios e laborais) tende á homoxeneización, “laboralizando” o réxime funcional e “funcionarizando” o réxime laboral, en coherencia coa constatación implícita de que máis que persoal funcionario e persoal laboral o que existe ó servizo da Administración son empregados públicos. Proba desta homoxeneización é que as normas sobre incompatibilidades, prevención de riscos laborais, seguridade social na Administración Local (entre outras) sexan as mesmas para persoal funcionario e para persoal laboral.

Así foi que o dereito a negociación colectiva do persoal funcionario tivo que abrirse paso e gañar espazo fronte ó paradigma do réxime estatutario tradicional: a regulación unilateral das condicións de traballo dos funcionarios.



Nese empeño foron superándose obstáculos sucesivos, de tal xeito que o que era ilegal (ou alegal) na regulación orixinaria da lei 9/87 (o concepto de negociación colectiva) é hoxe un dereito indiscutido, gracias á modificación operada pola lei 7/90 de 19 de xullo que modifica o Capítulo III da lei 9/87 e utiliza o concepto de negociación colectiva sen ambages, negociación que debe desenvolverse nas Mesas de Negociación que anualmente deben constituírse obrigatoriamente e cuxo obxecto é a determinación das condicións de traballo dos funcionarios, e cuxo contido está expresado no artigo 32 da Lei 9/87. Isto que é así con carácter xeral, vese hoxe limitado no ámbito local por unha verdadeira batería de normas (algunhas citadas polo órgano fiscalizador como a relativa ás pagas anticipadas, anterior á 2ª República) polo que se produce, de facto, un baleiramento do contido do dereito á negociación no ámbito local que se compaxina moi mal co dereito constitucional e libre sindicación (art 28, C.E) que asiste ós funcionarios públicos e do que a negociación non é máis que unha expresión do dereito á actividade sindical verdadeiro contido do dereito constitucional citado (liberdade sindical), de tal xeito que se pode concluír que sen un ámbito substancial e substantivo de negociación no ámbito local, o dereito constitucional á liberdade sindical queda baleiro de contido, amén do dereito á autonomía local, sobre a que pode imperar unha Resolución dunha Secretaría do Estado, como se manifesta no informe do Consello en relación á xornada. Desde esta perspectiva, que non descoñece outros principios que enmarcan a negociación colectiva funcional, é desde onde debe enfocarse a análise do contido do Acordo Marco pois do contrario quedaremos atrapados no rigorismo regulamentista que desemboca en baleirar de contido o dereito á negociación colectiva no ámbito local e o dereito constitucional á liberdade sindical e mesmo lesiona a autonomía local.

Dito o anterior, entramos nos reparos concretos que se manifestan no informe:

“Fixación dunha xornada semanal de 35 horas”.

No artigo 17.1 do Acordo Marco di:

*“A xornada laboral común será de 35 horas semanais de conformidade coa proposta da confederación Europea de Sindicatos”*

A orientación xeral cara ás 35 horas semanais da xornada laboral non só se infire de numerosas declaracións, entre outros, por parte das autoridades do Goberno; remisións á súa fixación mediante negociación colectiva, etc... senón que no que se refire a Administración Pública no Art. 41, (Capítulo XIII) do Anteproxecto do Estatuto Básico da Función Pública<sup>(5)</sup> pactado entre o Goberno e Sindicatos no seu día establécese:

*“As Administracións Públicas establecerán a xornada xeral e as especiais de traballo do seus funcionarios públicos. A duración máxima da xornada xeral de traballo será de 37 horas e media de traballo efectivo de termo medio en cómputo anual”.*

(5) Ver Anexo I. Xustificación 5



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Esta declaración, por máis que non se convertese en Lei, evidencia que non é un asunto pechado. Pola contra, de aprobarse o texto permitiría rebaixar a xornada do "máximo" de 37 horas e media segundo a decisión de cada Administración.

Nese mesmo sentido a normativa aplicable a outros servidores públicos establece unha regulación onde o dereito á negociación colectiva se acomoda mellor. É o caso da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde que no seu artigo 47 sinala:

*"Xornada ordinaria de traballo.*

*1.- A xornada ordinaria de traballo nos centros sanitarios determinarase en normas, pactos ou acordos según en cada caso resulte procedente"*

Hai que dicir por outra banda que a Resolución de 10 de marzo de 2003, da Secretaría de Estado para a Administración Pública, pola que se dictan instrucións sobre a xornada e horario de traballo do persoal civil ó servizo da Administración Xeral do Estado non é de aplicación ás Entidades Locais por vía xerárquica, senón por vía de remisión conforme ó artigo 94, da Lei 7/85, de 2 de abril RBRL que determina:

*" A xornada dos funcionarios da Administración Local será en cómputo anual a mesma que a que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado".*

Para maior abastanza sobre o sinalado recordarase que o propio artigo 17.2 do Acordo Marco, establece:

*"Os funcionarios que teñan atribuído no posto de traballo o complemento específico polo factor de Incompatibilidade ou Especial Dedicación prestarán servizos á marxe da xornada laboral cando a Presidencia os requira sen superar en ningún caso as corenta horas semanais no cómputo mensual".*

Dado que na maioría dos casos, por non dicir case na totalidade, nesta Entidade o "complemento específico" implica o factor de incompatibilidade, "de facto" a xornada esixible na Deputación de Lugo e INLUDES pode ascender a 40 horas semanais superando as 37 horas e media e as 1647 que hoxe establece a Resolución de 10 de marzo de 2003, da Secretaría de Estado para a Administración Pública que regula a xornada na Administración do Estado.

*"Fixación dun réxime retributivo que contempla conceptos non incluídos no artigo 23 da Lei 30/84" e "compensación económica para aqueles supostos nos que non sexa posible o aproveitamento do descanso diario"*

O Acordo Marco fai referencia ó sistema retributivo no Capítulo e máis en concreto no seu artigo 32 que leva por título precisamente "**Sistema Retributivo**".



## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

A Lei 30/84 de 2 de agosto de MRFP, establece no seu artigo 23 os conceptos retributivos para todos os funcionarios:

Art. 32 ACORDO MARCO	Art. 23 LEI 30/84
<p><i>"(...) 32.1) As retribucións dos funcionarios da Deputación Provincial de Lugo, axustaranse ó disposto no R.D. 861/1986 de 25 de abril, polo que se establece ó réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local polo acordado pola Corporación na sesión de 26 de xullo de 1988. De acordo co art. 1 do citado R.D., os funcionarios da Administración Local, con base no disposto no art. 93 da Lei 7/1985 de 2 de abril, só poderán ser remunerados polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984 de 2 de agosto.</i></p> <p><b>32.2) En consecuencia, as retribucións dos funcionarios son básicas e complementarias</b></p>	<p><b>" Conceptos retributivos.</b></p> <p><b>1. As retribucións dos funcionarios son básicas e complementarias.</b></p>
<p><b>32.2.a) Son retribucións básicas:</b></p> <p><i>-O soldo que corresponde ó índice de proporcionalidade asignado a cada un dos Grupos en que se organizan os Corpos e Escalas, Clases ou Categorías.</i></p> <p><i>-Os trienios, consistentes nunha cantidade igual para cada Grupo por cada tres anos de servizo no Corpo ou Escala, Clase ou Categoría.</i></p> <p><i>-As pagas extraordinarias, que serán de dúas ó ano por un importe mínimo cada unha delas dunha mensuralidade do soldo e trienios, e que se percibirán os meses de xuño e decembro.</i></p>	<p><b>2. Son retribucións básicas:</b></p> <p><i>a) O soldo, que corresponde ó índice de proporcionalidade asignado a cada un dos grupos nos que se organizan os Corpos e Escalas, Clases e Categorías.</i></p> <p><i>b) Os trienios, consistentes nunha cantidade igual para cada grupo, por cada tres anos de servizo no Corpo ou Escala, Clase ou Categoría.</i> <i>No caso de que un funcionario preste os seus servizos sucesivamente en diferentes Corpos, Escalas, Clases ou Categorías de distintos grupos de clasificación terá dereito a seguir percibindo os trienios reportados nos grupos anteriores.</i> <i>Cando un funcionario cambie de adscrición a grupo antes de completar un trienio, a fracción de tempo transcorrido considérase como tempo de servizos prestados no novo grupo.</i></p> <p><i>c) As pagas extraordinarias, que serán de dúas ó ano por un importe mínimo cada unha delas dunha mensuralidade do soldo e trienio, percibiranse os meses de xuño e decembro.</i></p>
<p><b>32.2.b) Son retribucións complementarias:</b></p> <p><i>-O Complemento de Destino correspondente ó nivel do posto que desempeñe.</i></p>	<p><b>3.- Son retribucións complementarias:</b></p> <p><i>a) O complemento de destino corresponde ó nivel do posto que se desempeña.</i></p>



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

<p><b>O Complemento Específico</b> destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade e penosidade. Nalgún caso poderá asignarse máis dun Complemento Específico a cada posto de traballo.</p> <p>- <b>O Complemento de Productividade</b> destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e ó interese ou iniciativa co que o funcionario desempeña o seu traballo. En todo caso, as cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público dos demais funcionarios do Departamento ou Organismo interesado, así como dos representantes sindicais.</p> <p>-<b>As gratificacións</b> por servizos extraordinarios, fóra da xornada normal, que en ningún caso poderán ser fixas na contía e periódicas na súa percepción.</p>	<p>b) <b>O complemento específico</b> destinado a retribuír as condicións particulares dalgún posto de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.</p> <p>c) <b>O complemento de produtividade</b> destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o funcionario desempeña o seu traballo. A súa contía global no poderá exceder dunha porcentaxe sobre os custos totais dun persoal de cada programa e de cada órgano que se determinará na lei de Orzamentos. O responsable da xestión de cada programa de gasto, dentro das correspondentes dotacións orzamentarias determinará, de acordo coa normativa establecida na lei de orzamentos, a contía individual que corresponda, de ser o caso, a cada funcionario. En todo caso, as cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público dos demais funcionarios do Departamento ou Organismo interesado así como dos representantes sindicais.</p> <p>d) <b>As gratificacións</b> por servizos extraordinarios, fóra da xornada normal, en ningún caso poderán ser fixas na súa contía e periódicas na súa percepción.</p>
<p>32.3) Os funcionarios percibirán as indemnizacións correspondentes por razón do servizo.</p>	<p>3. Os funcionarios percibirán as indemnizacións correspondentes por razón de servizo.</p>

Como acabamos de ver o sistema retributivo que se aplica ós funcionarios da Deputación e INLUDES tal como figura recollido no artigo 32.2 do Acordo Marco concorda plenamente co establecido no artigo 23 da Lei 30/84, como non podía ser doutro xeito. **Os conceptos retributivos son os mesmos, na súa numeración e definición.**

Neste sentido non sabemos en que fundamenta os reparos o Órgano Fiscalizador, salvo que se refira á regulación no artigo 41 "das compensacións por traballo nocturno ou en días de descanso".

Neste caso debe dicirse que, efectivamente tales compensacións poderían vencellarse ó posto de traballo e retribuírse no complemento específico, o que



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

suporía unha rixidez pouco compatible coas necesidades puntuais ou os cambios de circunstancias e esixencias do posto que implicaría modificar a valoración de cada posto cando aquelas variasen mediante nova valoración do mesmo modificación de RPT por acordo plenario, etc... o que conleva introducir elementos de rixidez. Por iso, parece máis axustado e eficiente retribuír a especial dificultade que supón traballar de noite ou en día festivo pagando directamente, baixo criterios obxectivos, ó traballador/a que efectivamente preste o servizo, que atribuírle ó posto de forma permanente esa condición, sen verificar se se realiza a prestación ou non e quen efectivamente a realiza.

“Establecemento dunha cláusula de revisión salarial arbitrando anualmente medios que permitan compensar a perda de poder adquisitivo derivado do incremento real do IPC”.

Debe dicirse que responde a unha antiga e constante (e mesmo xusta) reivindicación sindical. O **Acordo Administración-Sindicatos para o período 1995-97 sobre condicións de traballo na Función Pública<sup>(6)</sup>**, aprobado en setembro de 1994 e publicado por Resolución da Secretaría de Estado para a Administración Pública de 19 de setembro de 1994, BOE 225 de 25 de setembro de 1994 que foi asumido pola Deputación Provincial de Lugo baixo o título **“Acordo sobre condicións de traballo da Función Pública Local para o período 1995-1997 por incorporación do Acordo FEMP-Sindicatos<sup>(7)</sup>”** e publicado no BOP 135, de 14 de xuño de 1995, sinalaba:

“Capítulo VI

***Incremento de retribucións para 1996 e 1997***

1. ***As retribucións dos empregados públicos para 1996 e 1997 experimentarán un incremento segundo a previsión orzamentaria do crecemento do IPC para os ditos exercicios***  
(...)
3. ***Para cada exercicio preverase a constitución dun fondo para o mantemento do poder adquisitivo coas características previstas no capítulo III deste Acordo e cos coñecementos de evolución do PIB e do déficit orzamentario de cada ano.”***

**O Acordo Marco Rexional para persoal das Corporación locais da Comunidade Autónoma de Madrid<sup>(8)</sup>** suscrito entre a Federación de Municipios de Madrid e os sindicatos CSI-CSIF, CC.OO e UGT, con vixencia inicial de 1.01.2000 a 31.12.2003, no punto 3 do apartado XI sinala:

“Cláusula de revisión salarial:

*Recoñecendo a autonomía municipal e o dereito á negociación colectiva dos empregados públicos, e sempre de acordo coa lexislación vixente, dentro dos límites do presente Acordo, no suposto de que as retribucións do persoal ó Servicio das Administracións Locales e os seus Organismos Autónomos, fixadas polas respectivas LPGE sexan superadas polos Índices Xerais de precios ó Consumo, rexistrados en cada un dos anos de vixencia do Acordo, os Concellos e os seus Organismos Autónomos deberán negociar a revisión das retribucións cos representantes sindicais aprobando ou habilitando no seu caso dotacións orzamentarias suficientes para elo”.*

(6) Ver Anexo I. Xustificación 6

(7) Ver Anexo I. Xustificación 7

(8) Ver Anexo I. Xustificación 8



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

**O Acordo sobre Condicións de Emprego do persoal ó servizo das Administracións públicas de Navarra para os anos 2000 e 2001<sup>(9)</sup>**, aplicable ós

*"empregados ó servizo da Administración da Comunidade Foral de Navarra e os seus organismos autónomos"*

e con vixencia temporal

*"2 de xaneiro do ano 2000 ata ó 31 de decembro do ano 2001"*.

Establece:

*"Retribucións.*

*-Incremento do I.P.C. previsto no conxunto do Estado para cada ano de vixencia do Acordo, aplicable a tódalas retribucións.*

***-Mantemento do poder adquisitivo dos empregados públicos para o suposto de que o I.P.C real de Navarra resultante cada ano sexa superior ó previsto no conxunto do Estado. Neste caso, a diferenza aplicarase directamente ás retribucións, tendo carácter consolidable e efectos económicos o día 1 de xaneiro do ano seguinte.***

*Así mesmo, na nómina do mes de xaneiro ou febreiro do ano seguinte, **abóarase una paga única non consolidable**, calculada sobre as retribucións totales devengadas no ano anterior, dun importe igual á porcentaxe da desviación do I.P.C real de Navarra do dito ano sobre o I.P.C. previsto".*

Este acordo foi elevado a rango de Lei mediante Lei Foral 2/2003, de 24 de febreiro, pola que se estableceron medidas de índole retributiva en relación co persoal ó servizo das Administracións Públicas de Navarra e os pensionistas dos seus Montepios, con contido idéntico ó sinalado.

**Proposta da Corporación do acordo regulador das condicións de traballo para o persoal funcionario do concello de Ourense<sup>(10)</sup>**,

que ten como ámbito persoal

*"todo o persoal funcionario, funcionario en prácticas, de carreira, interino e eventual do Concello de Ourense e do organismo autónomo do Consello Municipal de deportes, ós pensionistas e orfos menores de idade naquelas materias que lles afecten",*

e ámbito temporal

*"desde o 1.1.2000 ata o 31.12.2001, prorrogándose automaticamente ata ser substituído por un novo Acordo. As materias retributivas serán sometidas a negociación anual. De non existir novo acordo á finalización desde período producirase a súa prórroga, actualizando tódalas partidas económicas na mesma porcentaxe que experimente o IPC".*

(9) Ver Anexo I. Xustificación 9

(10) Ver Anexo I. Xustificación 10



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

establece:

*“sempre que o incremento do I.P.C. o final do ano supere o incremento experimentado a principio do ano polas retribucións do persoal procederase a unha revisión salarial na contía do diferencial así calculado”.*

O sinalado anteriormente só quere evidenciar que, como é lóxico, a **reivindicación de incrementos salariais conforme ó IPC real** de cada ano e que **se adopten medidas nese sentido**, non é unha ocorrencia do Acordo Marco desta Entidade nin do Convenio Colectivo, senón unha reivindicación social asumida en ámbitos tan distintos coma a Administración do Estado, a federación de Municipios de Madrid, a Comunidade Autónoma de Navarra ou a proposta da Corporación do Concello de Ourense, do que o sinalado no Acordo Marco e Convenio Colectivos desta Entidade só constitúen unha mostra máis.

Sirva como colorario o propio Convenio Colectivo de Persoal Laboral da Xunta de Galicia para o ano 1999 ( DOGA nº 242 de 11-12-90)<sup>(11)</sup>, que establece:

*“IV ACORDO SOBRE REVISIÓN SALARIAL E CONSOLIDACIÓN DA DÉBEDA SOCIAL.*

*1.- A partir de 1990, o Goberno galego aplicará unha revisión salarial ó persoal ó servizo da Xunta de Galicia, no caso de que o IPC previsto sexa superado polo IPC rexistrado no exercicio.*

*No suposto de que o IPC determinado polo INE para Galicia sexa superior nun 0,25, como mínimo, ó rexistrado a nivel nacional, aplicarase o primeiro, a estes efectos.*

*(...)*

*3.-A instrumentalización desta revisión establecerase, cando proceda, a partir da desviación existente do IPC previsto e a taxa interanual de prezos de novembro sobre novembro. A dita revisión incluírase, de ser factible, na nómina do persoal no mes de xaneiro e, en todo caso, no primeiro trimestre, e será consolidale a tódolos efectos”.*

*“Fixación do réxime de vacacións que inclúe un premio especial de antigüidade”*

Foi precisamente nesa liña como evolucionou a normativa vixente, froito da negociación sindical e en concreto do Acordo Administración Sindicatos 2003-2004 que entrou en vigor para os funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia neste mesmo ano ó modificarse o artigo 69 da Lei 4/1984 de Función Pública de Galicia, que por remisión do artigo 142 do RDL 781/86 de 18 de abril é de aplicación ós funcionarios locais.

*“ Percepción íntegra, en cada unha das pagas extraordinarias, das retribucións básicas e complementarias ( artigo 23.2,c) Lei 30/84 e LOXE”.*

Como sucede coa cláusula de revisión salarial para garantir incrementos retributivos anuais iguais o IPC real a reivindicación de que no concepto de paga extra se inclúa o equivalente ó complemento de destino e específico é tamén unha reivindicación social acollida en diversos Acordos e Convenios. Por citar un exemplo a proposta da Corporación de Acordo Regulador de Condicións de Traballo do persoal funcionario do Concello de Ourense, sinala

(11) Ver Anexo I. Xustificación 11





EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

que as pagas extraordinarias serán por un importe mínimo cada unha de elas das retribucións básica e complementarias.

O desenvolvemento normativo dos últimos anos foi precisamente nese sentido.

Como se sabe, o artigo 23 da Lei 30/84 foi modificado pola Lei 53/2002, de 30 de decembro de Medidas Fiscais Administrativas e da Orde Social e a Lei 62/2003, de 30 de decembro incluíndo no concepto de paga extraordinaria o 20% do Complemento de destino para o ano 2003 e o 40% para o ano 2004.

Por outra parte, nos anos fiscalizados, os funcionarios da Deputación e INLUDES non percibiron como retribucións básicas cantidades superiores ás establecidas nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado correspondentes de acordo cos criterios sinalados no artigo 23 da Lei 30/84 de 2 de agosto de MRFP.

“Regulación do Fondo Social, que permite a incorporación das consignacións non esgotadas no exercicio ó Fondo Social do seguinte período, así como o pagamento en exercicios económicos posteriores das contías solicitadas en relación ós servizos sanitarios non concertados e non percibidas por ter sido esgotadas as cantidades asignadas orzamentariamente”

As consignacións do Fondo Social non esgotadas no exercicio, non se incorporaron en ningún caso ata a data ó exercicio seguinte, salvo que se producira algún dos supostos establecidos no artigo 163 da Lei 39/88, de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais.

No relativo ó aboamento en exercicios económicos posteriores das contías solicitadas en relación ós servizos sanitarios non concertados, debemos sinalar que, na interpretación que fai esta Deputación, as contías que se aboan ós traballadores desta por “servizos sanitarios non concretados” considéranse dentro do ámbito que contempla o artigo 157-2-a) da Lei 39/88, ó entender que se encadran no concepto de “atrasos a favor de persoal”. Trátase dunha contrapartida que se aboa por un gasto previo. Se cadra, outra interpretación sería posible, pero a falta de distinción ou maior detalle na norma, parece razoable a nosa valoración.

“Posibilidade, previa negociación entre a Deputación e a Mesa Xeral de Negociación, de que os funcionarios cubran prazas laborais vacantes reservadas á promoción interna, así como o recoñecemento do dereito do persoal laboral ó acceso ás prazas funcionariais, para a súa promoción profesional”

Esta previsión non se materializou en ningún caso ata a data. A inclusión no Acordo e Convenio hai que entendela no contexto legal en que se elaboran o Acordo Marco e o Convenio, e sen que se aprobara a Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia cuxos artigos 234 e 235 determinan os postos que deben ser ocupados por funcionarios e os que poden ser desempeñados por persoal laboral.



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Non obstante non deixa de ser destacable o contido do artigo 50 de Lei 62/2003, de 30 de decembro de MFAS, no que, en cumprimento do Acordo Administración- Sindicatos 2003-2004 se regula a chamada "promoción cruzada" e se permite que:

*"(...) o Goberno poida determinar "os corpos e escalas de funcionarios ós que poderá acceder o persoal laboral dos grupos e categorías profesionais equivalentes ó grupo de titulación correspondente ó corpo ou escala a que se pretende acceder", sempre que (ademais de concorrer outros requisitos), "se deriven vantaxes para a xestión dos servizos"*

Evidentemente as contradicións do réxime estatutario-funcionarioal vixente están chegando a límites máximos xa que pasar do réxime laboral ó funcionarioal por promoción interna supón un cambio cualitativo ata agora descoñecido, que comparado coa previsión que se censura, e que como dicimos non se puxo nunca en práctica, esta parece -cando menos- equiparable.

*" No Plan de Emprego da Deputación Provincial de Lugo e do INLUDES para 2001, recóllese a previsión dun plan de funcionarización do persoal laboral fixo do cadro de persoal provincial, pero deixase sen efecto en espera da formulación normativa dun Estatuto da Función Pública que outorgue viabilidade legal a esta pretensión, e á finalización das tarefas de valoración dos postos de traballo."*

No "**plan de funcionarización**" que se prevé no Plan de Emprego desta entidade e do INLUDES para o 2001, o Órgano Fiscalizador repara:

*Que "no exercicio 2001,a Oferta de Emprego contemplaba 2 postos de traballo para funcionarios de carreira e 16 para persoal laboral"*

O artigo 235.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia sinala que poderán ser desempeñados por persoal laboral entre outros os "*postos de actividades propias de oficios*", entre os que se encontran 12 dos incluídos na citada Oferta: 3 de Capataz, 1 de Encargado Pazo de Tor, 1 Celador, 2 Coidador, 1 Gardabosque e 4 Obreiros.

Posteriormente a Oferta de Emprego para o ano 2003 (BOP nº 32, de 8 de febreiro de 2003)<sup>(12)</sup>, inclúe a seguinte distribución plenamente concordante co determinado nos artigos 234 e 235 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia:

*"a) Persoal laboral: cinco prazas de Coidador, unha de monitor de terapia e estética, unha de monitor de terapia, unha de monitor taller horticultura, unha de monitor taller teares, unha porteiro e cinco de obreiros.*

*b) Persoal funcionario: dúas prazas de médico psiquiatra, unha de psicólogo, catro de ATS, unha de educador social e dúas de administrativo."*

*" O exame dos cadros de persoal dos exercicios 2000 e 2001, dan unha amortización neta de 14 postos reservados a funcionarios públicos e unha creación neta de 5 postos de traballo reservados a persoal laboral"*

(12) Ver Anexo I. Xustificación 12



Estudo dos datos obtidos da relación de prazas e postos de traballo creados nos Cadros de Persoal e R.P.Ts dos anos 2000/2001, segundo os Plans de Emprego 2000<sup>(13)</sup> e 2001<sup>(14)</sup>:

	Prazas				Prazas que se Amortizan
	Creadas	Nova creacion	Transformadas		
			RF	RL	
RF	29	11	17	1	<b>2</b>
RL	37	19	10	8	<b>1</b>
			27	9	
<b>Total</b>	<b>66</b>	<b>30</b>	<b>36</b>		<b>3</b>

Do estudo antes referido poden salientarse as seguintes conclusións:

1º.- Créanse 66 novas prazas cos seus correspondentes postos de traballo.  
Destos:

- 30 en réxime funcionarial e
- 36 en réxime laboral

2º.- Amortízanse, desaparecendo do Cadro de Persoal e da RPT 3 prazas e postos de traballo:

- 2 de réxime funcionarial e
- 1 de réxime laboral

3º.- O saldo neto no período fiscalizado do Cadro de Persoal e do número de efectivos da RPT supón incrementos en ambos rexímenes de:

- 28 prazas/postos de réxime funcionarial e
- 35 prazas/postos de réxime laboral

4º.- Aínda que o incremento de prazas é superior en réxime laboral, débese a que determinadas categorías laborais son máis numerosas ( 13 de obreiro, 3 de celador) e mesmo a que, para respectar o dereito a promoción interna que asiste ó persoal laboral, se creen tamén prazas ( susceptibles de funcionarización) nalgúns categorías numerosas ( 8 administrativos, por exemplo). Se consideramos as categorías mencionados supoñen por riba do 66% das prazas de laborais creadas e explican o maior incremento destas.

En conclusión, o proceso de funcionarización está condicionado a que a normativa vixente o permita pero a Deputación está reorientando a creación de prazas para adecuarse plenamente as esixencias da Lei de Administración Local de Galicia.

(13) Ver Anexo II.

(14) Ver Anexo III.



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

“atribución de forma arbitraria do carácter funcionarial ou laboral a idénticos postos” coa finalidade de flexibilizar o acceso.

En canto a que falta un criterio unificado para determinar os postos de persoal funcionario e laboral débese as sucesivas vicisitudes que sufriu a normativa de aplicación ( flexibilidade inicial no artigo 15 da Lei 30/84; redución da mesma pola Lei 23/88, de 28 de xullo; Non básico este artigo e de aplicación do 92.2 da Lei 7/85, de 2 de abril e finalmente, restricción pola Lei de Administración Local de Galicia). Pero non se debe á intención de facilitar o acceso acudindo ó réxime laboral posto que na Oferta de Emprego para o ano 2001, incluída nos procesos de consolidación de emprego temporal en fixo ó abeiro do artigo 39 da Lei 50/1998, aplicouse como sistema de selección tanto para **persoal funcionario coma laboral o concurso-oposición libre**.

Engadir que tal como se demostrará ó falar dos procedementos selectivos (epígrafe 6), a influencia da fase de concurso nos resultados dos procedementos selectivos correspondentes á Oferta de Emprego para o ano 2001, non determinou significativamente estes, xa que o 78,37 % dos seleccionados, obtiveron as máis altas puntuacións na fase de oposición, polo que obterían praza aínda que o sistema de selección non previse unha fase de concurso.



### 3.- CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO.

#### 3.1.- Cadro de persoal e Relación de Postos de Trabajo.

“Durante os exercicios 2000 e 2001, constatouse a existencia dun cadro de persoal confeccionada pola Deputación Provincial pero non foi obxecto de publicación, incumprindo o disposto no artigo 127 do TRRL.

En ámbolos dous exercicios confeccionouse a relación de postos de traballo de conformidade co disposto no artigo 16 da LMRFP...cumpríndose coa esixencia da publicación no B.O.P.”

Debe dicirse que a **Relación de Postos de Trabajo publicada contén toda a información que figura no Cadro de Persoal** (e aínda máis), entendendo que este debe *“comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados, reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual”* ( art. 126.1 do RDL 781/86).

Efectivamente, as RPTs da Deputación para os anos 2000 e 2001 comprenden:

- Tódolos postos de traballo da Entidade (identificados cun código e denominación).
- Clasificados segundo o Complemento de Destino (e encadrados na unidade administrativa correspondente).
- Determinación dos reservados a persoal funcionario, laboral ou eventual (Recadro RX= Réxime Xurídico).
  
- E, ademais:
  - Nº de efectivos
  - Tipo de posto: singularizado, non singularizado
  - Grupo ó que debe pertencer o funcionario que o ocupe
  - Complemento específico
  - Forma de provisión
  - Observacións

“Coexistencia de persoal (...) que ocupando postos de traballo similares están sometidos a distinto réxime xurídico e (...) vulneración dos artigos 92.2 da LRBL (..) e 235 da LALG”

Esa situación débese a unha evolución do Cadro de Persoal no marco dunha **normativa confusa** ( O artigo 15, da Lei 30/84, establecía un criterio moi amplo en relación á vinculación en réxime laboral dos servidores públicos. Modificado pola Lei 23/88, de 28 de xullo, non tiña carácter básico. Aprobada a Lei 7/85, de 2 de abril, o artigo 92.2 da mesma mantén un criterio máis amplo que o artigo 15 da Lei 30/84), cando menos ata a aprobación da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, que, se ben estableceu un criterio máis rigoroso, non habilitou mecanismos para regularizar a situación, e permitiron a tramitación de procedementos selectivos de funcionarización como no seu día se realizaron na Administración do Estado a raíz da modificación do artigo 15 da Lei 30/84 pola 23/88, de 28 de xullo.



Nese sentido esta Entidade estaría disposta a acudir ós procesos de funcionarización necesarios aínda que neste momento pensamos que se carece de base legal suficiente para efectivizalos. Mentres, non se poderá descoñecer o dereito de promoción profesional do persoal laboral amparado no artigo 4.2.b) do RDL 1/1995, de 24 de marzo, texto refundido do Estatuto dos Traballadores acomodándoo ás esixencias do artigo 234 e 235 da Lei 5/197 de 22 de xullo de A.L.G.

### 3.2 Oferta de emprego público,

“... No 2001 a oferta de emprego público aprobouse por Resolución da Presidencia de data 13 de xullo de 2001 e publicouse no BOP do 19 de xullo de 2001 e BOE do 21 de agosto de 2001. Incúmprese o prazo establecido no artigo 128 do TRRL.

Verificouse a convocatoria e realización de procedementos selectivos para cubrir prazos, mediante o sistema de **promoción interna, sen que as mesmas foran incluídas na oferta de emprego público. Este feito vulnera o artigo 18 da LMREFP de conformidade coa STS 29 de febreiro de 2000.**”

Os reparos que se realizan á tramitación da Oferta de Emprego para o ano 2001 deben contemplarse desde a perspectiva **da evolución normativa na regulación da Oferta de Emprego Público.**

A normativa de referencia encóntrase contida no **artigo 18 da lei 30/84, de 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública**, de carácter básico, que sufriu dúas modificacións:

#### **Texto do ano 1984**

O texto inicial do ano 1984, no que aquí afecta sinalaba:

Artigo 18. A oferta de emprego público.

*“As prazas dotadas que non poidan ser cubertas cos efectivos de persoal existentes constitúen a oferta de emprego da Administración do Estado.*

*(...)*

*A oferta de emprego deberá conter necesariamente tódalas prazas dotadas orzamentariamente e que se encontren vacantes. Indicará así mesmo as que delas deban ser obxecto de provisión no correspondente exercicio orzamentario e as previsións temporais para a provisión das restantes.*

*A publicación da oferta obriga ós órganos competentes a proceder, dentro do primeiro trimestre de cada ano natural á convocatoria das probas selectivas de acceso para as prazas vacantes comprometidas nesta e ata un 10 por 100 adicional. Tales convocatorias indicarán o calendario preciso de realización das probas, que, en todo caso, deberán concluír antes do 1 de outubro de cada ano, sen prexuízo dos cursos selectivos de formación que se establezan.*

*(...)*

*As demais Administracións Públicas elaborarán e proporán publicamente as súas ofertas de emprego axustándose ós criterios anteriormente expostos.”*

#### **Reforma do ano 1993**

A reforma máis importante prodúcese en virtude da Lei 22/1993, de 29 de decembro, que introduce no mesmo artigo unha figura nova na función



**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

pública española, cal son os **Plans de Emprego** (a Deputación provincial de Lugo elaborou e aprobou Plans de Emprego nos dos anos fiscalizados, Acordos Plenarios de 28.02.2000 e 26.03.2001), instrumento xurídico cuxa transcendencia e potencialidade quedan patentes da lectura do texto que o regula. Así, o artigo 18 da Lei 30/84, vixente desde o 1.01.1994. queda redactado da seguinte forma:

*Artigo 18. A oferta de emprego público*

*"1.- As Administracións Públicas poderán elaborar Plans de Emprego, referidos tanto a persoal funcionario como laboral, que conterán de forma conxunta as actuacións a desenvolver para a óptima utilización dos recursos humanos no ámbito a que afecten, dentro dos límites orzamentarios e de acordo coas directrices de política de persoal. As actuacións previstas para o persoal laboral nos Plans de Emprego desenvolveranse conforme á normativa específica do ordenamento xurídico laboral.*

*2.- Os Plans de Emprego poderán conter as seguintes previsións e medidas:*

- a) Previsións sobre modificación de estruturas organizativas e de postos de traballo.*
- b) Suspensión de incorporacións de persoal externo ó ámbito afectado, tanto as derivadas de oferta de emprego como de procesos de mobilidade.*
- c) Reasignación de efectivos de persoal.*
- d) Establecemento de cursos de formación e capacitación.*
- e) Autorización de concursos de provisión de postos limitados ó persoal dos ámbitos que se determinen.*
- f) Medidas específicas de promoción interna.*
- g) Prestación de servizos a tempo parcial.*
- h) Necesidades adicionais de recursos humanos que haberán de integrarse, de ser o caso, na Oferta de Emprego Público.*

*3.- (...)*

**4.- As necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas cos efectivos de persoal existentes, serán obxecto de Oferta de Emprego Público.**  
*(...)"*

O contido citado ten carácter básico e, en consecuencia, é aplicable a todas as Administracións, e polo tanto á Local.

Deste contido despréndense claramente dúas decisións moi significativas:

- a) **Desaparecen as referencia temporais en relación coa tramitación da Oferta de Emprego e dos actos posteriores** tales como as correspondentes convocatorias, polo que o incumprimento do prazo sinalado no artigo 128 do RDL 781/86, debe enmarcarse neste ámbito flexibilizador. Debe recordarse que é hábito frecuente do lexislador estatal, particularmente en materia de función pública, modificar normativa básica ou estatal e esquecerse das correspondentes adecuacións na normativa específica da función pública local. A modo de exemplo, por ser o máis recente, pode citarse a modificación que operou este ano a Lei 62/2003, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en relación cos requisitos de acceso á función pública local, que ¡por fin!, suprimiu o requisito de "*non exceder na idade en menos de 10 anos para a xubilación forzosa*" requisito que como se sabe deixou de ter sentido desde que desapareceu a MUMPAL no ano 1993.



b) **O contido do artigo 18, regulador da Oferta de Emprego Público, non establece a obriga expresa nin implícita de incluír nesta as prazas reservadas á promoción interna.** O citado texto vén dicir que a través dos Plans de Emprego as Administracións públicas poden deseñar a política de persoal máis adecuada para a **“óptima utilización dos recursos humanos”**, así como as medidas de reorganización que consideren; Realizadas estas, determinaran **“as necesidades adicionais de recursos humanos que haberán de integrarse, de ser o caso, na Oferta de Emprego Público”** ( Art. 18.2.h).

O significado de recursos humanos **“adicionais”** ou **“que non poidan ser cubertos cos efectivos de persoal existentes”** que son os que se incluírán na Oferta de Emprego, non poden ser outros **que recursos externos** a cada Entidade.

Así o entende tamén, na doutrina, o autor tan significado neste caso como o Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Alcalá de Henares D. Miguel Sánchez Morón:

A Oferta de Emprego“..., comprende, segundo indica o vixente artigo 18.4 da Lei de Medidas, <as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas cos efectivos de persoal existentes>.

Quere isto dicir que a Administración debe

- *avaliar anualmente as súas necesidades de persoal,*
- *determinar primeiro cales delas poden satisfacerse cos efectivos de que xa dispón, mediante procedementos de provisión de postos de traballo, **promoción interna** ou redistribución e reasignación de efectivos (este paso previo e a conseguinte convocatoria de concursos de provisión de vacantes antes de elaborar a oferta é necesaria, segundo STS de 13 de maio de 1986) e, a raíz disto,*
- ***ofertar publicamente ó mercado, anunciándoo no correspondente diario oficial, as prazas ou postos vacantes que non poidan ser cubertos doutra forma.”** (Sánchez Morón, Miguel, Derecho de la Función Pública, Ed. Tecnos, páx.108)*

Alude no informe o Órgano Fiscalizador á **Sentenza do Tribunal Supremo de 29-02-2000** . O fundamento xurídico segundo, facendo referencia ó artigo 18, dispón:

*“a) O art. 18 da LMRFP, tanto no seu texto inicial como na redacción resultante da modificación realizada pola Lei 22/1993, de 29 de decembro, dispón a inclusión na Oferta de Emprego Público daquelas prazas dotadas orzamentariamente que vaian ser obxecto de ulterior convocatoria de **probos selectivos de acceso**. E non aparece en ningún deses textos excepción, respecto da esixencia desa inclusión, para as prazas reservadas ó sistema de promoción interna”*

Co debido respecto ó Alto Órgano Xurisdiccional, debe dicirse que no parágrafo anterior prodúcese unha contradicción significativa. O Tribunal interpreta que integrarán a Oferta de Emprego as prazas que **estando vacantes por non poder ser cubertas cos efectivos de persoal existentes** (...) vaian ser obxecto de posteriores convocatorias de probas selectivas de **acceso**. O sentido, neste contexto, do termo **“acceso”** só pode facer referencia á incorporación de **efectivos de persoal non existente**, que non pode ser outro que **persoal externo á organización**. O persoal obxecto de





EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

promoción interna, xa existe na organización porque **xa accedeu** no seu día. Precisamente por que xa accederon e son funcionarios públicos poden concorrer a procesos de promoción interna.

Pois ben, se se di que a Oferta de Emprego contén as prazas que non poden ser cubertas co "persoal **existente**" ou que vaian ser obxecto de "ulteriores convocatorias de probas selectivas de **acceso**" malamente se pode concluír dicindo que o artigo 18 "*non contén excepción respecto a esixencia de inclusión para prazas de promoción interna*". Con todo respecto hai que dicir que no artigo 18 na actual redacción, contextualizando a Oferta de Emprego na regulación dos Plans de Emprego e interpretando literalmente os seus termos, **non obriga expresamente nin implicitamente á inclusión nesta das prazas de promoción interna, senón mais ben todo o contrario.**

En todo caso, a inclusión da promoción interna na Oferta de Emprego sería unha das posibles opcións xa que o artigo 18 tampouco o prohíbe, pero neste suposto habería que preguntarse se ten algún sentido ofertar publicamente "ó mercado", como di Sánchez Morón, determinado número de prazas aínda que os potenciais demandantes non teñan ningunha posibilidade de acceder a elas. Parece máis coherente que a tramitación da promoción interna leve a súa tramitación separada -o que non exclúe a publicidade- tal como permite a normativa vixente.

A maior abastanza pode dicirse que o artigo 22, da Lei 30/84, modificada polo artigo 60 da Lei 42/94, de 30 de decembro, en relación as convocatorias de acceso libre e promoción interna establece "*poderán levarse a cabo en convocatorias independentes*".

No mesmo sentido a nivel galego, o Acordo da Mesa Sectorial de Funcionarios sobre o reparto do Fondo para a Modernización da Administración previsto na Lei de Orzamentos do ano 2003<sup>(15)</sup>, establece:

**"PROMOCIÓN INTERNA SEPARADA.**

*A administración Galega realizará unha promoción interna separada a través dun concurso oposición."*

**En conclusión; entendemos conforme a dereito non incluír as prazas de promoción interna na Oferta de Emprego, amparándonos na interpretación literal do artigo 18 da Lei 30/84, onde non figura expresada esa obriga e entendemos como Sánchez Morón que a Oferta de Emprego só debe conter aquelas prazas que unha vez realizados todos os procedementos que permite un Plan de Emprego, entre eles os procesos de promoción interna, "non poidan cubrirse cos recursos existentes", ofertándose publicamente "ó mercado" esas prazas vacantes, a medio da citada Oferta de Emprego.**

(15) Ver Anexo I. Xustificación 13.



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

**“Constatouse un atraso significativo na tramitación dos procesos selectivos realizados para cubrir as prazas incluídas na Oferta de Emprego Público de 2001, iniciándose o desenvolvemento destes no ano 2003”**

As Bases da Convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de 8 e 30 de marzo de 2002 rematando os citados procesos por acordos da Comisión de Goberno de 14 de febreiro e 25 de abril de 2003<sup>(16)</sup>, non sendo axustado ós feitos, afirmar que *“se iniciou o seu desenvolvemento no 2003”*.

(16) Ver Anexo I. Xustificación 14



## 4.- PERSOAL Ó SERVIZO DA ENTIDADE LOCAL

### 4.2. Persoal funcionario. Retribucións.

“Coa finalidade de verificar o cumprimento dos principios constitucionais no acceso á función pública local, examináronse os expedientes personais relativos a unha mostraxe de 12 funcionarios que figuran en nómina a 31 de decembro de 2000 e 2001. Como consecuencia da análise efectuada e segundo se desprende da documentación obrante nos expedientes obxecto da mostraxe, a selección dos funcionarios interinos efectuouse, con carácter xeral, mediante concurso. En tres dos supostos analizados mantéñense no mesmo posto como interinos aqueles traballadores que o viñan ocupando mediante contrato administrativo de colaboración temporal”

Non podemos menos que sorprendernos ó comprobar que os reparos que se realizan neste apartado fan referencia a expedientes de selección finalizados nos anos 1986 (3), 1985 (1), 1983 (1), 1982 (1), 1977 (1), 1975 (1), 1974 (1), 1973 (1). É dicir: aínda que os *“obxectivos e alcance da fiscalización”* acordada polo Pleno do Consello de Contas en sesión de 16 de decembro de 2002 circunscríbese a *“área de gastos de persoal correspondentes os exercicios 2000 e 2001”* (Anteproxecto do Informe de fiscalización, punto 1, páxina 1), acúdense a expedientes finalizados 25 ou 30 anos antes. Non somos quen para poñer limitación de ningún tipo as actuacións do Órgano Fiscalizador, mais ben todo o contrario. Pero non acabamos de entender que sentido pode ter esta incursión retrospectiva a datas en que a configuración normativa e mesmo a composición dos Órganos de decisión respondía en varios casos a etapa preconstitucional ou, nos demais, a anos en que a normativa de acceso a función pública difería grandemente da regulación post-constitucional. A título de exemplo pode citarse normas tan *“significativas”* coma o Decreto 1.409/77, de 2 de xuño de integración do persoal interino, temporero, eventual ou contratado da Administración Local, que permitiu acceder, mediante probas restrinxidas (proscritas despois da Constitución de 1978) á condición de funcionario de carreira os que *“as viñeran ocupando con carácter distinto ó de propiedade”* ( Art. 1 Decreto 1409/77) o que no caso da Deputación de Lugo, concretouse no acceso dun delinante (figura entre os fiscalizados) ou dun economista no Servizo de Promoción Industrial dependente da mesma, por citar outro exemplo que non figura entre os fiscalizados. Sen entrar na análise dos expedientes de referencia debemos recordar que a fiscalización, segundo o acordo do Pleno do Consello circunscríbese ó período 2000/2001, aínda que o *“período temporal esténdese a aqueles exercicios ( anteriores e posteriores) que se consideraron necesarios para a consecución dos obxectivos previstos”* que en este punto consistirían en *“Analizar a correcta tramitación da oferta de emprego público e o cumprimento dos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade nos procedementos selectivos realizados no Concello (Deputación neste caso)”*

Pois ben; recordando que a Constitución Española - que consagra estes principios- aprobouse no ano 1978, que a Lei 30/84, de MRFP, de 2 de agosto é a norma que crea a figura da Oferta de Emprego, malamente se lles pode esixir os procedementos tramitados entre o 1973 e 1984 ( 8 dos sinalados) que sigan os criterios de normas *“ non natas ”* sobre todo cando a normativa



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

en vigor naquelas datas “era a que era” e de cuxo cumprimento por esta Entidade non temos porque dubitar.

Por esa razón entendemos que no informe definitivo **debería suprimirse o parágrafo que comentamos**, xa que nada aporta ós obxectivos da fiscalización e si confunde sobre o proceder desta Entidade.

### **Retribucións.**

“O complemento de produtividade non se axusta á configuración legal”.

A percepción do complemento de produtividade realizouse durante o período fiscalizado en base a tres fórmulas distintas que probablemente necesiten revisarse e reorientarse hacia a “*productividade por consecución de obxectivos*” fundamentalmente, e hacia unha mellor xustificación e a unha máis ampla motivación da que chamamos “*productividade especial*” que responde á actividade extraordinaria que determinados traballadores realizan no seu posto de traballo.

“As modificacións efectuadas con carácter parcial nas retribucións complementarias correspondentes a algúns postos de traballo non responden a unha valoración obxectiva...”

Debe matizarse no sentido de que se ben non se realiza unha valoración “ex novo” de cada posto sese aplican **critérios de analogía** con outros postos.

En calquera caso que o nivel de complemento de destino de cada posto e as contías do complemento específico son de coñecemento público anual a través da publicación no BOP (ver Anexos II y III) da RPT ( como o órgano fiscalizador reconece, páxina 10 do informe) sen que nin nos anos fiscalizados nin nos anteriores se producira reclamación algunha. Recórdase que a RPT na que se establecen as retribucións complementarias négociase na Mesa Xeral constituída anualmente coa presenza, no caso dos anos fiscalizados, das representacións de CC.OO, CIG, CSI-CSIF e UGT, e aprobándose por unanimidade.

Debe engadirse finalmente que esta Entidade está a punto de aprobar a Descrición e Valoración de postos de traballo que permitirá contar cun instrumento máis obxectivo de valoración de postos de traballo.

“(...

Analizado o listado de nóminas do persoal ó servizo do INLUDES, observouse o seguinte:

“(...

Ó longo dos exercicios 2000 e 2001 verificouse a percepción mensual por parte de 9 funcionarios da Deputación dunha cantidade fixa, en concepto de produtividade especial, con cargo ó orzamento do INLUDES. Analizada a documentación complementaria requirida ó OO.AA. para os efectos de verificar o soporte documental das referidas retribucións púxose de manifesto o seguinte:..”

“(...

O cobro destas percepcións podería contravir o disposto no artigo 1.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, que preceptúa a imposibilidade de percibir máis dunha remuneración con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas. ..”



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

1º.- A Lei 53/1984, art. 1.2, ten na Administración Local múltiples excepcións:

- a) Os Funcionarios de Habilitación Nacional, nas acumulacións de praza.
- b) Os funcionarios Técnicos e de Administración Xeral nos supostos de agrupacións voluntarias (art. 165 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia).
- c) Agrupacións voluntarias para sostemento de Funcionario de Habilitación Nacional.
- d) Agrupacións forzosas do art. 168 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

En calquera dos apartados poden incluírse os funcionarios citados, máxime cando nalgúns casos se sinala como obrigatorio o desempeño da función.

2º.- O propio Consello na súa fiscalización do exercicio 1996: "*Revisión limitada da Deputación Provincial de Lugo. Vol. 2º*", di que "*e por conceptos que non se axustan ó disposto no R.D. 861/86*". Pero non fai referencia ningunha á legalidade da percepción nin a un posible choque coa Lei de Incompatibilidades e polo tanto non se fai recomendación ningunha, ó noso xuízo cunha finura xurídica exquisita.

Como consecuencia disto, e para os efectos de adecuar as ditas percepcións á legalidade suxerida polo Consello de Contas, prescindíuse da posibilidade de encontrar acomodo na Lei de Réxime Local de Galicia para uns e outros funcionarios, e resolveuse aplicar o sistema de incentivos á produtividade, con carácter xeral.

3º.- As obxeccións realizadas polo Consello de Contas na actual fiscalización cremos que non teñen fundamento ningún, e consideramos máis adecuadas e conformes ó ordenamento xurídico as obxeccións de 1996, existindo unha certa contradicción nas dúas fiscalizacións, se non se teñen as ideas claras, pode inducir a confusión.

O Inludes é un organismo autónomo local, forma de xestión **directa** de servizos públicos que prescribe o art. 85 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, substituíndo o nome, aínda que non o concepto, das fundacións do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Desde a obra xa clásica de Garrido Falla (Administración Indirecta y Descentralización Funcional. R.A.P. nº 30), pasando por F. Albi, ata chegar a Sosa Wagner, estes entes constitúen uns entes de descentralización técnica, cuxo obxectivo é unha maior e máis rápida xestión dos servizos encomendados. Como consecuencia da súa descentralización técnica xorden, do organismo autónomo local dous tipos de relacións:

-As externas, en que o Ente funciona con personalidade xurídica distinta da do ente local que o crea e



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

-As internas, en que o Ente aparece como un "órgano" do ente local que o crea.

Por isto, e polas súas relacións internas, non son entes "distintos", senón é un ente só, con dous niveis orgánicos. Así o mantivo sempre a xurisprudencia do Tribunal Supremo e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e concretamente nas sentenzas de 16 de xuño de 1992, referentes a esta Deputación Provincial, confirmadas nese aspecto polas do Tribunal Supremo:

- S.T.S. de 13 de outubro de 1993.- Pte: Bruguera Manté.
- S.T.S. de 30 de marzo de 1994.- Pte: Martí García.
- S.T.S. de 29 de xuño de 1994.- Pte: Baena do Alcázar.
- S.T.S. de 17 de outubro de 1995.- Pte: García Estartús.
- S.T.S. de 17 de outubro de 1995.- Pte: García Estartús.
- S.T.S. de 20 de outubro de 1995.- Pte: García Estartús.
- S.T.S. de 27 de outubro de 1995.- Pte: Rodríguez Zapata.
- S.T.S. de 31 de outubro de 1995.- Pte: García Estartús.
- S.T.S. de 14 de febreiro de 1996.- Pte: Baena do Alcázar.
- S.T.S. de 9 de decembro de 1998.- Pte: Martí García.
- S.T.S. de 14 de xullo de 1999.- Pte: Carrión Moyano.

É como consecuencia disto, e non ser máis que unha personalidade xurídica técnica, sen unha base de intereses que xustifique a personalidade, no Regulamento de Servizos prodúcese a sucesión universal do ente pola Deputación Provincial en caso de disolución (obrigas e persoal), sistema criticado por Albi, e que esta Deputación Provincial adopta no art. 20 do Estatuto do Inludes<sup>(17)</sup>: *"No caso de disolución do Organismo, liquidaranse e aboaranse tódalas súas obrigacións, verificado o cal a Excma. Deputación sucederalle universalmente, integrando a totalidade do Cadro de Persoal da Excma. Deputación Provincial"*

**En definitiva cremos que as percepcións respectan escrupulosamente a legalidade vixente, posto que, desde unha perspectiva interna (Diputación-INLUDES) non se trata de dúas administracións senón da mesma.**

*"Como resultado da confrontación efectuada entre os modelos fiscais 190 e a información que se desprendía das nóminas facilitadas, verificouse que dous dos perceptores mencionados, no exercicio 2000, e catro, no 2001, percibiron cantidades superiores ás que figuraban en nómina, descoñecéndose a natureza destas diferenzas."*

As diferenzas detectadas polo órgano fiscalizador ó comparar os modelos fiscais 190 e a información desprendida das nóminas do INLUDES para os exercicios 2000 e 2001 débense á existencia de pagos realizados a integrantes de tribunais de oposicións, segundo o seguinte detalle:

(17) Ver Anexo I. Xustificación 15

**EXERCICIO 2000:****33.773.602B**

Nº P	Concepto	Importe
00/875	Asistencia tribunal cualificador	6.619
00/1263	Asistencia tribunal cualificador	5.091
00/1759	Asistencia tribunal cualificador	142.545
00/2050	Asistencia tribunal cualificador	5.600
	Nóminas 2000	930.096
<b>TOTAL PAGOS REALIZADOS</b>		<b>1.089.951</b>
<b>IMPORTE DO MODELO 190</b>		<b>1.089.951</b>

**10.146.249Y**

Nº P	Concepto	Importe
00/872	Asistencia tribunal cualificador	7.127
00/1261	Asistencia tribunal cualificador	5.600
00/1758	Asistencia tribunal cualificador	155.275
00/2049	Asistencia tribunal cualificador	6.109
	Nóminas 2000	2.130.096
<b>TOTAL PAGOS REALIZADOS</b>		<b>2.304.207</b>
<b>IMPORTE DO MODELO 190</b>		<b>2.304.207</b>

**EXERCICIO 2001:****37.563.657-B**

Nº P	Concepto	Importe
01/1015	Asistencia tribunal cualificador	26.476
	Nóminas 2001	930.096
<b>TOTAL PAGOS REALIZADOS</b>		<b>956.572</b>
<b>IMPORTE DO MODELO 190</b>		<b>956.572</b>

**33.823.285-Z**

Nº P	Concepto	Importe
01/68	Asistencia tribunal cualificador	6.109
	Nóminas 2001	360.000
<b>TOTAL PAGOS REALIZADOS</b>		<b>366.109</b>
<b>IMPORTE DO MODELO 190</b>		<b>366.109</b>

**33.773.602B**

Nº P	Concepto	Importe
01/631	Asistencia tribunal cualificador	6.619
01/636	Asistencia tribunal cualificador	6.109
01/642	Asistencia tribunal cualificador	5.600
01/647	Asistencia tribunal cualificador	7.127
01/967	Asistencia tribunal cualificador	5.600
01/1017	Asistencia tribunal cualificador	24.436
01/1224	Asistencia tribunal cualificador	6.109
01/1675	Asistencia tribunal cualificador	7.127
01/1934	Asistencia tribunal cualificador	13.238
02/414	Asistencia tribunal cualificador	14.254
	Nóminas 2001	930.096
<b>TOTAL PAGOS REALIZADOS</b>		<b>1.026.315</b>
<b>IMPORTE DO MODELO 190</b>		<b>1.026.315</b>



## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## 10.146.249-E

Nº P	Concepto	Importe
01/67	Asistencia tribunal cualificador	6.619
01/630	Asistencia tribunal cualificador	7.127
01/635	Asistencia tribunal cualificador	6.619
01/641	Asistencia tribunal cualificador	6.109
01/646	Asistencia tribunal cualificador	7.636
01/966	Asistencia tribunal cualificador	6.109
01/1016	Asistencia tribunal cualificador	24.436
01/1216	Asistencia tribunal cualificador	6.109
01/1223	Asistencia tribunal cualificador	6.619
01/1674	Asistencia tribunal cualificador	7.636
01/1933	Asistencia tribunal cualificador	14.254
02/413	Asistencia tribunal cualificador	15.272
	Nóminas 2001	2.130.096
<b>TOTAL PAGOS REALIZADOS</b>		<b>2.244.641</b>
<b>IMPORTE DO MODELO 190</b>		<b>2.244.641</b>

“Plan de Pensións e respecto ós límites retributivos establecidos polas Leis do OXE”

## Plan de Pensións.

En relación as aportacións ó Plan de Pensións, debe terse en conta que estas aportacións non se inician no ano 2000 nin no 2001, nin se acollen a elas tódolos traballadores da Entidade, polo que aínda que a aportación individual supere o 2%, non ten por que significar no incremento da masa salarial global do ano 1999, para o 2000 e do 2000 para o 2001 máis da porcentaxe máxima establecida pola LOXE.

Segundo os datos que constan, o incremento real do ano 1999 ó 2000 supuxo 18.326 Pts. que e inferior o 2% da masa salarial que permitiría un incremento de ata 22.569 Pts.

Por outra parte, pode dicirse que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2004, acolle a posibilidade de facer aportacións e Plans de Pensións sobrepasando o incremento retributivo máximo establecido na mesma.

Para máis abastanza sinalaremos que o alegado ó reparo seguinte ( en relación o IPC) pode aplicarse nas súas conclusións a este apartado.

“Incrementos consolidables dos complementos de produtividade para compensar a perda de poder adquisitivo dos anos 2000 e 2001”

Non imos sinalar outra vez aquí o alegado no apartado 2 (Aspectos Xerais) subapartado referido ós reparos “ O Convenio Colectivo” é “Acordo Marco”, no que se fixo referencia a que cláusula de compensación por desvío no IPC estaba incluída en Acordos estatais, autonómicos, municipais, etc.. Sí nos imos ó vixente **Acordo Administración – Sindicatos para o período 1995-1997** sobre condicións de traballo na Función Pública (BOE 225, de 25 de setembro de 1994) aprobado por esta Entidade e publicado no BOP 135, de 14 de xuño de 1995, establecía:





EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

**"3 Para cada exercicio se preverá a constitución dun fondo para o mantemento do poder adquisitivo coas características previstas no capítulo III deste acordo e co coñecemento da evolución do PIB e do déficit orzamentario de cada ano"**

No Título I, Capítulo I, apartado IV do citado acordo fíxase o ámbito de vixencia temporal do mesmo da seguinte forma:

*"... IV.- O presente acordo ten unha duración de 3 anos, dende 1995 a 1997, prorrogándose por anualidades a partir do 1997, salvo denuncia por cada parte con dos meses de antelación, se non hubiese alteración sustancial no relativo ós obxectivos deste Acordo o non poidera desenvolverse na súa totalidade os formulamentos dos mesmos(...)"*

En base ó sinalado, **estando vixente o Acordo habilitante** tal como queda reflectido, na acta de negociación do Plan de Emprego para o ano 2000<sup>(18)</sup> entre a representación da Xunta de Persoal e o Comité de Empresa por unha parte e a Presidencia da Deputación, de 3 de febreiro do ano 2000, acórdase:

*"(...)Polos representantes dos traballadores (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) plantease a necesidade de crear un fondo, nos orzamentos no ano 2000, ó obxecto de paliar a perda do poder adquisitivo no exercicio 99.*

*Tras distintas intervencións dos presentes se acorda:*

*-Incrementar a produtividade fixa nas contías seguintes:*

- Grupos A, B e C: 2000 pts/mes
- Grupos D e E: 3000 pts/mes

Os ditos incrementos efectuaranse dende o día 1 de xaneiro de 2000, consolidándose no exercicio orzamentario do ano 2001.

- *Comprométese, os representantes dos traballadores, a non demandar incremento retributivo por concepto da perda do poder adquisitivo, salvo desaxustes extremos nas negociacións do ano 2001.*

En relación a este tema na Sesión Ordinaria do Pleno Provincial de 28 de febreiro de 2000<sup>(19)</sup>, na que se aproba o Plan de Emprego para ese ano e o acordo retributivo para o mesmo, intervén o Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

*"...Polo que respecta ás retribucións e ó mantemento do poder adquisitivo, é certo que se incrementa un 2%, pero este Grupo tendo en conta a variación do I.P.C. con unha taxa interanual, novembro de 1998, novembro de 1999, que se sitúa no 2,7%, e que non se recolle nestos acordos retributivos para o ano 99 (dícese 99 por error, corresponde o ano 2000), na que tampouco se preve ningunha cláusula de revisión salarial automática en función de I.P.C., é máis, parecenos moi grave que se lles pida os traballadores, no Tomo I de un dos acordos, e que figura na acta de negociación do Plan de Emprego, e cito textualmente: " O Presidente lles pide que se comprometan a non demandar incrementos retributivos por concepto da perda de poder adquisitivo"; creo que eso é algo que no se lle pode pedir a ningún traballador, calquer traballador, no momento que exista algunha disfunción entre o IPC e o que cobre, ten obrigación de reivindicar que se lle actualice a súa retribución.*

(18) Ver Anexo II

(19) Ver Anexo I. Xustificación 16



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

*Este Grupo, facendo cálculos, aunque aquí se prevé un fondo de compensación pola pérdida de poder adquisitivo de tres mil pesetas para uns Grupos e dos mil para outros, entendemos que deberíase de partir como mínimo entre unha cantidade de cuatro ou cinco mil pesetas para uns grupos e cinco o seis mil pesetas para outros, para evitar discrecionalidad reiteramos que é necesario e urxente que nesta Deputación, para que **serva tamén de exemplo o resto dos Concellos, implántese esa cláusula de revisión salarial automática que garante o poder adquisitivo dos soldos deste ano pola diferenza de entre 2% e o incremento real do I.P.C. deste ano, e nos próximos, si esto volve a ocorrer.***

*(...)*

*nosoutros creemos na profesionalidade dos funcionarios que deben de poder manter o poder adquisitivo, independentemente do Goberno de turno o do Presidente de turno, e que ese mantemento do poder adquisitivo debe de ser un dereito e non un regalo que dependa do humor que teñamos, incluso nosoutros (ou) os Sindicatos, a hora da negociación, por eso coa cláusula de revisión salarial automática **estos problema acabaronse. E si esto o fan, o ano que ven a contar co voto positivo e o apoio do Grupo Socialista***

No ano 2001, na acta de negociación do Plan de Emprego para o 2001<sup>(20)</sup> entre a Presidencia e a representación da Xunta de Persoal e Comité de Empresa, de 5 de febreiro do ano 2001, acórdase:

“ Que con efectos do 1 de xaneiro do 2001 se incrementa a produtividade fixa en 3000 pts/mes ós grupos D e E e en 1500 pts/mes ós grupos A, B e C co obxecto de compensar a perda de poder adquisitivo como consecuencia da desviación do IPC”

Nese mesmo sentido na Sesión Ordinaria do Pleno Provincial, de 26 de marzo de 2001<sup>(21)</sup>, sobre o mesmo punto, interven o Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

*“... solicita unha vez máis que estas retribucións se axusten a realidade e se aprobe unha cláusula de revisión salarial que adapte automáticamente os salarios a inflación real, de modo que impida a perda do poder adquisitivo al final de cada exercicio orzamentario.*

*En consonancia con isto, e para evitar esta perda de poder adquisitivo, que aumente o complemento de produtividade fixo para compensar esta perda dos últimos anos, que nestos dous anos 1999-2000 ronda os tres puntos debido as previsións erróneas do Goberno (...)*

*(...) Creemos que a asunción de esta propostas evitaría que non sean os empregados públicos quen es de forma sistemática soporten unha perda constante do poder adquisitivo do seus salarios(...)”*

A proposta de aprobación das retribucións, punto ó que pertence o extracto de intervención do voceiro socialista, é aprobada por unanimidade.

No ano 2002, Sesión Ordinaria do Pleno Provincial, de 29 de abril<sup>(22)</sup> establécese un incremento retributivo do 2%, o Voceiro del Grupo Municipal Socialista intervéñ para dicir:

*“... Simplemente para recordar unha vez máis a postura deste Grupo de dicir que se incluan nas retribucións do persoal funcionario e laboral da Excma. Deputación, a cláusula de revisión salarial automática de forma que os salarios que perciben os funcionarios desta Institución automáticamente sea equivalente o igual a fase de inflación real; e dicir que a diferenza entre a inflación real e a subida sea a mesma, porque os funcionarios son o único colectivo que nestes momentos está perdendo poder adquisitivo desde a chegada do Partido Popular ó poder. E ó mesmo tempo que o complemento de produtividade que se está dando por Decreto da Presidencia, e non vou a entrar en si son bos ou malos, pero sería bo que eses complementos de produtividade se fixeran co fin tamén de compensar a perda que se esta xerando esto funcionarios e que se fixera por acordo da Mesa Sindical e da Xunta de Persoal desta Institución”*

(20) Ver Anexo I I I

(21) Ver Anexo I. Xustificación 17

(22) Ver Anexo I. Xustificación 18



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Finalmente a proposta de aprobación das retribución, punto ó que pertence as manifestación do Deputado Socialista, é aprobada por unanimidade.

Para o ano 2003 apróbase o Acordo Administración-Sindicatos para o período 2003/2004 (Resolución de 15 de novembro de 2002 da Secretaría de Estado para a Administración Pública. Publicación Acordo Consello de Ministros de 15.11.2002 no B.O.E. nº 276, de 18.11.2002) que sinala:

*"Capítulo XVIII. Incremento xeral de retribucións.*

**O incremento xeral para o conxunto de retribucións dos empregados públicos para o ano 2003, será de un 2% con respecto as do ano 2002. Para o ano 2004 o incremento xeral de retribucións a incluír no anteproxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado será igual á previsión orzamentaria de inflación para o dito exercicio"**

*" Capítulo XIX. Medidas de ordenación retributiva, modernización e mellora de calidade.*

*Para o cumprimento dos obxectivos de modernización e mellora da Administración contidos neste Acordo, articúlense as seguintes medidas:*

a) Incentivos á mellora da produtividade e o rendimento.

Durante a vixencia do Acordo destínanse 29,57 millóns de Euros a medidas retributivas de carácter singular que teñan como obxectivo a mellora dos servizos públicos, de acordo co Anexo. (...)

c) Plan de pensións.

*A Administración Xeral do Estado levará a cabo durante o ano 2003 as análises e estudos técnicos necesarios para a configuración e aplicación dun plan de pensións durante o período de vixencia deste Acordo.*

*A Administración Xeral do Estado destinará como aportación ó plan de pensións, en concepto de salario diferido, para o persoal incluíndo dentro da Mesa Xeral de Negociación 24,65 millóns de euros.*

d) Modificación das pagas extraordinarias.(debe afectar a tódalas administracións).

As pagas extraordinarias dos funcionarios en servizo activo ós que resulte de aplicación o réxime retributivo da Lei 30/1984, de 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública, terán un importe, cada unha delas, equivalente a unha mensualidade de soldo e trienios, máis un 20% do complemento de destino mensual, no ano 2003 e 40% do mesmo, no ano 2004. (...)

*As partes asinantes conveñen que o disposto no Capítulo XVIII e no apartado d) do presente capítulo debe afectar a tódalas Administracións Públicas (...)"*

En cumprimento do citado acordo a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2003 (Lei 52/2002, de 30 de decembro) establece:

-Un incremento retributivo máximo do 2% .

-Introduce por primeira vez, con independencia do incremento citado, un incremento na contía das pagas extras equivalente ó 20% do complemento de destino mensual que perciba o funcionario.



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2004 ( Lei 61/2003 de 30 de decembro) establece tamén:

- Un incremento retributivo máximo do 2%.
- Incrementa a porcentaxe do complemento de destino aplicable as pagas extraordinarias a un 40%, tamén por riba do 2% antes sinalado.
- Permite que se aplique un 0,5% da masa salarial en aportacións a Plans de Pensións.

A interpretación que deste acordo realiza UGT ( Documento: "Análisis Técnico-jurídico dos Acordos)"<sup>(23)</sup> e a seguinte:

*"Retribucións*

- ***Se rompe a tendencia desde 1994 da perda do poder adquisitivo, con incremento superior o 2% do IPC previsto.***
- ***Se consegue modificar un concepto retributivo básico, como é o da Paga Extraordinaria, cun dobre efecto positivo, o ser un concepto retributivo componente das retribucións básicas, é de aplicación a tódolos funcionarios de tódalas Administracións Públicas, o que obriga a cambiar a lei 30/1984, nun dos seus preceptos básicos; por outra parte inicia un camiño na nosa opinión imparabile, o incluír nas pagas extras o complemento de destino íntegro.***

***Año 2003:***

- ***2% de subida salarial + 1,2% (0,71 pagas extras e é consolidable e é 0,59 empregárase en fondos adicionais.***

***Año 2004:***

- ***2% de subida salarial + 1,2% (0,71 pagas extras e é consolidable e é 0,49 se empregará en fondos de pensións)".***

Como estamos vendo o acordo que comentamos foise cumprindo a través da inclusión nas leis de orzamentos ( e nas que regulan o réximen funcional, noutros aspectos) dos compromisos que aquel supón, sinaladamente cando teñen repercusión de carácter económico.

No acordo que comentamos prevése que se constituirá un **fondo adicional** dotado de 29, 57 millóns de euros que se destinara para medidas retributivas de carácter xeral que teñan como obxecto mellorar os servizos públicos, e que supón, no ano 2003, un **0,59%** da masa salarial.

**A diferenza das anteriores esta medida non aparece reflectida na Lei de Orzamentos do Estado como norma básica aplicable a tódalas administracións nin do 2003 nin do 2004, polo que cabe pensar que ou non se aplicou ou se se aplicou foi sobrepasando a masa salarial prevista para eses anos.**

(23) Ver Anexo I. Xustificación 19



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia o Acordo da Mesa Sectorial de Funcionarios<sup>(24)</sup> sobre o reparto do fondo para a modernización da administración previsto na Lei de orzamentos do ano 2003 establece:

*"Na disposición adicional décima da Lei 6/2002, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, establécese, " que se destinará un fondo á mellora da modernización dos servizos públicos, en ámbitos e sectores específicos da Administración autonómica"*

*En aplicación do disposto nos orzamentos do ano 2003 da Xunta de Galicia acórdase o seguinte:*

**MEDIDAS RETRIBUTIVAS PARA O ANO 2003**

*O fondo adicional de 1.599.431 euros corresponde a Mesa Sectorial de Funcionarios polo concepto anteriormente sinalado, aplicarase na súa totalidade con efectos do 1 de xaneiro do 2003 ó complemento específico do persoal funcionario da Xunta de Galicia cun incremento lineal anual de 134 euros consolidable en exercicios posteriores."*

Este fondo repartido linealmente e consolidable no complemento específico, entendemos que supera o 2% de incremento retributivo previsto en norma de carácter básico nas leis orzamentarias dos anos 2003 e 2004.

**Todo o sinalado pon en evidencia que por máis que as leis orzamentarias anuais fixen uns límites taxativos ós incrementos retributivos do persoal ó servizo das Administracións públicas, disto moito de ser un tema pechado que as retribucións anuais dos servidores públicos non poidan acomodarse ó incremento real do IPC interanual.**

Se os servidores públicos son esencialmente traballadores por conta allea; se o dereito a negociación colectiva está recoñecido a estes traballadores e como consecuencia dese dereito se firman pactos e acordos, incluso co goberno de Estado, nos que se establece que estas retribucións deben igualarse ó incremento anual do IPC, acordos que non son impugnados, haberá que concluír que conviría buscar unha solución normativa que dese satisfacción as partes máis que evidenciar os posibles incumprimentos ( que, como vemos afectan a distintas Entidades e ámbitos) aínda que, evidentemente, esa solución non está nas mans das Entidades Locais nin do órgano fiscalizador.

**4.3. Persoal laboral.**

*"Seleccionouse unha mostraxe integrada por 9 expedientes de persoal laboral fixo e temporal que está en nómina a 31 de decembro de 2000 e 2001 analizándose o acceso á función pública e as retribucións percibidas por estes. Tras a análise da documentación obrante nos expedientes expóñense as incidencias máis relevantes:*

*- En todos os expedientes obxecto de mostraxe verificouse que os traballadores con anterioridade á condición de persoal laboral fixo, mantiveron vínculo laboral previo coa Deputación Provincial a través de diversas modalidades de contratación de carácter temporal."*

(24) Ver Anexo I. Xustificación 15



Aínda que non sabemos se a mostraxe seleccionada ("9 expedientes de persoal laboral fixo e temporal que están na nómina a 31 de decembro de 2000 e 2001") corresponde ó persoal incluído na oferta de emprego ou outro distinto (o que supón unha gran dificultade para rebater os reparos do órgano fiscalizador) interesa sinalar que o feito **de que o persoal laboral tivese servizos previos á Deputación no acceso ó Cadro de persoal laboral, non significa necesariamente que o citado persoal accedera gracias á puntuación deses servizos previos.**

O Cadro seguinte reflete a relevancia dos servizos previos en relación ós resultados finais na convocatoria de acceso ás prazas do Cadro de Persoal laboral correspondente á Oferta de Emprego de 2001<sup>(25)</sup>.

PRAZAS CONVOCADAS O.E 2001	Nº DE PRAZAS	OBTERÍAN A PRAZA SEN SUMAR A FASE DE CONCURSO	%	OBTIVERON A PRAZA SUMANDO A FASE DE CONCURSO	%
COIDADOR	2	-	-	2	100%
GARDABOSQUE	1	1	100%	-	-
OBREIRO	4	4	100%	-	-
ENCARGADO/A PAZO DE TOR	1	1	100%	-	-
ATS	3	2	66,67%	1	33,33%
AUXILIAR DE ENFERMERÍA	1	1	100%	-	-
CELADOR	1	1	100%	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>13</b>	<b>10</b>	<b>76%</b>	<b>3</b>	<b>24%</b>

Da análise deste dedúcese que o **76% dos seleccionados obtiveron as máis altas puntuacións na fase de oposición**, de tal xeito que a **puntuación do concurso resultou ser irrelevante para o acceso.**

"Agás un, o acceso ó servizo da Deputación Provincial efectuouse mediante Decreto da Presidencia sen que conste a realización de ningún proceso selectivo"

Estase a facer referencia á selección de persoal laboral temporal. Nese sentido debe dicirse, de acordo co artigo 249 de Lei 5/ 1997 de 22 de xullo da A.L.G., que en relación á selección de persoal laboral (todo, non só temporal) sinala:

"Agás os casos de urxencia, o procedemento de convocatoria será o concurso".

(25) Ver Anexo I. Xustificación 20



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

É dicir; **admitese a contratación por Decreto, en caso de urxencia**. Non obstante, a partir do Plan de Emprego para o ano 1998, no que se establecen os criterios de selección de persoal temporal, acordados coa Xunta de persoal e o Comité de Empresa, a selección realizouse sempre mediante convocatoria pública ou polo sistema de concurso-oposición, como puido comprobar o órgano fiscalizador, e ó que fai referencia no apartado 6.1 do seu informe (Procedementos de selección temporal. Exercicios 2000/2001)

“Analizada a documentación remitida polo INLUDES verificouse que a selección do persoal temporal....A publicación dos procesos de selección realizase no taboleiro de anuncios da Corporación”.

Críticase en particular, que nos procesos de selección “a publicación realizase no taboleiro de edictos da Corporación”.

Debe sinalarse que é así nos procedementos de selección de persoal temporal, xa que nos de selección de persoal laboral do Cadro de Persoal Laboral fixo publícanse no BOE e no BOP.

Facendo a publicación do anuncio de convocatoria no taboleiro de edictos da Corporación ou INLUDES segue o **mesmo criterio que o establecido para a selección de funcionarios interinos da Administración do Estado**, segundo a recente orde 1461/2002 de 6 de xuño (B.O.E. nº 143, de 15.06.2002) que non prevé, en ningún caso a publicación en ningún Diario Oficial (ver art. 6º da mesma). En calquera caso esta entidade está en disposición de mellorar a publicidade en relación á selección de persoal laboral temporal.

“ Técnico superior” (persoal laboral)

A referencia a un Técnico Superior que despois de prestar servizos como persoal eventual, contratado laboral temporal, accede ó Cadro de persoal mediante convocatoria pública tramitada no ano 1995, **non está dentro do período que se está a fiscalizar (2000/2001) e debería suprimirse por non corresponder ó mesmo, nin achegar información significativa en relación o cumprimento dos obxectivos da fiscalización.**

Sen entrar a rebater todos os reparos efectuados debe dicirse que, no período de fiscalización, como o mesmo órgano fiscalizador ten constatado (Ver apartado 6-1), os procedementos de selección de persoal temporal, funcionario e laboral, réxense polos criterios establecidos no Plan de Emprego para o ano 1998, que contemplan unha convocatoria pública e un sistema de concurso-oposición.

A selección de persoal laboral do Cadro de persoal laboral fixo realizouse **sempre** mediante inclusión na Oferta de Emprego e mediante convocatoria pública (BOE, BOP). Aínda que no ano 1995 o sistema de selección foi o concurso, no período que se fiscaliza séguese o sistema de concurso-oposición. Entre os méritos a valorar non se tivo en conta os servizos como persoal eventual polo que podemos afirmar que o procedemento de selección foi conforme a dereito.



#### 4.4.- Anticipos, gratificacións e indemnizacións

**“Anticipos.** (...) A regulación da Deputación sobre anticipos reintegrables contravén o disposto no Real Decreto Lei 2608/1929, do 16 de decembro, en canto ó importe que pode ser concedido (ata 4 mensualidades) así como o período máximo de devolución dos anticipos (de 10 a 40 meses en función do número de mensualidades concedidas).”

A norma de 1929 que se alega, **cremos que está derogada**, aínda que non expresamente, ó igual que o está a Constitución de 1931. Entendemos que este tipo de cuestións, ante a falta por parte do lexislador constitucional dunha norma expresa, e como cuestión social que é, está baixo o marco e a disposición da negociación colectiva.

Neste sentido, o Convenio Colectivo do persoal laboral, e o Acordo Marco para o persoal funcionario, aprobados e non recorridos, configuran un conxunto de normas que entendemos que nos seus termos actuais se axustan á legalidade.

O carácter de Lei que parece ter a norma invocada, faría necesaria outra norma legal do mesmo rango, cuestión que pola entidade do tema que nos ocupa, parece excesiva.

A concorrencia da existencia dunha finalidade social correspóndelle apreciala á “Comisión Mixta”, tal e como ocorre en cada caso, e así o art. 5º do Anexo do convenio Colectivo e do Acordo Marco di:

*“Queda reservada á Comisión Mixta a interpretación das Cláusulas establecidas no presente Anexo, así como a apreciación doutras necesidades que, sen estar previstas nos artigos anteriores, merezan a consideración de carácter social, e polo tanto a concesión deste tipo de anticipos.”*

*“Comprobouse na mostraxe analizada que se concederon anticipos para finalidades non amparadas pola regulación aplicable. Así, en dous dos expedientes analizados non se concreta a finalidade para... e noutros dous non concorren.”*

*(...)*

*“Verificouse a concesión dun anticipo por importe superior o gasto para o que foi solicitado”*

A falta de detalle de determinadas presuntas anomalías, cáusanos unha certa indefensión co obxecto de informar acerca da cuestión, pois descoñecemos os expedientes ou documentos concretos ós que se alude.

*“Gratificacións –(...) Impútanse ó orzamento do exercicio 2001 gratificacións por servizos extraordinarios realizados no ano anterior, sin que se tramite o oportuno expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos”*

Na interpretación que se realiza nesta Deputación, as “gratificacións” considéranse dentro do ámbito que contempla o art. 157-2-a da Lei 39/88, ó entender que merecen o concepto de “atrasos a favor do persoal”.

Na práctica, entendemos que merecen tal consideración de “atrasos” outras retribucións tales como as “axudas de custo e locomoción” do persoal, as “asistencias” a tribunais e os “gastos sociais”, pois todos eles son conceptos





EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

económicos que cobra o persoal como contrapartida ben de gastos previos, ben de servizos prestados. Outra interpretación podería ser posible, pero ante a falta de distinción ou maior detalle na norma, parece razoable a nosa valoración.

**“Indemnizacións por razón de servizo. (...) incumprimento do prazo de xustificación dun mandamento de pago a xustificar...”**

En relación ó incumprimento do prazo de xustificación por axudas de custo do viaxe a Polonia, mandamento expedido o 17 de agosto pola Intervención, con data 11 de decembro enviáuselles o seguinte requirimento.

*“Estando próximo a finalizar o exercicio económico de 2001 sen que se xustificase a Orde de Pago “a xustificar” número P-9.396, por importe de 760.000 ptas., concepto: “Locomoción e despr. viaxe Polonia de varios, comunícolle que transcorrido este, procederase sen máis trámite a dar conta dos feitos ó Ilmo. Sr. Presidente, para os efectos do artigo 146 da Lei Xeral Orzamentaria, que di:*

*Tan pronto como transcorreran os prazos sinalados no artigo 79 da presente Lei sen ter sido xustificadas as Ordes de Pago a que este se refire, os Xefes dos orzamentos responsables e os ordenadores de pagos, respectivamente, instruirán as dilixencias previas e adoptarán, con igual carácter, as medidas necesarias para asegurar os dereitos da Facenda Pública, dando inmediato cumprimento ó Tribunal de Contas ou ó Ministro de Economía e Facenda, en cada caso, para que procedan segundo as súas competencias e conforme ós procedementos establecidos”.*

A remisión ó Ministro de Economía ha de entenderse realizada ó Presidente da Deputación<sup>(26)</sup>.

#### **4.5. Contratos de asistencia técnica.**

*“.....As mesmas empresas que prestaron os servizos de referencia no exercicio 2000 resultaron adxudicatarias destes contratos no exercicio 2001. O obxecto fundamental da contratación do servizo de limpeza consiste na achega de traballadores ós centros dependentes da Deputación...”*

Parécenos moi confuso este apartado, posto que no título fai referencia a contratos de asistencia técnica, e despois analízanse outros contratos de servizos, que aínda que están no mesmo título IV do R.D. 2/2000 de Contratos, son diferenciados perfectamente no art. 196.2º (consultoría e asistencia), e 3º Contratos de servizos, e concretamente os de limpeza que corresponden ó apart. c).

Pero máis adiante sinala que o obxecto fundamental da contratación do servizo consiste “na achega” de traballadores, o cal aumenta a confusión. O obxecto do contrato de limpeza é, como di o art. 196.3.c) do R.D. 2/2000 a limpeza dos centros mencionados; o obxecto do contrato non pode ser nunca a “achega” de traballadores. Ben porque a palabra achega estea incorrectamente empregada ou porque se trata dunha opinión do Consello de Contas, respectable, pero que non pode admitirse sen máis. Insistimos en que **o contrato ten por obxecto a limpeza do Pazo Provincial e o Hospital de San Rafael**, e non a “achega” de traballadores.

(26) Ver Anexo I. Xustificación 21



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

A coincidencia de empresas en dous anos seguidos parece incluso normal, polo coñecemento e experiencia que do servizo teñen. O mesmo que da identidade das persoas, máxime nestes casos tendo en conta a lexislación e pactos sobre sucesión de empresas, e que todo fai supoñer que o Consello de Contas coñece.

#### **4.6. Incidencias tributarias e de Seguridade Social**

“.....A Deputación mantén unha débeda correspondente ó período transcorrido entre xaneiro de 1993 e agosto de 2003 de 25.409.574,07€ (4.227.797.391 pesetas) Esta débeda débese á pretensión da Entidade provincial de descontar os gastos que xera o Hospital de San Rafael da cota patronal (a cota obreira é obxecto de ingreso) ....”

O tema, que non é novo nesta Deputación Provincial, e atreveríamnos a considerar como un dos temas estrela, por non dicir o que máis, é tratado con superficialidade, de forma fragmentaria e cremos que erroneamente; inconcibible cando a fiscalización de 1996 a tratou de forma correctísima, e dá a impresión de que non calaron o problema, nin lles interesa en absoluto.

Dicir que a Deputación Provincial mantén una “débeda” coa Tesourería da Seguridade Social é non saber dos antecedentes e situación actual da cuestión.

A débeda contraída polo SERGAS, segundo Sentenzas dos Tribunais de Xustiza, Superior de Galicia e Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, ademais das liquidacións non recorridas, alcanza a cantidade de 92.717.309,03 €; uns xuros da débeda por importe de 23.862.383,26 €; o que fai un total de 116.579.692,29 €.

**Esa é a verdadeira situación da débeda, en espera de que o SERGAS cumpra voluntariamente as obrigas.**



## 5.- CARGOS ELECTOS

### 5.1. Retribucións

*“...Non se deu publicidade ó acordo plenario referente ó réxime e retribucións dos membros con dedicación exclusiva, incumprindo o disposto no artigo 75.5 da LRBRL...”*

Vaia por anticipado dicir que nas actuais retribucións dos cargos electos, en acordo á parte están publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia números 164 e 226 de 18 de xullo e un de outubro de 2003 respectivamente, pero como atenuantes da omisión podemos facer as seguintes:

a) O proxecto de Lei sobre as percepcións de cargos públicos non sinalaba a publicación, que se introduce no trámite parlamentario. Os funcionarios acostuman a manexar nesa época de decembro e xaneiro os proxectos, coa convicción de que poucas modificacións substanciais se introducen.

b) A regulación de tales percepcións facíase, por consello dos servizos económicos (en todos os sitios) nas Bases de execución do Orzamento, o cal, ó ir incluída dentro doutras bases, dificultaba a súa publicación. Agora faise, cremos, de forma máis ortodoxa, en acordo á parte, e así se publica.

c) De conformidade co art. 149 da Lei de Facendas Locais, o orzamento, hai que aprobalo ante do 15 de outubro do ano anterior. Se así se fixese, a Lei 14/2000 non afectaría ás bases do Orzamento por estar xa aprobadas. Sería de aplicación pois a Lei a uns orzamentos e a outros non, o cal non parece lóxico.

#### 5.2.a) Dietas

*“.....Verificouse a percepción polo vicepresidente da Deputación de axudas de custo polo concepto de “asistencia a despacho”.*

Referente ás percepcións do Vicepresidente, o informe fai un alarde de imaxinación, inventando unha situación, que non ten nada que ver nin coa realidade nin coa cobertura xurídica desas percepcións. Quizais se trata de transplantar a esta Corporación situacións doutras entidades, anteriores á Lei 14/2000; porque nin antes que era ilegal, nin agora que o segue sendo, ós cargos políticos se lles pagou de forma ilegal (nin con ilegalidade tolerada), e proba disto é que o informe de 1996 nin sequera fai mención ó problema. É obvio, polo tanto, que se cando non había cobertura legal para esas percepcións non se cobraron, agora, que existe cobertura, non parece lóxico que se utilice o sistema, a menos que ó Consello de Contas lle gustase encontralo. Reiteramos, os cargos electos non percibiron desta Entidade nunca cantidades ilegais, aínda que, reiteramos, con ilegalidade tolerada.

De conformidade co apartado 1º do acordo de 26 de marzo de 2001, que reproduce a base undécima do Orzamento do ano 2000, calquera Deputado



**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

Provincial será indemnizado cunha axuda de custo por cada día de desprazamento fóra do municipio da súa residencia habitual.

Esixe ademais o acordo que se refire a asuntos inherentes á súa condición de Deputado Provincial, ou o que é o mesmo que actúe nunha xestión de servizo público en sentido amplo, identificado con función. Considérase cumprida esa condición pola súa permanencia no despacho de Vicepresidente, para colaborar na xestión da Deputación provincial co seu Presidente, naquelas materias encomendadas, e despachar a firma de todas as resolucións, documentos administrativos, oficios, etc., incluídos os mandamentos de pago.

Noutros casos, e tamén para xustificar a súa función pública de desempeño de funcións inherentes ó cargo, explícase que actuou "en representación da Deputación Provincial", citándose o lugar de destino; ou engádesse "Deputación", ou "delegación", etc.

A situación que existe, e a que o Consello de Contas describe que existe, non se parecen en nada. O Consello de Contas confunde "dieta" con "asistencia", que o acordo de 26-03-2001 distingue con meridiana claridade.

**"Asistencias".**

Esta Deputación, nas súas Bases de Execución (Oitava,6) (que vén sendo unha reprodución do art. 63.2, segundo e terceiro parágrafo do Real Decreto Lexislativo 1091/1988, de 23 de setembro), contempla o seguinte:

*"O Presidente poderá determinar, a iniciativa do Órgano correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigacións xeradas en exercicios anteriores, como consecuencia de compromisos de gastos adquiridos, de conformidade co ordenamento, para os que houbera crédito dispoñible no exercicio de procedencia. Neste último caso, a petición irá acompañada do oportuno informe no que se fará constar, en calquera caso, as causas polas que non se procedeu á imputación a orzamento no exercicio de procedencia".*

Polo tanto, os supostos en que houbera que acudir ó recoñecemento extraxudicial de crédito do art. 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, serían escasos.

**En particular as Asistencias.**

*"...Os xustificantes de asistencias, que acompañan ós mandamentos de pago efectuados por este concepto, consisten nun listado individual por cada deputado no que consta o número e a data das sesións do órgano colexiado a que asistiu sen que conste sinatura ningunha. O pago das asistencias debería figurar debidamente documentado mediante certificación expedida polo secretario da Corporación, ou funcionario que o substitúa, que acreditara a concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados..."*

As asistencias xustificanse sempre coa certificación do Secretario do órgano colexiado (Secretario Xeral nuns casos, ou Secretario de Comisión ou Consello); a partir das certificacións elabórase o listado de cada Deputado. Pero a base do listado son as certificacións.

*"...Detectouse a percepción indebida por un deputado con dedicación exclusiva de asistencias a sesións dos órganos colexiados realizadas durante o terceiro e cuarto trimestre*



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

de 2000 e durante todo o exercicio 2001, contravindo o disposto no artigo 75.3 da LRBRL.....”

Tramítase o expediente correspondente.

### 5.3.- Atencions protocolarias e representativas.

“... Detectándose tres facturacións que, ascendendo globalmente a 2.391.250 pesetas supoñían un incumprimento do principio de anualidade orzamentaria, ó imputar ó exercicio 2001 gastos correspondentes ós exercicios 1997 (1.800.000 pesetas) e 2000 (591.250 pesetas). Procedeuse ó pagamento destes importes sen que conste a existencia de reparo da Intervención e sen que se tramitase o oportuno expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos”

A falta de detalle de determinadas presuntas anomalías (tres facturacións de 2.391.250 pesetas), cáusanos unha certa indefensión co obxecto de informar acerca da cuestión, pois descoñecemos os expedientes ou documentos concretos ós que se alude.

Esta Deputación, nas súas Bases de Execución (Oitava,6) (que vén sendo unha reprodución do art. 63.2, segundo e terceiro parágrafo do Real Decreto Lexislativo 1091/1988, de 23 de setembro), contempla o seguinte:

*“O Presidente poderá determinar, a iniciativa do Órgano correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigacións xeradas en exercicios anteriores, como consecuencia de compromisos de gastos adquiridos, de conformidade co ordenamento, para os que houbera crédito dispoñible no exercicio de procedencia. Neste último caso, a petición irá acompañada do oportuno informe no que se fará constar , en calquera caso, as causas polas que non se procedeu á imputación a orzamento no exercicio de procedencia”.*

Polo tanto, os supostos en que houbera que acudir ó recoñecemento extraxudicial de crédito do art. 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, serían escasos:

Neste particular: “Atencións Protocolarias e representativas”.

A factura de 1.800.000 pesetas cumpriu integramente o trámite exposto (acompañase). A correspondente a 2000, por un importe de 591.250 pesetas<sup>(27)</sup>, non se localizou, pois non consta ningún pago dese importe, polo que rogamos ó Consello que nos detalle a cuestión a fin de poder coñecer o cumprimento ou incumprimento das Bases de Execución.

“Detectouse a imputación ó orzamento provincial de sancións de tráfico e aparcadoiro...”

Os funcionarios, coas súas condutas, poden incorrer en infracción do ordenamento, obrando de boa fe. Entendemos que en casos como o exposto, o sancionado non é tanto o funcionario como a institución, do mesmo modo e maneira que o é na ampla casuística de sancións que pode cometer unha entidade local, e que non se refiren ou imputan directamente ós funcionarios que actúen en cada caso.

(27) Ver Anexo I. Xustificación 22



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

“Carece de viabilidade legal a asunción por parte da Deputación das sancións impostas pola actuación do persoal ó seu servizo...”

En canto á non existencia de cobertura legal, discrepamos. A responsabilidade patrimonial da Administración é obxectiva, e ante terceiros e ante outras Administracións respóndese polo funcionamento normal ou anormal dos servizos. A acción dos conductores é imputable á Administración que serven, segundo a teoría orgánica, e como tal trasladan as súas consecuencias. A continuación a Administración poderá utilizar as accións de regreso ó funcionario, que esa xa é outra historia. O noso sistema é así, e a Administración Sanitaria responde, por exemplo dunha operación defectuosa dun cirurxán ó seu servizo e indemniza ó paciente.

Polo tanto, sendo o noso sistema, proclamado ós catro ventos, obxectivo, no que a culpa ou negligencia non xoga para nada, etc., etc., non ten explicación que o Consello de Contas diga que non existe base xurídica para pagar as multas dos conductores. Ó mellor o que o Consello de Contas quere dicir é que o sistema é excesivamente xeneroso, ó que poderíamos asentir, pero si o é para uns, non hai porque excluír a outros, e menos dicir que non existe base xurídica para sufragar as multas.

En relación á xustificación da orde de pago de 50.000 pesetas en concepto de multa de tráfico, cuxa xustificación excede do prazo de tres meses, expedido o 7 de xuño, a Intervención fixo o oportuno requirimento, con data 27 de agosto, reiterado o 3 de outubro e o 11 de decembro.



## 6.- PROCEDEMENTOS SELECTIVOS

### 6.1 Procedemento de selección temporal. Exercicios 2000, 2001.

“ A extensión temporal das vinculacións laborais parece responder a necesidades de cobertura permanente dos postos, que son obxecto de convocatoria”

A contratación laboral temporal responde habitualmente a necesidades urxentes e inaprazables que non permiten a demora que supón tramitar un procedemento de selección para o cadro de persoal funcionario ou laboral fixo. Nuns casos esta necesidade é conxuntural e noutros deriva en permanente, pero **o que motiva acudir á contratación temporal son as necesidades urxentes do servizo**, xustificadas con base nunha proposta do Xefe de Servizo correspondente.

De calquera xeito a porcentaxe de persoal laboral temporal da Deputación contratado nos anos 2000 e 2001 en relación ó Cadro de persoal desta, nos anos 2000 e 2001, representa tan só o 2,82 para o ano 2000 e o 1,90 para o ano 2001, o que indica que esta Entidade non abusou desta modalidade de contratación<sup>(28)</sup>.

“Utilízase nos procesos citados un Anexo no que se recollen os criterios de selección, consistindo as probas na realización dunha entrevista, un test de coñecementos xerais e outro de coñecementos específicos. Atribúese á discrecionalidade do Tribunal a facultade de prescindir da realización de todas ou algunhas das probas, o que se xulga contrario ó cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Así mesmo, non se informa a valoración dos méritos que poden ser obxecto de achega na fase de entrevista.

O procedemento de selección de persoal laboral temporal non está establecido por norma xeral, legal ou regulamentaria. **Os criterios de selección da Deputación provincial de Lugo están contidos no Plan de Emprego para o ano 1998** que establece:

*“...mediante acordo coa representación sindical (Xunta e Comité) establécese que a contratación laboral temporal e a interinidade efectuarase normalmente mediante convocatoria pública agás nos casos de urxente necesidade, efectivizándose en todo caso mediante entrevista, “currículo” e, se é o caso, superación dun test de coñecementos xerais e outro de coñecementos específicos”<sup>(29)</sup>.*

De acordo con estes apróbanse as bases que esencialmente responden ó establecido no artigo 4 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos dos procedementos de selección dos funcionarios de Administración Local, acurtando os prazos e simplificando os trámites dada a présa de dotar de persoal ós servizos.

(28) Ver Anexo I. Xustificación 23

(29) Ver Anexo I. Xustificación 24



Noméase un Tribunal que reúne os requisitos establecidos no apartado e) e f) do citado artigo 4. Se ben é certo que as bases facultan ó Tribunal para prescindir de todas ou algunha das probas, a realidade constatada nos expedientes é que en ningún caso, no período que se fiscaliza, se prescindiu destas<sup>(30)</sup>.

Este sistema non pode considerarse “contrario” ó cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

“Non se publican as convocatorias en diario oficial nin de difusión xeral. Pola contra, inclúese o seu anuncio no Taboleiro de Edictos do organismo provincial, outorgando un prazo que oscila entre 3 e 5 días naturais seguintes á inserción do Anexo de Convocatoria no Taboleiro. En cada un dos procedementos analizados recibíuse unha única instancia, a correspondente ó adxudicatario do posto, que no caso do “gardabosques” e “administrativo de recadación” correspondía a persoas que manterán con anterioridade vinculacións contractuais coa Deputación e o INLUDES. Prodúcese así un incumprimento do principio de publicidade, limitando a concorrencia e a transparencia esixibles a todo proceso de selección para o emprego público.”

Se comparamos os criterios de selección temporal da Deputación coa Orde 1461/2002, de 6 de xuño (BOE 143, de 15 de xuño) pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento do persoal funcionario interino da Administración Xeral do Estado, constataremos a similitude dos criterios empregados pola Deputación e os empregados pola Administración do Estado, coa excepción de que a Deputación de Lugo os aplica a todo o persoal temporal e a Administración do Estado só a selección de funcionarios interinos.

Comparanza do Anexo de selección de persoal temporal da Deputación e INLUDES coa Orde 1461/2002 de 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino da Administración do Estado (BOE 143 de 15 de xuño de 2002)		
	<b>Anexo de criterios de selección persoal temporal da Deputación Provincial de Lugo e INLUDES</b>	<b>Orde 1461/2002, selección funcionarios interinos Admón. Estado (BOE 143, 15 de xuño de 2002)</b>
<b>Sistema Selección</b>	de - Concurso-Oposición, sempre	- Concurso (S. Ordinario) - Concurso-Oposición carácter excepcional

(30) Ver Anexo I. Xustificación 25





<b>Fase concurso</b>	- Análise profesional	Currículo	- Experiencia entre o 30 e o 70%. - Coñecementos, cursos de formación e formación académica ata 70% - Ata 50% poderá aplicarse a superación de exercicios e probas selectivas de acceso.
<b>Fase oposición</b>	- Test xenérico - Test específico - Entrevista Curricular		- Só se realiza excepcionalmente, consistindo nunha entrevista ou proba práctica
<b>Barefacción puntuacións de</b>	- Non se establece		- Non se establece
<b>Publicidade</b>	- Taboleiro de Edictos da entidade.  - BOP cando a urxencia o permite <sup>(31)</sup> .		- Taboleiro de Edictos do departamento, delegación, subdelegación, etc, na que se oferten as prazas, CIA-MAP e páxina web do Departamento.  - En ningún caso no BOE, BOP ou outro Diario Oficial

Da comparación establecida no cadro anterior dedúcese que se trata de **procedementos de selección similares**.

-A Deputación aplica os criterios contidos no Anexo a todos os procedementos de selección de persoal temporal; a orde 1461/02 só á selección de funcionarios interinos.

- Evidénciase que a Deputación utiliza un sistema de selección máis obxectivo (concurso-oposición), e publica, nalgúns casos a convocatoria no BOP mentres que a Orde 1461/2002 non determina a publicación en ningún caso, nalgún diario oficial.

- Os méritos da fase de concurso están mellor especificados na Orde 1461/2002, aspecto que esta Entidade está disposta a asumir.

As razóns de urxencia e inaprazable necesidade, xustifican a necesidade de abreviar prazos e que ás convocatorias se lles dea unha publicidade breve nunca inferior a 5 días.

(31) Ver Anexo I. Xustificación 26



Se ben é certo que a concorrencia se corresponde nos casos citados co número de prazas, non sempre sucede así, pois noutros excede ese número<sup>(32)</sup>.

Que teñan máis facilidade de acceso os que teñan experiencia previa, en particular se esta é na mesma entidade resulta moi difícil de evitar, pois a experiencia é un mérito que non pode descoñecerse. Non obstante, nos criterios de selección da Deputación obrígase a superar un exame tipo test, con preguntas xenéricas e específicas do posto, e así foi nos casos que se citan.

En consecuencia non pode afirmarse que exista un incumprimento do principio de publicidade, aínda que puidera, en función das circunstancias de cada caso e da urxencia, ampliarse os citados prazos e facer publicidade no BOP en beneficio dun maior ámbito de concorrencia, como xa se ten feito nalgúns casos<sup>(33)</sup>. Aínda así debe recordarse que se están seguindo criterios similares ós da Orde 1.461/2002, que establece os criterios de selección do persoal interino da Admón. do Estado,

-“Nas actas do proceso selectivo declárase a realización e valoración posterior de todas as probas, pero en ningún caso constan as puntuación atribuídas a cada unha delas”.

Efectivamente, na acta non constan as puntuacións, pero si constan nos cuestionarios corrixidos, aínda que se acepta que deban trasladarse ás actas.

“Por último, obsérvanse irregularidades na duración dos contratos (...) como no caso da letrada adscrita á “Vicesecretaría Xeral”

Admítese, no caso sinalado, que existe un atraso na convocatoria de provisión como interino/a ó posto de Letrado/a adscrito a Vicesecretaría estando, neste momento, convocada a súa provisión mediante Decreto da Presidencia de data 26 de febreiro de 2004<sup>(34)</sup>. No mesmo pode comprobarse que a convocatoria publicárase no B.O.P, e o prazo de presentación de instancias será de 10 días e o sistema de selección será o concurso-oposición libre.

“Incidencias detectadas na análise dos expedientes de selección, realizados ó abeiro de subvencións concedidas pola Consellería de Familia e Promoción de Emprego:

-Declárase realizar a selección a teor dos candidatos comunicados polo Servizo Galego de Colocación” pero nun caso seleccionou un candidato cuxo currículo tiña sido remitido polo citado organismo en data posterior á da proposta de selección.

-Non se garante o anonimato (...), non constando a valoración na fase de entrevista nin nalgún caso os candidatos comparecentes.”

(32) Ver Anexo I. Xustificación 27

(33) Ver Anexo I. Xustificación 26

(34) Ver Anexo I. Xustificación 28



Debe manifestarse inicialmente que os contratos laborais temporais realizados ó abeiro das subvencións concedidas pola Consellería de Familia e Promoción de Emprego Muller e Xuventude teñen como finalidade a inserción laboral e a mellora da ocupabilidade

Conforme á normativa vixente, os contratos formalizados nos anos 2000 e 2001 baixo a modalidade obra ou servizo, formalízanse hoxe na modalidade de "contrato de inserción", sen que os traballadores poidan repetir a participación ata transcorridos tres anos desde o contrato anterior se o dito contrato foi superior a 9 meses (art. 15.1.d) do R.D.L 1/1995, de 24 de marzo, Texto refundido do Estatuto dos Traballadores.) É dicir: a súa presenza na Administración é breve e está claramente limitada.

Estamos, conforme ó artigo 15.1.d) antedito, nun proceso de contratación para "realizar unha obra ou servizo de interese xeral ou social (que tamén pode ser realizada por unha entidade sen ánimo de lucro), como medio de adquisición de experiencia laboral e mellora da ocupabilidade do desempleado participante".

Queremos con isto dicir que non estamos nun proceso de selección para acceso á función pública en sentido pleno; máis ben estamos diante da posta en práctica de políticas de fomento do emprego, protagonizadas por unha entidade pública, que, por esas razón, ten que ter en conta os principios de publicidade, mérito, capacidade e mesmo de obxectividade, pero con rigor e esixencias formais menores que no acceso á función pública e mesmo no acceso ó emprego temporal non ocasional.

A orde de 28 de decembro de 1999 publicada o 30 de decembro de 1999 DOGA Nº 251 regula as axudas e subvencións para a contratación de traballadores/as desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social (Capítulo II)

No artigo 12 da citada orde establécense os requisitos e criterios para a selección dos/as traballadores/as.

1. "Os/as traballadores/as que sexan contratados/as para a realización das obras e servizos e polos que se outorgue a subvención deberán ser desempregados/as inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia.
2. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán os/as traballadores/as desempregados/as necesarios mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as traballadores/as que se contrataran para o adecuado desempeño das funcións inherentes ós postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.
3. Recibida a oferta realizarase unha sondaxe de demandantes en función das características dela, proporcionando, de ser posible, o número de candidatos/as por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria que en ningún caso poderá ser inferior a dous, de acordo cos seguintes criterios:
  - a) Maior adecuación ó posto de traballo ofertado.
  - b) Condición de discapacitado do/a demandante de emprego.
  - c) Nivel de protección por desemprego dos/as posibles beneficiarios/as.



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

- d) *Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo do/a traballador/a desempregado que se contrata o/a cónxuxe, fillos/as menores de vinte e seis anos, maiores incapacitados ou menores acollidos.*
- e) *Idade e condición de muller.*

5. *Os/as candidatos/as serán remitidos á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada ó Servizo Público de Emprego de Galicia.*

*Artigo 15º.- Inicio das obras ou servizos.*

*A obra ou servizo iniciarase no prazo de **trinta días naturais**, contados a partir da data de inicio prevista na resolución"*

Admitindo a existencia dun erro individualizado, hai que dicir que a selección deste persoal laboral ocasional é totalmente conforme ó artigo 12 da Orde sinalada, na que non se esixe "anonimato" en ningunha proba nin que, nese momento, "os seleccionados non tivesen prestado servizos anteriores á entidade contratante". O sinalado no artigo 103, da lei 7/85 cúmprese en canto se respecta "o principio de igualdade de oportunidades de cantos reúnan os requisitos esixidos", xa que a todos os aspirantes se lles fixeron as mesmas probas.

En canto que a selección se realice conforme ó artigo 91 da Lei 7/85, de 2 de abril RBRL (o 93 citado que se cita fala das retribucións dos funcionarios), é dicir, a través da Oferta de Emprego non é aplicable ó persoal temporal como todo o mundo sabe e menos pode selo ó persoal temporal ocasional, cuxa selección ten que tramitarse en 30 días naturais contados a partir da data de inicio da Resolución pola que se outorgase subvención.

**En conclusión: aínda que esta Entidade seguiu o procedemento establecido na Orde que regula a concesión de subvencións para contratar a estes traballadores, acéptase que se deben mellorar os procedementos de selección, pero tendo en conta os criterios que se sinalan nas correspondentes ordes de convocatoria que deben ser os textos legais de referencia e non os procedementos para a selección de persoal laboral fixo ou temporal non ocasional, posto que non estamos diante dun proceso de acceso á función pública "stricto sensu" senón a diante da selección de persoal laboral ocasional co obxectivo de fomentar a inserción laboral, e mellora da ocupabilidade dos traballadores desempregados con maiores dificultades para acceder a contratación.**

*"Como corolario ós procesos de selección fiscalizados, pode afirmarse que se prescindiu do cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e o de publicidade, afectando á obxectividade a que se refire o artigo 103 da CE."*

Non podemos compartir esta afirmación tan rotunda ("que se *prescindiu*" do cumprimento dos principios anteditos) por canto:

a) **Nos procedementos de selección para emprego temporal non conxuntural** da Deputación realízanse conforme ós **criterios** de selección públicos inspirados nos esixidos para o acceso á función pública local, abreviando os prazos, e **semellantes** ós contidos na **Orde 1461/2002**, pola



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

que se establecen criterios de selección de **funcionarios interinos da Administración do Estado**.

b) **Nos procedementos de contratación para o emprego temporal ocasional** con base en subvencións para inserción laboral e mellora da ocupabilidade, porque **se tramitaron conforme ó procedemento establecido e ás esixencias da orde que regula a concesión da correspondente subvención**, sen que nestes supostos se considere obrigado o mesmo rigor formal que nas probas de acceso á función pública, e sen que os erros nun suposto individualizado poidan invalidar todo un sistema.

#### **6.2.- “Procedementos de selección. Oferta de emprego público do exercicio 2001.**

“...a outra praza funcional que integraba a oferta de emprego (Técnico superior) non foi obxecto de convocatoria ó termo das actuacións auditoras.”

Debe dicirse que a praza de Técnico Superior foi convocada por Decreto da Presidencia de 1 de marzo de 2002 e publicadas as Bases no BOP de 8 de marzo de 2002<sup>(35)</sup>.

“- A provisión da praza de celador, adxudicada á persoa contratada de forma ilegal pola vía de Decreto, informa dun procedemento irregular continuado”.

Admitimos que en relación á praza de Celador sería preferible -desde o punto de vista de facilitar a concorrencia- ter publicitado a convocatoria para a súa contratación temporal en novembro do ano 2000. Razóns de urxencia e a acreditación da experiencia profesional da traballadora, levaron neste caso a acudir ó procedemento máis áxil a favor da eficiencia.

Non obstante, se atendemos ó establecido no artigo 249 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, tampouco se pode dicir que esta contratación fora “ilegal”. O citado artigo, sinala:

*“O persoal laboral será seleccionado pola propia Corporación, co máximo respecto ó principio de igualdade de oportunidades de cantos reúnan os requisitos esixidos e de acordo coa oferta pública de emprego. **Agás os casos de urxencia, o procedemento de convocatoria será o concurso**”;*

O que non podemos aceptar é que se trate dun “*procedemento irregular continuado*” posto que no procedemento de selección para prover a praza de celador do Cadro de Persoal laboral, consta que se creou a praza no citado Cadro, incluíndose na Oferta de Emprego para o ano 2001 e que se aprobaron e publicaron as correspondentes bases. Tramitado o correspondente procedemento selectivo (sistema concurso-oposición) a praza foille adxudicada á traballadora referida por obter a maior puntuación, debendo resaltarse que **esa maior puntuación foi obtida tanto na puntuación final como na da fase de oposición** en que obtén 22,1 puntos, obtendo a/o aspirante seguinte 19,9 puntos.

(35) Ver Anexo I. Xustificación 14



En consecuencia, cúmplense os procedementos legalmente establecidos, e materialmente, **os servizos previos non tiveron relevancia** ningunha a teor das puntuacións obtidas polos distintos concursantes, polo que os resultados serían os mesmos aínda que non se tivese en conta unha experiencia obtida en servizos baixo contrato supostamente irregular<sup>(36)</sup>.

Ademais o Órgano fiscalizador formula reparos o procedemento de selección da Oferta de Emprego 2001, que se centra nos seguintes puntos.

-O Tribunal fixa "*criterios complementarios*" de selección o que supón "*introducir un criterio de discrecionalidade*" e "*arrogarse facultades fóra da súa competencia*". Estes deberían figurar nas bases para poder ser impugnados.

-Valórase excesivamente ("dobremente") a experiencia no posto de traballo, de "forma cualitativa en función dos informes dos Xefes respectivos" "introducindo un elemento de subxectividade cuestionable". Pónderase excesivamente o traballo realizado na Deputación.

-Conclúe

-"Desta forma, os candidatos que viñan prestando os seus servizos nos postos de traballo obxecto da convocatoria obteñen as puntuacións máis elevadas na fase de concurso, adxudicándolles finalmente os mesmos con carácter definitivo. Se ben de forma aparente a concorrencia no se viu inicialmente limitada, a aplicación dos baremos concursais non permiten dar estrito cumprimento ós principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, consolidando un proceso irregular de acceso á función pública."

Non podemos compartir os reparos que se poñen ó procedemento de selección seguido xa non só porque entendamos que é conforme a dereito, senón porque os Tribunais se teñen pronunciado expresamente sobre estes en sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, como imos ver. Adiantar que os baremos analizados polo Consello de Contas e os discutidos e logo referendados polos Tribunais son idénticos<sup>(37)</sup>.

#### **A) En relación á fixación de "criterios complementarios" ós baremos de méritos**

Cuestiónase a **fixación polo Tribunal de "criterios complementarios"** ó baremo de méritos publicado coas Bases, criterios que o Tribunal establece antes de iniciar a valoración da fase de concurso.

O fundamento xurídico cuarto da **Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo nº 205/2000**<sup>(38)</sup> que ratificou a Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo de 25 de novembro de 1999, pola que se adxudicaban, entre outras, 2 prazas de Axudante Técnico Sanitario, despois de recordar no fundamento xurídico terceiro que:

(36) Ver Anexo I. Xustificación 29

(37) Ver Anexo I. Xustificación 30,31,32.

(38) Ver Anexo I. Xustificación 3º



**“...con base no principio de discrecionalidade técnica, a reiterada doutrina do Tribunal Supremo afirma que a valoración dos méritos achegados é competencia discrecional do órgano cualificador “cuxo criterio non pode ser substituído polo dos órganos xudiciais, nin moito menos polas subxectivas apreciacións do interesado por moi fundadas e razoables que estas sexan. Sempre que a interpretación das bases da convocatoria, realizada por quen resolva o concurso se encontren dentro das posibles interpretacións destas, isto é, non supoñan unha vulneración ou desviación do que nelas se dispón, haberá de estarse a tal interpretación aínda que foran posibles outras alternativas.”**

Establece no fundamento xurídico cuarto:

**“ a este respecto, vén sinalando a xurisprudencia de forma reiterada que é conforme a Dereito a adopción pola Comisión de Criterios obxectivos de valoración que se xustifican por canto que nos méritos específicos o que se valora é a idoneidade do concursante ó posto solicitado, tendo en conta as características e contido dese posto, e a Comisión pode adoptalas, pois non existe obstáculo para que as Comisións de Valoración ou Tribunais Cualificadores autolimiten a súa discrecionalidade técnica dun modo máis intenso que ó legalmente previsto, establecendo criterios complementarios -STS 8-11-91 e 26-5-96”**

No mesmo sentido a **Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo 18/2001<sup>(39)</sup>** pola que confirmando a S 204/2000, de 27 de xullo do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, ratifica a Resolución da Presidencia desta Deputación provincial de 25-11-99, pola que se adjudican, entre outras, 1 praza de Auxiliar de Clínica, incluída na Oferta de Emprego para o ano 1998 sinala:

**“O Tribunal cualificador está facultado para facer unha interpretación daqueles puntuais aspectos non de todo especificados ou detallados, sempre que no desenvolvemento daquel labor non se infrinxan as propias bases”.**

**“Con estes matices xerais ningunha arbitrariedade se detecta no caso sometido a axuízamento, como xa sinalou no seu momento a sentenza recorrida, pois a Acta de Constitución e Valoración de Méritos estendida polo Tribunal Cualificador e que obra nos folios 44 e seguintes do expediente administrativo, e da que resulta o modo en que entende se debe proceder á valoración (criterios complementarios) do mérito preferente discutido, introducindo un criterio cualitativo que estiman adecuado, en tanto que amparado nas propias bases, en concreto no determinado no punto 2, parágrafo segundo, que alude ó obxecto da convocatoria e o sistema de provisión. Tal proceder, non só é correcto en canto amparado na propia finalidade do proceso selectivo, senón que o propio Tribunal Supremo sanciona, pois susténtase en criterios razoables, ponderados e ecuanimes de valoración e non implica unha innovación das bases, senón unha concreción acorde cos principios constitucionais mencionados, o que descarta toda sombra de ilegalidade na actuación recorrida.”**

**B) Baremo de méritos: Experiencia no posto, servizos previos, ponderación do traballo desenvolvido.**

En canto á puntuación que se outorga no baremo a cada un dos méritos e en concreto á experiencia profesional, así como o xeito de valorar esta e mesmo a posibilidade de tomar como base desta valoración os informes dos Superiores do aspirante, están expresamente admitidos, entre outras polas sentenzas aludidas, así como a STS de Xustiza de Galicia

(39) Ver Anexo I. Xustificación 31



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

469/98 corroboran o mencionado baremo permitindo unha valoración cualitativa da experiencia e cuantitativa dos servizos prestados.

Así a citada **Sentenza 469/98, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sala do Contencioso-administrativo de 29 de xullo de 1998**<sup>(40)</sup>, Relator D. Gonzalo de la Huerga Fidalgo sinala:

*“Considerando que o que aquí a recorrente facha de indebida é a puntuación outorgada ós participantes que superaron o concurso de autos, no tocante á aplicación dos apartados a) 1º e 2º. O a)1º **A experiencia profesional no posto** obxecto da convocatoria e a) 2º **Servizos prestados á Deputación Provincial de Lugo** (...)*

*Considerando que os escritos de contestación á demanda propoñen unha ben centrada argumentación acerca de cada un dos puntos suscitados (...) que prevalecen pola súa consistencia e rigor, e cuxa lectura fai necesaria a reiteración, decidimos que:*

*“Que debemos desestimar e desestimamos o recurso contencioso-administrativo deducido por D.ª M C R, contra resolución do presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo de sete de xullo de mil novecentos noventa e cinco, adxudicando prazas correspondentes á oferta de emprego para o ano 1994 do cadro de persoal laboral, polo sistema de concurso”.*

Pois, ben: O contido do escrito de contestación á demanda que, en palabras de do TSXG **“propón unha ben centrada argumentación”** que **“debe prevalecer pola súa consistencia e rigor”**, no que aquí nos afecta sinala:

*“No punto (...) referido á experiencia profesional na función propia do posto de Auxiliar. O Tribunal considerou esencial o concepto de experiencia, non o transcurso simple do tempo (que xa se valora noutro punto) senón a avaliación desa experiencia, dato que a recorrente non achega ó non incluír os informes do Xefe ou Xefes que tivera”.*

*“..., os informes positivos valoráronse a razón de 0,17 cun máximo de tres anos, (...) Esta valoración aplicouse, como non podía ser doutra forma, a todos os concursantes con informe positivo.”*

Nese sentido o Tribunal dá por válida a forma de valorar da Deputación en relación á experiencia no posto, admitindo que se lle poida dar a esta un valor cualitativo tomando en consideración o rendemento no posto baseándose nos informes dos seus superiores.

*Que “se tomase en conta o nivel de rendemento no desempeño do posto ó que fai referencia a convocatoria” xustificase “para non duplicar a valoración pola experiencia na Deputación, recollido no mesmo punto A, número 2”.*

Por outra parte, **Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo 205/2000**<sup>(41)</sup> xa aludida, sinala en relación á experiencia profesional e os servizos prestados:

*“Como establece a Sentenza do TSX de Galicia, de 25 de novembro de 1998, non se trata de conceptos excluíntes e nada impide que se valore ó mesmo tempo a experiencia na profesión e os servizos prestado á Deputación”*

(40) Ver Anexo I. Xustificación 32

(41) Ver Anexo I. Xustificación 30





EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Por se non quedara claro que o **baremo de méritos é conforme a dereito**, imos **comparar o sistema de selección empregado pola Deputación Provincial de Lugo e o aplicado polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais** en relación á convocatoria para prover 1077 prazas do Corpo Auxiliar da Administración da Seguridade Social (Orde M.T. e A. S. de 10-12-1997, BOP 23 de decembro de 1997).

Trátase, ó igual que na Oferta de Emprego da Deputación de Lugo para o ano 2001, de **procedementos de consolidación de emprego temporal en fixo**, tramitados de forma análoga aínda que no seu conxunto é cando menos igual ou máis obxectivo no caso da Deputación Provincial de Lugo, como imos ver. En ambos casos aprobáronse os correspondentes Plans de Emprego nos que se xustifica este procedemento.

Recordar, antes de nada que os procedementos de consolidación de emprego temporal arrancan do Acordo Administración – Sindicatos 1995-97. Este acordo foi asumido pola Deputación de Lugo, publicándose no BOP 135 de 14.06.1.995. Entre os criterios aplicables ás políticas de emprego público nese trienio, conforme ó Título III, figura:

*“Consolidar o emprego temporal converténdoo en fixo, na medida que os postos de traballo atendan a necesidades de carácter permanente e non conxuntural”.*

En relación a estes procesos de consolidación de emprego temporal, a **Sentencia do Tribunal Constitucional, 107/2003 de 2 de xuño<sup>(42)</sup> relatora D<sup>a</sup>. María Emilia Casas Baamonde**, manifesta:

*“A finalidade de consolidar o emprego público temporal non pode considerarse “a priori” constitucionalmente ilexítima, xa que pretende conseguir estabilidade no emprego para aqueles que levan un período máis ou menos prolongado de tempo desempeñando satisfactoriamente as tarefas encomendadas, nin polo tanto o será tampouco a previsión de valorar na fase de concurso os servizos prestados como experiencia previa do persoal afectado. A valoración como mérito da antigüidade ou experiencia previa non pode estimarse, pois, como unha medida desproporcionada, arbitraria ou irrazoable con relación a esa finalidade de consolidación do emprego temporal e, aínda que efectivamente establece unha desigualdade, esta vén imposta en atención a un interese público lexítimo e non responde ó propósito de excluír a ninguén da posibilidade efectiva de acceso á función pública.”*

Partindo do sinalado, **trataremos de demostrar que o procedemento adoptado pola Deputación P. de Lugo garante igual ou meirande obxectividade que o seguido polo MTAS**, e permite acudir en iguais ou mellores condicións ós aspirantes que non acreditan servizos previos a esta entidade que os que que acudan ó procedemento seguido polo MTAS. Para demostralo analizaremos os trazos esenciais de ambos procedementos:

(42) Ver Anexo I. Xustificación 33



	Sistema Selección Deputación Provincial Lugo (Bases, BOPs 8 e 30.03.2002)	Sistema Selección M.T.A.S. Bases, Orde MTAS, BOE 10-12-97
<b>Sistema Selectivo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concurso – Oposición</li> <li>- A puntuación da fase de concurso non é aplicable para superar a fase de oposición. Súmase a puntuación dos que superaran a fase de oposición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concurso – Oposición</li> <li>- A puntuación da fase de concurso non é aplicable para superar a fase de oposición. Súmase a puntuación dos que superaran a fase de concurso.</li> </ul>
<b>Fase Oposición</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- 2 exercicios eliminatorios</li> <li>1º Exame tipo test ----- <b>8 ptos</b></li> <li>2º Suposto práctico --- <b>16 ptos</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- 2 exercicios eliminatorios</li> <li>1º Exame tipo test ----- <b>50 p</b></li> <li>2º Suposto práctico --- <b>50 p</b></li> </ul>
<b>Totais</b>	<b>25 ptos</b>	<b>100 p</b>
<b>Fase Concurso</b>		
- <b>Experiencia no posto</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valorarase ata un máximo de <b>6 puntos. Poden ser servizos noutra Admón.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valorarase no apartado seguinte, pero só na <b>Administración da Seguridade Social.</b></li> </ul>
- <b>Servizos/ Antigüidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valorarase ata un máximo de <b>4 puntos</b> a razón de 0,08 de por mes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Antigüidade (Como funcionario interino ou laboral eventual, en posto de Auxiliar do MTAS, grupo D)</li> <li>- Valórase ata un máximo de <b>40 puntos</b> a razón de <b>8 puntos</b> por ano</li> </ul>
- <b>Formación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cursos relacionados co posto ... <b>2 puntos.</b></li> <li>- Cursos galego ..... <b>1 punto</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Non se valora</b></li> </ul>
- <b>Titulacións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Titulación superior, <b>1 punto</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Titulación superior, <b>5 puntos</b></li> </ul>
- <b>Experiencia en postos similares</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ata <b>2 puntos</b> conforme ós seguintes criterios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Non se valora</b></li> </ul>
<b>Totais</b>	Total fase Concurso <b>16 puntos</b>	Total fase Concurso <b>45 puntos</b>

- **Conclusiones:**

1.-A **antigüidade** no posto (só obtible por servizos á Deputación ou ó MT AS) representa **na Deputación ó 10%** da puntuación total, mentres que no **MTAS representa un 27,58%** da puntuación total respectiva.

2.-Aínda que engadíramos á antigüidade no posto (4 puntos) a experiencia neste (6 puntos), experiencia que, aínda que valorada con puntuación distinta pode obterse, no caso da Deputación noutras entidades distintas da



## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Deputación e non só nela, como no caso do MTAS, a porcentaxe de **antigüidade+experiencia** sobre puntuación total sería **25%**, inferior ó 27,58% que supón o MTAS.

3.-Se por riba do sinalado, tomamos en consideración os **méritos** que pode obter cada aspirante que **non acredite servizos previos** á Deputación e o comparamos co MTAS temos:

Méritos	Deputación	MTAS
- Puntuación que só poden obter os aspirantes que acrediten servizos previos.	- 4 puntos - Representa <b>10%</b> da puntuación total	- 40 puntos - Representa o <b>31,03%</b>
- Puntuación que poden obter todos os concursantes sen servizos previos en iguais ou similares condicións	- 12 puntos. - Representa o <b>30%</b> da puntuación total.	- 5 puntos. - Representa o <b>3,45%</b> da puntuación total.

Do sinalado evidénciase que o sistema de selección empregado pola Deputación en relación ó M.T.A.S. é **máis favorable en relación ós aspirantes que non teñan servizos previos a esta entidade que o empregado polo M.T. A.S. ou cando menos igual**, xa que:

- A experiencia/antigüidade que acrediten os aspirantes da Deputación ten menos relevancia no conxunto da puntuación (entre 17,58 e 2,58 puntos menos) que no MTAS.
- O peso dos méritos que poden ser obtidos polos aspirantes que non acrediten servizos previos é meirande no caso dos aspirantes da Deputación (un 26,55% máis).
- No caso do baremo da Deputación valórase a formación (3 puntos) e a experiencia en postos similares, aplicándose a postos desempeñados noutras Entidades Públicas ou Privadas (2 puntos), o que non se fai no baremo do MATS.

Aclarados estes aspectos, poderemos dicir que **o que se predique para o sistema selectivo do M.T.A.S. en relación ó cumprimento dos principios de mérito e capacidade será de aplicación ó baremo da Deputación, con igual ou máis razón, dada a súa igual ou maior obxectividade.**

A convocatoria para prover 1077 prazas do Corpo Auxiliar da Administración da Seguridade Social (Orden M.T. e A. S. de 10-12-1997, BOP 23 de decembro de 1997) foi obxecto de recurso de amparo, resolto por **STConstitucional 107/2003, de 2 de xuño, desestimando todas as pretensións da impugnante e en particular as referidas á valoración da antigüidade no posto fronte ós restantes méritos e fronte ás puntuacións na fase de oposición.** A citada sentenza sinala:



Partindo de que:

- *"As bases da convocatoria establecían así mesmo (Anexo I) que unicamente se valoraría a fase de concurso ós aspirantes que superasen a fase oposición, que en ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso podería aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición e que a orde definitiva do proceso selectivo, dentro de cada ámbito xeográfico, viría determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e concurso, (...), non se produciu o chamado "efecto mochila", isto é, que se sumen dúas veces os puntos por servizos previos, utilizando a puntuación obtida na fase de concurso para superar a fase de oposición (SSTC 67/1989, de 18 de abril (RTC 1989/67), F.5; 93/1995, de 19 de xuño (RTC 1995/93), FF. 6 e 7; 185/1994, de 20 de xuño (RTC 1994/185), F.2; e 11/1996, de 29 de xaneiro (RTC 1996/11), F.4, por todas). Por outra parte, tampouco estamos ante un suposto enmarcable nas oposicións e quedas restrinxidas, cuxo rexeitamento, como regra xeral, proclama o art. 19.1 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, e a doutrina deste Tribunal (por todas, SSTC 151/1992, de 19 de outubro (RTC 1992/51), FF.3 e 4; 302/1993, de 21 de outubro (RTC 1993/302), FF. 2 e 3; e 16/1998, de 26 de xaneiro (RTC 1998/16), FF. 5 e 6).*

O procedemento utilizado pola Deputación, segundo se pode constatar nas bases aprobadas e publicadas nos BOPs 8 e 30 de marzo de 2002, cumpren e son conformes cos criterios recollidos na sentenza que se comenta.

*En canto á valoración en si mesma considerada da antigüidade ou servizos previos na fase concurso (con 8 puntos por ano de servizo completo ata un máximo de 40 puntos por cinco anos ou máis, como se viu), convén recordar ante todo que a nosa doutrina precisou que "a consideración dos servizos prestados non é allea ó concepto de mérito e capacidade, pois o tempo efectivo de servizos pode reflectir a aptitude ou capacidade para desenvolver unha función ou emprego público e, supoñer ademais, nese desempeño, uns méritos que poden ser recoñecidos e valorados" (STC 67/1989, de 18 de abril (RTC 1989/67), F.3). Deste modo, non presenta problema de igualdade a consideración como mérito dos servizos prestados, senón a relevancia cuantitativa que as bases da convocatoria deran a ese mérito concreto, e, en particular, o que sexa o único tido en conta na fase de concurso (aínda que a valoración como mérito único dos servizos prestados tampouco sería por si soa contraria ó art. 23.2 CE, como sinalan as SSTC 137/1986, de 6 de novembro (RTC 1986/137), F. 6 e 67/1989 (RTC 1989/67), F.4, pois o determinante é se a ponderación dos servizos previos foi tan desproporcionada e irracional que descoñeceu o dereito á igualdade (...))."*

*Véxase o baremo de méritos da Deputación no cadro comparativo coas MTAS onde se constata que ademais da antigüidade (4 puntos, 10% total do baremo) experiencia no posto (6 puntos, 15% total do baremo), valórase tamén a formación (3 puntos, 7,5% total do baremo), as titulacións superiores (1 punto, 2,5% total do baremo) e experiencia similar (2 puntos, 5% total do baremo).*

Partindo deste criterio a Sentenza manifesta:

*"Por outra parte, tampouco se advirte que a ponderación dos servizos previos fose tan desproporcionada e irracional que vulnera o art. 23.2 CE. En efecto, á marxe de que a antigüidade non era o único mérito valorable na fase de concurso (pois tamén se valoraba con 5 puntos o estar en posesión dunha titulación académica superior á esixida para participar na convocatoria, como se viu), a puntuación outorgada a aqueles que posuían servizos previos computables, aínda que é certo que outorga unha substancial vantaxe a estes aspirantes (en maior grao cantos máis anos de servizos prestados acreditasen, co máximo indicado), non exclúe da competición ós que, como a recorrente, carecen do dito mérito, pese a que impoña a estes opositores "por libre", para situarse a igual nivel de puntuación que os opositores interinos, un nivel de coñecementos superior, pero sen que isto signifique o establecemento dun obstáculo insalvable que impida o acceso á*



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

**función pública dos que non prestaron servizos previamente na Administración da Seguridade Social**

*A máxima puntuación que pode obterse por servizos previos (40 puntos con cinco ou máis anos de servizo) supón un 27,58 por 100 da puntuación máxima que podería obterse en total no proceso selectivo, (...) tampouco pode considerarse desproporcionada” xa que “a consideración do tempo de servizos previos como mérito computable obedece a circunstancias que non poden considerarse irrazoables ou arbitrarias”*

Lémbrese que no caso da Deputación os servizos previos “**stricto sensu**” só valían 4 puntos e representaban o **10%** da puntuación total, se a eles **engadíamos a experiencia** no posto, puntuándose nesta a obtida noutras administracións, acadaba un **25%, inferior ó 27,58% do MTAS**.

En resumo:

- Da análise das sentenzas do TSXG e Xulgado C-A de Lugo.
- Da comparanza das Bases de selección correspondentes ó O.E de 2001 coa Orde do MTAS pola que convocou 1077 prazas de Auxiliar, Grupo D.
- Da STC 107, 2003, de 2 de xuño en relación á convocatoria do MTAS antedita, resulta comprobado **que a actuación da Deputación Provincial na tramitación da OE do 2001, respecta os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e as decisións que adoptou o Tribunal son conforme a dereito**, xa que:

**A) O establecemento de critérios complementarios non supón introducir unha discrecionalidade incompatible co cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, senón “unha autolimitación da súa discrecionalidade técnica” (STS 8-11-91 e 26-5-96 referidas en S 205/2000 Xulgado C A Lugo).**

**Tampouco supón “arrogarse unhas facultades de interpretación que se encontran fóra do ámbito da súa competencia”** xa que, conforme se referencia na S 18/2001 TSXG **está dentro da súa discrecionalidade técnica** e así o sanciona o Tribunal Supremo “**pois susténtanse en criterios razoables ponderados e ecuanimes de valoración e non implica unha innovación das bases senón unha concreción acorde cos principios constitucionais mencionados o que descarta toda sombra de ilegalidades**” (TSXG, S18/2001)

**B) A ponderación da experiencia de forma cualitativa e diferenciada da antigüidade é conforme ó dereito** (S469/98, TSXG; STC 107/2003 ambas xa citadas) **nin a ponderación do traballo desenvolto é desproporcionada.**

**C) Tampouco concorda coa realidade a afirmación que di: “Desta forma, os candidatos que viñan prestando os seus servizos no posto de traballo obxecto da convocatoria obterían as puntuacións máis elevadas na fase de concurso, adxudicándolles os mesmos con carácter definitivo”,** o que dá a entender que gañan a praza definitiva gracias á fase de concurso. O cadro seguinte<sup>(43)</sup> mostra os resultados dos procedementos selectivos correspondentes a OE.

2001:

(43) Ver Anexo I. Xustificación 20



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

PRAZAS CONVOCADAS O.E 2001	Nº DE PRAZAS	OBTERÍAN A PRAZA SEN SUMAR A FASE DE CONCURSO	%	OBTIVERON A PRAZA SUMANDO A FASE DE CONCURSO	%
COIDADOR	2	-	-	2	100%
GARDABOSQUE	1	1	100%	-	-
OBREIRO	4	4	100%	-	-
ENCARGADO/A PAZO DE TOR	1	1	100%	-	-
ATS	3	2	66,67%	1	33,33%
ADMINISTRATIVO -TRADUDTOR	1	1	100%	-	-
AUXILIAR DE ENFERMERÍA	1	1	100%	-	-
CELADOR	1	1	100%	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>	<b>11</b>	<b>78,37%</b>	<b>3</b>	<b>21,43%</b>

Da análise do cadro anterior, baseado nos expedientes revisados polo órgano fiscalizador é **conclusión indubidable** que o **78,37% dos seleccionados** accederon á praza (como funcionarios ou persoal laboral do cadro de persoal desta entidade) **obtendo as máis altas puntuación na fase de oposición**, de tal xeito que **os resultados da fase de concurso son irrelevantes**.

Finalmente hai **que concluír** que, conforme ó analizado, **os baremos concursais e os criterios de actuación dos Tribunais de selección da Oferta de Emprego 2001 na Deputación de Lugo e INLUDES, permiten dar estricto cumprimento ós principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, sen que se poida falar de "un proceso irregular"** a non ser que se pretenda facer prevalecer unha opinión do órgano fiscalizador da actividade económico-financeira sobre **a xurisprudencia consolidada da xurisdicción Contencioso-Administrativa, órgano xurisdiccional especializado na revisión da legalidade da actuación da Administración Pública e mesmo sobre a xurisprudencia cualificadísima do Tribunal Constitucional en relación ós reparos de cumprimento de principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e mesmo obxectividade e publicidade, xurisprudencia da que a sentenza 107/2003, de 2 de maio nos parece paradigmática.**

Pazo Provincial, 12 de marzo de 2004.

O PRESIDENTE,

Asdo: Francisco Cacharro Pardo

## **RÉPLICA ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

En cumprimento do disposto no artigo 58 do Regulamento do Consello de Contas de Galicia, os resultados das actuacións realizadas foron remitidas ó Presidente da Deputación Provincial de Lugo o 9 de febreiro de 2004 (RS nº 83), concedéndolle un prazo ata o 5 de marzo de 2004 para que presentara as alegacións, documentación e xustificantes que estimara oportunos. A solicitude da Presidencia da Deputación Provincial (RE nº 222, 26 de febreiro de 2004) concedeuse a ampliación de dito prazo ata o día 15 de marzo, o que se comunicou mediante oficio remitido o 1 de marzo de 2004 (RS nº 117).

O 15 de marzo de 2004 (RE nº 336) presentáronse as alegacións que se achegan ó presente informe. En relación ó contido e con independencia das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuran na réplica, é necesario sinalar con carácter xeral o seguinte:

- a) Se como consecuencia das alegacións se modificara total ou parcialmente o contido do informe, esta modificación sinalarase en nota a pé de páxina.
- b) Agás en casos concretos que así o requiran, o Consello de Contas non valorará as alegacións que:
  - Confirman deficiencias ou irregularidades sinaladas no anteproxecto de informe.
  - Ofrecen criterios ou opinións sen soporte documental ou normativo.
  - No rebaten o contido do anteproxecto de informe, proporcionando tan só explicacións ou xustificacións da actividade municipal.

**1. Alegacións estimadas:** Incorporáranse as oportunas precisións nos seguintes apartados:

**2.2** Convenio colectivo do persoal ó servizo da Deputación Provincial de Lugo

**3.2** Oferta de emprego público

**6.2** Procedementos de selección. Oferta de emprego público do exercicio 2001.

## **2. Alegacións non estimadas pero valoradas.**

### **2.2.- Análise orzamentario e contable**

#### **a) Incumprimento do artigo 149 .1 c) LRFL e 18.1 c) do RD 500/1990.**

*No expediente do orzamento si figura o Anexo de Persoal (Doc.11 do Orzamento).*

*O Anexo de Persoal é un documento ó que soamente a lexislación lle pide:*

- a) Que se relacionen os postos de traballo.*
- b) Que se valoren os postos de traballo.*
- c) Que o anterior sirva para que exista unha correlación cos créditos para persoal incluídos no Orzamento.*

*Descoñecemos a existencia de normativa de desenvolvemento de cómo ha de ser a forma correcta e detallada deste Anexo, polo que parece que existe unha certa liberdade na forma, se con isto se consegue o obxectivo da identidade entre os créditos de persoal e os datos do dito Anexo.*

*Neste sentido, podemos tomar como termo de referencia o Anexo de Personal do Orzamento da C.A.Galega, para establecer unha comparación:  
(...)*

O artigo 18.1 c) do RD 500/1990, que desenvolve o artigo 149 1 c) da LRFL, establece o contido que debe incluír o anexo de persoal, esixindo, como ben se expón na alegación, que se relacionen e valoren os postos de traballo existentes na entidade local, de xeito que se dea a oportuna correlación cos créditos para persoal incluídos no Orzamento.



Entre a documentación que acompaña ó Orzamento da Deputación Provincial achégase como Anexo de persoal a Relación de Postos de Traballo (RPT) aprobada por dita Entidade. A información contida en dito documento non responde ás esixencias do precepto mencionado, xa que non existe unha valoración económica dos postos de traballo, nin constan, como se aduce, os datos precisos para obter dita cuantificación, ó non incorporar os datos relativos ás percepcións por antigüidade, resultando polo tanto imposible efectuar a correlación cos créditos do persoal consignados no Orzamento.

A inexistencia de regulación normativa en canto á forma en que se debe presentar dito anexo, non evita non obstante a información que éste debe ofrecer, resultando inequívocos os termos expresados no precepto mencionado.

#### **b) Convenio Colectivo do Persoal ó servizo da Deputación Provincial**

*Baixo este epígrafe faise referencia ó Convenio Colectivo para persoal laboral da Excma. Deputación e do INLUDES (B.O.P. 30-08-1990) e ó Acordo Marco Único para persoal funcionario da Excma. Deputación e do INLUDES (B.O.P. 31-01-1990), textos de contido análogo pero de natureza xurídica diferente de tal xeito que non permite facer unha crítica uniforme como realiza o órgano fiscalizador, a ambos, sobre todo se a crítica consiste en afirmar que “...estes documentos inclúen disposicións cuxa materialización contravén a lexislación vixente”, xa que ambos textos, aínda que emanan do recoñecemento do dereito á negociación colectiva (...) o alcance deste é menor na negociación colectiva que afecta ó persoal funcionario que a que afecta ó persoal vinculado á Administración por unha relación de dereito laboral.(...)*

*Neste sentido o alcance da negociación colectiva do persoal laboral nas Entidades Públicas tan só se ve limitado polo principio de legalidade orzamentaria e a Administración Pública actúa neste campo espíndose das prerrogativas do dereito administrativo e someténdose ás normas de dereito laboral contidas neste caso, esencialmente no Título III do Estatuto dos Traballadores que regulan “A negociación colectiva e os convenios colectivos”. Estas consideracións obrigan a analizar por separado os reparos que de xeito uniforme (e erróneo ó noso entender) se fan a ambos textos.*

O capítulo IX do Convenio Colectivo Único regula o réxime retributivo do persoal laboral ó servizo da Deputación Provincial. En virtude da autonomía colectiva consagrada no artigo 82 do ET, a representación da Entidade e dos traballadores acordaron que *as retribucións do persoal laboral da Deputación Provincial axustaranse ó disposto no RD 861/1986 de 25 de abril polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local e polo acordado pola Corporación en sesión do 26 de xullo de 1988. De acordo co artigo 1 do citado RD, os funcionarios de Administración Local, con base no disposto no artigo 93 da Lei 7/1985 do 2 de abril, tan só poderán ser remunerados polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984 do 2 de agosto. (artigo 35 do Convenio Colectivo)*

A teor da equiparación contemplada no convenio, os “reparos” que se formulan no anteproxecto de informe alcanzan tanto ó persoal funcionario como ó laboral, no que respecta ó réxime retributivo.

No que afecta á xornada incorpórase ó informe a oportuna precisión.

*O Acordo Marco fai referencia ó sistema retributivo no Capítulo e máis en concreto no seu artigo 32 que leva por título precisamente **“Sistema Retributivo”**.*

*A Lei 30/84 de 2 de agosto de MRFP, establece no seu artigo 23 os conceptos retributivos para todos os funcionarios:*

*(...)*

*Como acabamos de ver **o sistema retributivo** que se aplica ós funcionarios da Deputación e INLUDES tal como figura recollido no artigo 32.2 do Acordo Marco **concorda plenamente co establecido no artigo 23 da Lei 30/84**, como non podía ser de outro xeito. **Os conceptos retributivos son os mesmos, na súa remuneración e definición.***

*Neste sentido non sabemos en que fundamenta os reparos o Órgano fiscalizador...*

Efectivamente o artigo 32.2 do Acordo Marco concorda co disposto no artigo 23 da LMRFP. Non obstante, contémlanse no Acordo outras percepcións que non encontran cabida en dito precepto, tales como:

- Compensación económica do descanso diario (artigo 17.7)
- Gratificacións por servizos especiais realizados fóra do termo municipal (artigo 44)
- Premio de nupcialidade e de natalidade (artigo 51.5)
- Subsidio de viuvez e orfandade (artigo 51.6)
- Premio de xubilación (artigo 51.7)

En canto ás restantes alegacións formuladas ós “reparos” manifestados no anteproxecto de informe indicase:

- Non se consideran as xustificacións fundamentadas en normativa aprobada con posterioridade ós exercicios fiscalizados ou aínda non promulgada.
- Tampouco se consideran as que se xustifican en actuacións de outras Administracións Públicas, xa que non eximen da obriga de cumprir a legalidade por parte da Deputación Provincial.
- O feito de que algunhas previsións do Convenio non se materializaran ata a data (promoción cruzada ou incorporacións das consignacións do Fondo Social), non impide efectuar consideracións acerca da legalidade das mesmas.

**c) Plan de funcionarización do persoal laboral e contradición apreciada en relación á Oferta de emprego Público (OEP) de 2001.**

Reitéranse as apreciacións expresadas no anteproxecto de informe. Na OEP de 2001 resérvanse ó persoal laboral 3 postos de ATS e 1 de auxiliar de enfermería que figuraban especificamente como “susceptibles de funcionarizar” no Plan de Emprego de 2001 (apartado 4.2.2 do libro III), polo que resulta incoherente ofertar istos postos con carácter laboral á espera de que a lei ampare os procedementos de funcionarización dos mesmos.

Así mesmo ofértanse no exercicio 2001 postos laborais de capataz (3), celador (1), coidador (2) e obreiro (4), pese a que o maior número de efectivos

correspondentes a estas categorías, como revela o cadro que se transcribe, posúe carácter funcional.

Como mostra da atribución arbitraria do carácter funcional ou laboral a idénticos postos de traballo, obsérvase o que segue en relación cos ofertados en 2001 :

Praza/Posto	Plantilla de 2000		Plantilla de 2001	
	Prazas funcionariais	Postos laborais	Prazas funcionariais	Postos laborais
ATS	19	10	19	13
AUXILIAR ENFERMERÍA	35	13	11	15
CAPATAZ CAMIÑOS	11	3	9	5
CELADOR	12	9	6	10
COIDADOR	32	15	22	10
OBREIRO	27	2	14	1

### **3. PLANTILLA, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO.**

#### **3.1.- Plantilla e Relación de Postos de Traballo**

##### **a) Incumprimento da esixencia de publicación da plantilla preceptuada polo artigo 127 do TRRL**

*Debe dicirse que a Relación de Postos de Traballo publicada contén toda a información que figura no Cadro de Persoal (e aínda máis), entendendo que este debe comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados, reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual” (art.126.1 do RDL 781/1986).*

Aínda admitindo unha certa imprecisión na regulación legal con respecto á delimitación de ámbolos dous instrumentos de ordenación do persoal, na que subxace a confusión entre praza e posto de traballo, a lexislación configura plantilla e RPT como instrumentos que, sen prexuízo da súa interconexión, son diferentes (artigos 14.5 da LMRFP, 33.2 f), 90.1 e 2 da LRBRL, 129.3 do TRRL).

A esixencia de publicación preceptuada polo artigo 127 do TRRL alcanza a ámbolos dous documentos sen que exista identidade no seu contido, recolléndose na plantilla a relación de prazas, e na RPT os postos de traballo existentes na organización (STS 31/10/1992).

### **3.2.- Oferta de emprego público**

#### **a) Incumprimento do prazo de aprobación e publicación da OEP establecido no artigo 128 do TRRL.**

*Os reparos que se realizan á tramitación da Oferta de Emprego para o ano 2001 deben contemplarse desde a perspectiva **da evolución normativa na regulación da Oferta de Emprego Público***

*A normativa de referencia encóntrase contida no **artigo 18 da lei 30/1984, de 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública**, de carácter básico, que sufriu dúas modificacións:*

*(...)*

*O contido citado ten carácter básico e, en consecuencia, é aplicable a todas as Administracións, e polo tanto á Local.*

*Deste contido despréndese claramente dúas decisións moi significativas:*

- a) Desaparecen as referencias temporais en relación coa tramitación da Oferta de Emprego e dos actos posteriores tales como as correspondentes convocatorias, polo que o incumprimento do prazo sinalado no artigo 128 do RDL 781/1986, debe enmarcarse neste ámbito flexibilizador. Debe recordarse que é hábito frecuente do lexislador estatal, particularmente en materia de función pública, modificar normativa básica ou estatal e esquecerse das correspondentes adecuacións na normativa específica da función pública local.(...)*

Análogamente o artigo 5 do Decreto 95/1991 do 20 de marzo polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, que esixe que o Consello da Xunta aprobe a oferta de emprego público dentro do trimestre seguinte á aprobación da Lei

anual de orzamentos, o artigo 128 TRRL singulariza para o ámbito local a aprobación da oferta no prazo dun mes dende a aprobación do orzamento provincial.

A esixencia de aprobación e publicación da Oferta de Emprego Público dentro do prazo dun mes dende a aprobación do Orzamento, cuxo incumprimento púxose de manifesto no anteproxecto de informe, contense no artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril. Dita norma foi dictada en virtude da autorización outorgada ó Goberno pola Disposición Final Primeira da LRBRL, para refundir nun só texto as disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local comprendendo tamén a regularización, aclaración e harmonización de ditas disposicións, configurándose como un texto normativo no que se recolle a normativa específica e polo tanto peculiar do Réxime Local e cuxas disposicións, de conformidade coa Disposición Final Sétima (en congruencia coa Disposición Transitoria Primeira da LRBRL), constitúen lexislación do Estado transitoriamente aplicables, cuxos preceptos teñen, segundo os diversos supostos nel contemplados, o carácter de normativa estatal básica ou, no seu caso, supletoria da que poidan ir aprobando as Comunidades Autónomas.

A referencia temporal contida no TRRL, de conformidade co apartado b) da Disposición Final Sétima do TRRL, debe entenderse como unha peculiaridade do réxime local aprobada polo lexislador estatal.

#### **b) Inclusión na Oferta de Emprego Público das prazas reservadas a promoción interna**

*b) O contido do artigo 18, regulador da Oferta de Emprego Público, non establece a obriga expresa nin implícita de incluír nesta as prazas reservadas á promoción interna*

*(...)*

*Alude no informe o Órgano Fiscalizador á **Sentenza do Tribunal Supremo de 29-02-2000**. O fundamento xurídico segundo, facendo referencia ó artigo 18 dispón:*

*“a) O art.18 da LMRFP, tanto no seu texto inicial como na redacción resultante da modificación realizada pola Lei*

*22/1993, de 29 de decembro, dispón a inclusión na Oferta de Emprego Público daquelas prazas dotadas orzamentariamente que vaian ser obxecto de ulterior convocatoria de probas selectivas de acceso. E non aparece en ningún deses textos excepción, respecto da esixencia desa inclusión, para as prazas reservadas ó sistema de promoción interna”*

*Co debido respecto ó Alto Órgano Xursidiccional, debe dicirse que no parágrafo anterior (fundamento xurídico segundo da sentenza) prodúcese unha contradición significativa. O Tribunal interpreta que integrarán a Oferta de Emprego as prazas que **estando vacantes por non poder ser cubertas cos efectivos de persoal existentes** (...) vaian ser obxecto de posteriores convocatorias de probas selectivas de acceso. O sentido, neste contexto, do termo **“acceso”** só pode facer referencia á incorporación de **efectivos de persoal non existente**, que non pode ser outro que **persoal externo á organización**. O persoal obxecto de promoción interna, xa existe na organización porque **xa accedeu no seu día**. Precisamente por que xa accederon e son funcionarios públicos poden concorrer a procesos de promoción interna.*

*(...) Con todo respecto hai que dicir que no artigo 18 na actual redacción, contextualizando a Oferta de Emprego na regulación dos Plans de Emprego e interpretando literalmente os seus termos, **non obriga expresamente nin implicitamente á inclusión nesta das prazas de promoción interna, senón máis ben todo o contrario.***

De acordo co artigo 18.4 LMRFP, a inclusión na OEP das prazas vacantes que non podan ser cubertas cos efectivos de persoal existente refírese ó persoal que pertenza, á data da provisión da praza, á escala e subescala ou categoría correspondente que esixa o posto de traballo a cubrir polo concurso ou libre designación de acordo coa RPT aprobada. Os efectivos de persoal ó servizo da Deputación Provincial interesados en acceder ós mesmos por promoción interna non reúnen as condicións necesarias para cubrilos de xeito legal (concurso ou libre designación de acordo co artigo 20 LMRFP) en tanto non accedan ó grupo funcional e á escala e subescala ou categoría necesarios para a provisión. A promoción interna é unha forma de promoción profesional dentro do dereito á carreira administrativa, pero non unha forma de provisión

de prazas. En consecuencia, non existe a contradicción alegada na Sentenza do TS do 29 de febreiro de 2000.

De conformidade co artigo 91.2 da LRBRL, a selección de todo o persoal debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, sen que se exclúa expresamente a efectuada mediante o sistema de promoción interna.

Non se recolle en ningún dos preceptos reseñados obriga expresa de non incluír as referidas prazas. Non obstante, a interpretación literal dos preceptos mencionados, de acordo co pronunciamento do Tribunal Supremo, non supón senón unha aplicación do aforismo “onde a Lei non distingue, o intérprete non debe distinguir”.

**c) Atraso na tramitación dos procesos selectivos realizados para cubrir as prazas incluídas na Oferta de Emprego Público de 2001**

*As Bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da provincia de 8 e 30 de marzo de 2002 rematando os citados procesos por acordos da Comisión de Goberno de 14 de febreiro e 25 de abril de 2003, non sendo axustado ós feitos, afirmar que se iniciou o seu desenvolvemento no 2003”*

O desenvolvemento dos procesos selectivos a que se refire o anteproxecto de informe debe entenderse referido á fase de realización das probas de oposición polos candidatos concorrentes, o que se incorpora a efectos de precisar o expresado no citado anteproxecto.

En calquera caso, confirman o atraso padecido na tramitación dos procedementos selectivos relativos ós postos incluídos na Oferta de Emprego Público de 2001 os seguintes feitos:

- Non existe constancia de que se tivera producido a convocatoria pública dos tres postos de capataz (persoal laboral) incluídos na referida oferta.
- Se ben a praza de técnico superior (persoal funcionario) foi obxecto de convocatoria pública, non existe constancia da celebración de probas de selección para a súa cobertura.



#### **4.- PERSOAL Ó SERVIZO DA ENTIDADE LOCAL**

##### **4.2. PERSOAL FUNCIONARIO**

*Non podemos menos que sorprendernos ó comprobar que os reparos que se realizan neste apartado fan referencia a expedientes de selección finalizados nos anos 1986 (3), 1985 (1), 1983 (1), 1982 (1), 1977 (1), 1975 (1), 1974 (1), 1973 (1). É dicir: aínda que os “obxectivos e alcance da fiscalización” acordada polo Pleno do Consello de Contas en sesión de 16 de decembro de 2002 circunscríbese a área de gastos de persoal correspondentes os exercicios 2000 e 2001” (Anteproxecto do informe de fiscalización, punto 1, páxina 1), acúdense a expediente finalizados 25 ou 30 anos antes. (...)*

*Pois ben, recordando que a Constitución Española- que consagra estes principios- aprobouse no ano 1978, que a Lei 30/1984, de MRFP, de 2 de agosto é a norma que crea a figura da Oferta de Emprego, malamente se lles pode esixir os procedementos tramitados entre o 1973 e 1984 (8 dos sinalados) que sigan os criterios de normas “non natas” sobre todo cando a normativa en vigor naquelas datas “era a que era” e de cuxo cumprimento por esta Entidade non temos porque dubidar.*

*Por esa razón entendemos que no informe definitivo **debería suprimirse o parágrafo que comentamos**, xa que nada aporta ós obxectivos da fiscalización e si confunde sobre o proceder desta Entidade.*

De acordo co punto 1.1 “Obxectivos e alcance” do anteproxecto de informe, o período temporal exténdese a aqueles expedientes obxecto de mostra coa finalidade de determinar a situación xurídica dos empregados provinciais nos exercicios 2000 e 2001, que afecta á produción de efectos económicos.

##### **a) Incidencias nas percepcións dos funcionarios adscritos á Deputación Provincial con cargo ó Orzamento do INLUDES.**

*(...)*

*3º- As obxeccións realizadas polo Consello de Contas na actual fiscalización cremos que non teñen fundamento ningún, e consideramos máis adecuadas e conformes ó ordenamento xurídico as obxeccións de 1996 existindo unha certa contradicción nas dúas fiscalizacións, se non se teñen as ideas claras, pode inducir a confusión.*

(...)

***En definitiva cremos que as percepcións respectan escrupulosamente a legalidade vixente, posto que, desde unha perspectiva interna (Deputación-INLUDES) non se trata de dúas administracións senón da mesma.***

O artigo 2.1 c) LIP inclúe de forma expresa ó *persoal ó servizo das Corporacións Locais e dos Organismos delas dependentes* no ámbito de aplicación da Lei de Incompatibilidades. No segundo parágrafo dos puntos 1 e 2 do artigo 1 do mesmo texto legal contéñense as definicións de actividade no sector público (*a desenvolvida polo restante persoal de tódalas Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes*) e remuneración (*calquera dereito de contido económico derivado, directa ou indirectamente, dunha prestación de servizo persoal, sexa a súa contía fixa ou variable e o seu devengo periódico ou ocasional*), sen prexuízo da posibilidade de percepción de dietas e indemnizacións ó abeiro do artigo 8 LIP.

Verificándose a concorrencia das infraccións a que se refire o artigo 1.2 LIP, ratifícase o exposto no anteproxecto de informe.

*As diferencias detectadas polo órgano fiscalizador ó comparar os modelos fiscais 190 e a información desprendida das nóminas do INLUDES para os exercicios 2000 e 2001 débense á existencia de pagos realizados a integrantes de tribunais de oposicións...*

En relación coas diferencias detectadas entre as cantidades que figuraban en nómina e as que reflectía o modelo 190 correspondente a 2000 e 2001, apórtase un detalle comprensivo dos pagos individuais efectuados por razón da asistencia a *Tribunais cualificadores*. Non obstante non se achega documentación relativa ós mandamentos de pago individuais que se relacionan no escrito de alegacións, polo que non se modifica o contido do anteproxecto de informe.

#### **4.3. PERSOAL LABORAL**

**a) Acceso de persoal laboral mediante Decreto da Presidencia sen que conste a realización de ningún proceso selectivo.**

*Estase a facer referencia á selección de persoal laboral temporal. Nese sentido debe dicirse, de acordo co artigo 249 de Lei 5/1997 de 22 de xullo da A.L.G., que en relación*

*a selección de persoal laboral (todo, non só temporal) sinala:*

*“Agás os casos de urxencia, o procedemento de convocatoria será o concurso”*

*É dicir, admítase a contratación por Decreto, en caso de urxencia.(...)*

A urxencia é un concepto xurídico indeterminado, que, non obstante a súa indeterminación, require ser precisado no momento da súa aplicación. Así mesmo, a urxencia pode determinar unha flexibilización do procedemento ordinario, que se traducirá nunha redución de prazos (artigo 50 LRJPAC) ou nunha supresión de determinados trámites, pero nunca na ausencia de procedemento que tan só sería admisible nos casos de emerxencia ou estado de necesidade.

#### **b) Publicidade no taboleiro de anuncios da selección do persoal laboral do INLUDES**

*Criticase en particular, que nos procesos de selección “a publicación realízase no taboleiro de edictos da Corporación”.*

*(...)*

*Facendo a publicación do anuncio de convocatoria no taboleiro de edictos da Corporación ou INLUDES segue o mesmo criterio que o establecido para a selección de funcionarios interinos da Administración do Estado, segundo a recente orde 1461/2002 de 6 de xuño (B.O.E. nº 143, de 15.06.2002) que non prevé, en ningún caso a publicación en ningún Diario Oficial (ver art.6º da mesma). En calquera caso esta entidade está en disposición de mellorar a publicidade en relación á selección de persoal laboral temporal.*

A réplica a esta alegación formúlase conxuntamente coa do epígrafe 6.1.

#### **c) “Técnico Superior” (persoal laboral)**

*A referencia a un Técnico Superior que despois de prestar servizos como persoal eventual, contratado laboral temporal, accede ó cadro de persoal mediante convocatoria pública tramitada no ano 1995, non está dentro do período que se está a fiscalizar (2000/2001) e debería suprimirse por non corresponder ó mesmo, nin achegar*

**información significativa en relación o cumprimento dos obxectivos da fiscalización.**

Reiteramos o exposto na primeira réplica formulada no apartado 4.2 “Persoal funcionario”.

**4.4.- Anticipos, gratificacións e indemnizacións**

**Anticipos**

(...)

*A falta de detalle de determinadas presuntas anomalías, cáusanos unha certa indefensión co obxecto de informar acerca da cuestión, pois descoñecemos os expedientes ou documentos concretos ós que se alude.*

O acceso do equipo de auditoría ós distintos expedientes que integraron a mostra seleccionada efectuouse por conducto dos responsables do departamento cuxa colaboración, por razón da materia, foi precisa, sendo facilitada fotocopia dos mesmos por dito persoal.

Pola outra parte, durante o prazo concedido para a práctica de alegacións, remitiuse a información que os responsables municipais estimaron oportuna para aclarar algunha das mostras analizadas, sen que fose solicitada ningunha referida ó caso que nos ocupa.

**5.- CARGOS ELECTOS**

**5.1. Retribucións**

**a) Publicidade do réxime e retribucións dos cargos electos**

*Vaia por anticipado dicir que nas actuais retribucións dos cargos electos, en acordo aparte están publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia números 164 e 226 do 18 de xullo e un de outubro de 2003 respectivamente, pero como atenuantes da omisión podemos facer as seguintes:*

*a) O proxecto de Lei sobre as percepcións de cargos públicos non sinalaba a publicación, que se introduce no trámite parlamentario. Os funcionarios acostumbran a*

*manexar nesa época de decembro e xaneiro os proxectos, coa convición de que poucas modificacións sustanciais se introducen.*

*b) A regulación de tales percepcións facíanse, por consello dos servizos económicos nas Bases de execución do Orzamento, o cal, ó ir incluída dentro doutras bases, dificultaba a súa publicación.*

*c) De conformidade co art. 149 da Lei de Facendas Locais, o Orzamento, hai que aprobarlo antes do 15 de outubro do ano anterior. Se así, se fixese, a Lei 14/2000 non afectaría ás bases do Orzamento por estar xa aprobadas. Sería de aplicación pois a Lei a uns orzamentos e a outros non, o cal non parece lóxico.*

O proxecto de Orzamento da Deputación Provincial e do INLUDES para o exercicio 2001 foi dictaminado pola Comisión Informativa de Facenda e Economía en sesión celebrada o día 21 de marzo de 2001. Aprobouse inicialmente polo Pleno o 26 de marzo de 2001, sendo definitivamente aprobado na sesión celebrada o 30 de abril de 2001. As modificacións introducidas na LRBRL pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, non ofrecían dúbidas en dita data, estando xa en vigor a obriga de publicación esixida polo artigo 75.5 da LRBRL.

### **5.2.a) Dietas**

*Referente ás percepcións do Vicepresidente, o informe fai un alarde de imaxinación, inventando unha situación, que non ten nada que ver nin coa realidade nin coa cobertura xurídica desas percepcións. Quizais se trata de transplantar a esta Corporación situacións doutras entidades, anteriores á Lei 14/2000; porque nin antes que era ilegal, nin agora que o segue sendo, ós cargos políticos se lles pagou de forma ilegal (nin con ilegalidade tolerada), e proba disto é que o informe de 1996 nin sequera fai mención ó problema. É obvio, polo tanto, que se cando non había cobertura legal para esas percepcións non se cobraron, agora, que existe cobertura, non parece lóxico que se utilice o sistema, a menos que ó Consello de contas lle gustase encontralo. Reiteramos, os cargos electos non percibiron desta Entidade nunca cantidades ilegais, aínda que, reiteramos, con ilegalidade tolerada.*

*De conformidade co apartado 1º do acordo de 26 de marzo de 2001, que reproduce a base undécima do Orzamento do*

*ano 2000, calquera Deputado Provincial será indemnizado cunha axuda de custo por cada día de desprazamento fóra do municipio da súa residencia habitual.*

*Esixe ademais o acordo que se refire a asuntos inherentes a súa condición de Deputado Provincial, ou o que é o mesmo que actúe nunha xestión de servizo público en sentido amplo, identificado con función. Considérase cumprida esa condición pola súa permanencia no despacho de Vicepresidente, para colaborar na xestión da Deputación Provincial co seu Presidente, naquelas materias encomendadas, e despachar a firma de todas as resolucións, documentos administrativos, oficios, etc., incluídos os mandamentos de pago.*

*Noutros casos, e tamén para xustificar a súa función pública de desempeño de funcións inherentes ó cargo, explícase que actuou “en representación da deputación Provincial”, citándose o lugar de destino; ou engádesse “Deputación”, ou “delegación”, etc.*

*A situación que existe, e a que o Consello de Contas describe que existe, non se parecen en nada. O Consello de Contas confunde “dieta” con “asistencia”, que o acordo de 26-03-2001 distingue con meridiana claridade.*

A teor dos termos expresados na alegación, estimamos oportuno efectuar unha serie de consideracións acerca da evolución normativa das indemnizacións que contribuirán a unha mellor comprensión da réplica que se formula:

O réxime das indemnizacións dos cargos electos das Corporacións Locais sofre unha importante revisión desempeñando un papel fundamental as modificacións introducidas pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 14/2000, do 29 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social.

A lexislación do réxime local, con anterioridade á modificación introducida pola Lei 11/1999, contemplaba a posibilidade de retribuír polo exercicio dos seus cargos soamente a aqueles membros corporativos que os desempeñaban con dedicación exclusiva, sendo non obstante común a tódolos cargos electivos locais o dereito a percibir indemnizacións, nas que se incluían tanto as derivadas de gastos ocasionados polo exercicio do cargo como as asistencias por concorrencia a sesións dos órganos colexiados de que

formasen parte (posibilidade unicamente vedada ós cargos con dedicación exclusiva).

A imposibilidade de retribuír a aqueles corporativos que dedicaban tan só parte do seu tempo ós asuntos municipais (ou provinciais), motivou que gran número de Corporacións Locais adoptasen acordos plenarios nos que se asignaba unha cantidade a tanto alzado, de carácter fixo e devengo periódico, en concepto de indemnización, a través das cales se trataba de compensar economicamente o exercicio dun cargo municipal (ou provincial) sen réxime de dedicación exclusiva.

O artigo 75.2 da LRBRL, en virtude do cal os membros das Corporacións Locais poderían percibir indemnizacións na contía e condicións que acordase o Pleno da Corporación, e a interpretación ampla do concepto de indemnización realizada pola xurisprudencia do Tribunal Supremo, concretamente nas STS do 18 de xaneiro e 10 de xullo de 2000 (referidas a situacións anteriores á introdución do réxime de dedicación parcial pola Lei 11/999), permitiron dar cobertura á práctica xeneralizada nas Entidades Locais.

Non obstante, a confusión e as dificultades interpretativas propiciadas polos pronunciamentos xurisprudenciais, resolvéronse coa modificación introducida pola Lei 14/2000, que entre outras reformas da nova redacción ó artigo 75.4 da LRBRL, a cuxo teor os membros das Corporacións Locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo, outorgando rango legal á noción restrinxida de indemnización que xa se contiña no ROF, contribuindo así a evitar abusos na súa percepción.

De acordo coa análise efectuada sobre a mostra das dietas abonadas ós Deputados Provinciais, correspondente ós dous primeiros trimestres do exercicio 2001, o Vicepresidente da Deputación percibiu as asignacións a tanto alzado, de contía fixa, establecidas no Acordo do 26 de marzo de 2001, sen que este feito poda cualificarse de erro nin de alarde de imaxinación, tal como se pode comprobar dos datos que se detallan:

**LISTADO DE DIETAS 1º TRIMESTRE 2001**

<b>DATA</b>	<b>IMPORTE</b> (pesetas)	<b>LUGAR DESTINO</b>
08/01/2001	20.000	DEPUTACIÓN
10/01/2001	20.000	DEPUTACIÓN
15/01/2001	20.000	DEPUTACIÓN
22/01/2001	20.000	DEPUTACIÓN
<b>TOTAL XANEIRO 2001</b>	<b>80.000</b>	
05/02/2001	20.000	DEPUTACIÓN
06/02/2001	20.000	DEPUTACIÓN
12/02/2001	20.000	DEPUTACIÓN
14/02/2001	20.000	DEPUTACIÓN
23/02/2001	20.000	DEPUTACIÓN
26/02/2001	20.000	DEPUTACIÓN
<b>TOTAL FEBREIRO 2001</b>	<b>120.000</b>	
05/03/2001	20.000	DEPUTACIÓN
12/03/2001	20.000	DEPUTACIÓN
14/03/2001	20.000	DEPUTACIÓN
19/03/2001	20.000	DEPUTACIÓN
21/03/2001	20.000	DEPUTACIÓN
26/03/2001	20.000	DEPUTACIÓN
29/03/2001	20.000	DEPUTACIÓN
<b>TOTAL MARZO 2001</b>	<b>140.000</b>	

**LISTADO DE DIETAS 2º TRIMESTRE 2001**

<b>DATA</b>	<b>IMPORTE</b> (pesetas)	<b>LUGAR DESTINO</b>
23/04/2001	20.000	LUGO. DEPUTACIÓN DESPACHO
25/04/2001	20.000	LUGO. DEPUTACIÓN DESPACHO
30/04/2001	20.000	LUGO. DEPUTACIÓN DESPACHO
<b>TOTAL ABRIL 2001</b>	<b>60.000</b>	
02/05/2001	20.000	LUGO. DEPUTACIÓN DESPACHO
09/05/2001	20.000	LUGO. DEPUTACIÓN DESPACHO
14/05/2001	20.000	DEPUTACIÓN DESPACHO
28/05/2001	20.000	DEPUTACIÓN DESPACHO
30/05/2001	20.000	DEPUTACIÓN DESPACHO
<b>TOTAL MAIO 2001</b>	<b>100.000</b>	
14/06/2001	20.000	LUGO. DEPUTACIÓN DESPACHO
27/06/2001	20.000	LUGO. DEPUTACIÓN DESPACHO
30/06/2001	20.000	LUGO. DEPUTACIÓN DESPACHO
<b>TOTAL XUÑO 2001</b>	<b>60.000</b>	



- Ningunha destas percepcións foi acompañada de xustificación documental que acreditara os desprazamentos á Deputación Provincial e, polo tanto, o gasto ocasionado ó deputado.

Á vista do anteriormente exposto, as percepcións analizadas consistiron nunha indemnización a tanto alzada abonadas cunha contía fixa e con devengo periódico **sen xustificarse documentalmente a efectividade do gasto**, polo que, sen prexuízo da súa denominación e do pretendido abeiro contido na regulación do acordo plenario, estamos ante unha indemnización que, tras a modificación introducida pola Lei 14/2000, carece de cobertura legal. Tras dita modificación normativa, a compensación económica pola dedicación ó cargo, require ineludiblemente o establecemento do correspondente réxime de dedicación cumprindo tódalas obrigas que soporta, sempre que non responda a un gasto efectivo e xustificado documentalmente, en cuxo caso poderá ser obxecto de abono a correspondente indemnización, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que en desenvolvemento das mesmas acorde o pleno corporativo.

#### **b) “Asistencias”**

*Esta Deputación, nas súas Bases de Execución (Oitava,6) (que vén sendo unha reprodución do artigo 63.2, segundo e terceiro parágrafo do Real Decreto Lexislativo 1091/1988, de 23 de setembro) contempla o seguinte:*

*“O Presidente poderá determinar, a iniciativa do órgano correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigacións xeradas en exercicios anteriores, como consecuencia de gastos adquiridos, de conformidade co ordenamento, para os que houbera crédito dispoñible no exercicio de procedencia. Neste último caso, a petición irá acompañada do oportuno informe no que se fará constar, en calquera caso, as causas polas que non se procedeu á imputación a orzamento no exercicio de procedencia”.*

*Polo tanto, os supostos en que houbera que acudir ó recoñecemento extraxudicial de crédito do art.60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, serían escasos.*

Sen pronunciarnos acerca do contido da base de execución que se transcribe, non consta, nin agora se achega, a documentación acreditativa do cumprimento dos trámites esixidos pola mesma.

### **5.3.- Atencions protocolarias y representativas**

*A falta de detalle de determinadas presuntas anomalías (tres facturacións de 2.391.250 pesetas) cáusanos unha certa indefensión co obxecto de informar acerca da cuestión, pois descoñecemos os expedientes ou documentos concretos ós que se alude.*

*Esta Deputación, nas súas Bases de execución (Oitava, 6) (que vén sendo unha reprodución do art.63.2, segundo e terceiro parágrafo do Real Decreto Lexislativo 1091/1988, de 23 de setembro), contempla o seguinte:*

*“O Presidente poderá determinar, a iniciativa do órgano correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigacións xeradas en exercicios anteriores, como consecuencia de gastos adquiridos, de conformidade co ordenamento, para os que houbera crédito dispoñible no exercicio de procedencia. Neste último caso, a petición irá acompañada do oportuno informe no que se fará constar, en calquera caso, as causas polas que non se procedeu á imputación a orzamento no exercicio de procedencia”.*

*Polo tanto, os supostos en que houbera que acudir ó recoñecemento extraxudicial de crédito do art.60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, serían escasos.*

*Neste particular: “Atencións Protocolarias e representativas”.*

*A factura de 1.800.000 pesetas cumpriu integramente o trámite exposto (acompañase). A correspondente a 2000, por un importe de 591.250 pesetas non se localizou, pois non consta ningún pago dese importe, polo que rogamos ó Consello que nos detalle a cuestión a fin de poder coñecer o cumprimento ou incumplimento das Bases de Execución.*

Ó longo das actuacións de fiscalización, o equipo de auditoría accedeu ós distintos expedientes, documentos e xustificantes etc. por conducto dos responsables de aquiles departamentos administrativos cuxa colaboración, en cada caso e por razón de materia, foi precisa. En relación coas atencións protocolarias, tras solicitar a documentación relativa á mostra efectuada, obtivéronse do persoal ó servizo da entidade copias fotoestáticas dos mandamentos de pago solicitados.

Durante o prazo concedido para alegacións e a petición dos responsables municipais, remitiuse a información solicitada por istos en canto a algunha das mostras analizadas, que en ningún caso se refería ó aspecto que agora nos ocupa.

Polo que respecta á factura de 1.800.000 pesetas, sen pronunciarnos (como no apartado anterior) acerca do contido da base de execución que se transcribe, non consta, nin se achega entre a documentación acreditativa do cumprimento dos trámites esixidos pola mesma, a aprobación e, no seu caso, o compromiso orzamentario do gasto fiscalizado pola Intervención.

### **Imputación ó Orzamento Provincial de sancións de tráfico e aparcamento.**

*Os funcionarios, coas súas conductas, poden incurrir en infracción do ordenamento, obrando de boa fe. Entendemos que en casos como o exposto, o sancionado non é tanto o funcionario como a institución.*

*(...)*

*En canto á non existencia de cobertura legal discrepamos. A responsabilidade patrimonial da Administración é obxectiva, e ante terceiros e ante outras Administracións respóndese polo funcionamento normal ou anormal dos servizos. A acción dos conductores é imputable á Administración que serven, segundo a teoría orgánica, e como tal trasladan as súas consecuencias. A continuación a Administración poderá utilizar as accións de regreso ó funcionario, que esa xa é outra historia. O noso sistema é así, e a Administración Sanitaria responde por exemplo dunha operación defectuosa dun curuxan ó seu servizo e indemniza ó paciente.*

*Polo tanto, sendo o noso sistema, proclamado ós catro ventos, obxectivo, no que a culpa ou negligencia non xogan para nada, etc..., non ten explicación que o Consello de Contas diga que non existe base xurídica para pagar as multas dos conductores. Ó mellor o que o Consello de Contas quere dicir é que o sistema é excesivamente xeneroso, ó que poderíamos asentir, pero si o é para uns, non hai porque excluír a outros, e menos dicir que non existe base xurídica para sufragar as multas.*

A invocación da responsabilidade patrimonial para amparar a imputación ó orzamento provincial das sancións de tráfico e aparcamento non é adecuada

no caso que nos ocupa, posto que non concorren os orzamentos esixidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O dano efectivo resarcible ós particulares a través da responsabilidade patrimonial require que o prexuízo ocasionado poida imputarse á Administración, o cal non ocorre no caso analizado no que é o propio funcionario o que causa coa súa conducta un dano económico a se mesmo, non a un terceiro.

Polo outro lado, non concorre un orzamento fundamental cal é o establecido no artigo 141 da LRJPAC, en virtude do cal tan só serán indemnizables as lesións producidas ó particular provenientes de danos que este non teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei. Tendo en conta que os conductores de vehículos oficiais non están eximidos da obriga observancia da normativa de tráfico (artigo 72 do RD Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo), entendemos que non pode aplicarse ó suposto de feito a responsabilidade patrimonial.

## **6.- PROCEDEMENTOS SELECTIVOS**

### **6.1 Procedemento de selección temporal. Exercicios 2000 e 2001.**

*(...)Se ben é certo que as bases facultan ó Tribunal para prescindir de todas ou algunha das probas, a realidade constatada nos expedientes é que en ningún caso, no período que se fiscaliza, se prescindiu destas.*

*Este sistema non pode considerarse “contrario” ó cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.*

É precisamente a facultade que as bases outorgan ó Tribunal cualificador de prescindir ou non da realización da totalidade das probas o que se xulga contrario o cumprimento dos principios constitucionais de acceso ó emprego público, con independencia do sentido no que se materializara a citada opción polo Tribunal.

*Si comparamos os criterios de selección temporal da Deputación coa Orde 1461/2002, de 6 de xuño (BOE 143, de 15 de xuño) pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento do persoal funcionario interino*

*da Administración do Estado, constataremos a similitude dos criterios empregados pola Deputación e os empregados pola Administración do Estado(...)*

*Da comparación establecida no cadro anterior dedúcese que se trata de procedementos de selección similares(...)*

*Se ben é certo que a concordancia correspóndese nos casos citados co número de prazas, non sempre sucede así, pois noutros excede ese número(...)*

*En consecuencia non pode afirmarse que exista un incumprimento do principio de publicidade, aínda que puidera, en función das circunstancias de cada caso e da urxencia, ampliarse aos citados prazos e facer publicidade no BOP en beneficio dun maior ámbito de concordancia, como xa se ten feito nalgúns casos (...)*

Non se considera a análise comparativa efectuada, por canto:

- Se fundamenta nunha normativa aprobada con posterioridade ós exercicios fiscalizados e que resulta de aplicación ó persoal funcionario interino da Administración Xeral do Estado, sendo o caso que nos ocupa os procedementos de selección do persoal laboral temporal efectuados pola Deputación Provincial de Lugo.
- As conclusións que alí se expoñen constitúen meros criterios ou opinións que non eximen do cumprimento da legalidade por parte da Deputación Provincial.

O procedemento de selección do persoal laboral temporal carece de normativa específica que a regule. Non obstante, o artigo 103 LRBRL establece a obrigatoriedade de garantir o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade na selección do persoal laboral (indistintamente, fixo ou temporal) polas entidades locais.

A publicidade no Taboleiro de anuncios da Deputación Provincial non dá adecuado cumprimento ó principio de publicidade, como pon de manifesto o feito de que ós procedementos fiscalizados concorre un único aspirante, que en tódolos casos resultou finalmente seleccionado. A eficacia do principio lógrase mellor mediante a inserción, con antelación suficiente, de anuncios nos diarios oficiais (dúas sentenzas do TS do 26 de setembro de 1986-Ar.5984 e 5986, entre outras )

**Incidencias detectadas nos expedientes de selección realizados ó abeiro de subvencións concedidas pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego:**

*(...)Queremos con isto dicir que non estamos nun proceso de selección para o acceso á función pública en sentido pleno; mais ben estamos ante a posta en práctica de políticas de fomento do emprego, protagonizadas por unha entidade pública, que, por esa razón, ten que ter en conta os principios de publicidade, mérito, capacidade e mesmo de obxectividade, pero con rigor e esixencias formales menores que no acceso á función pública e mesmo no acceso ó emprego temporal non ocasional.*

*A orde de 28 de decembro de 1999 publicada o 30 de decembro de 1999 DOGA N° 252 regula as axudas e subvencións para a contratación de traballadores/as desempregados/as para a realización de obras ou servicios de interese xeral e social (Capítulo II)(...)*

*Admitindo a existencia dun erro individualizado, hai que dicir que a selección deste persoal laboral ocasional é totalmente conforme ó artigo 12 da Orde sinalada, na que non se esixe anonimato en ningunha proba nin que, nese momento, “os seleccionados non tivesen prestado servicios anteriores á entidade contratante”. O sinalado no artigo 103 da Lei 7/85 cúmprese en canto se respecta “o principio de igualdade de oportunidades de cantos reúnan os requisitos esixidos” xa que a tódolos aspirantes se lle fixeron as mesmas probas.*

*En canto que a selección se realice conforme ó artigo 91 da Lei 7/85, de 2 de abril (o 93 citado que se cita fala das retribucións dos funcionarios), é dicir, a través da Oferta de Emprego non é aplicable ó persoal temporal como todo o mundo sabe e menos pode selo ó persoal temporal ocasional, cuxa selección ten que tramitarse en 30 días naturais contados a partir da data de inicio da Resolución pola que se outorgase subvención.*

*En conclusión: aínda que esta Entidade segue o procedemento establecido na Orde que regula a concesión de subvencións por contratar a istos traballadores, acéptase que se deben mellorar os procedementos de selección, pero tendo en conta os criterios que se sinalan nas correspondentes ordes de convocatoria que deben ser os textos legais de referencia e non os procedementos para a selección de persoal laboral fixo ou temporal non ocasional, posto que non estamos diante dun proceso de acceso á función pública “estricto sensu” se non diante da*

*selección de persoal laboral ocasional con obxectivo de fomentar a inserción laboral, e mellora da ocupabilidade dos traballadores desempregados con maiores dificultades para acceder a contratación.(...)*

A selección do persoal ó servizo da Administración debe respectar coa maior rigorosidade -non constituíndo o rigor un elemento graduable- e en todo caso – trátase de persoal funcionario ou laboral, interino ou temporal- os principios observados na CE e que o artigo 103 LRBRL reitera, pola remisión ó artigo 91, para a selección persoal laboral. Neste sentido, non cabe dúbida de que o reenvío que efectúa o mencionado 103 LRBRL non alcanza á obriga de incluír istos postos de traballo na Oferta de Emprego Público.

Así mesmo, deberá darse cumprimento ós requisitos esixidos pola respectiva Orde de convocatoria da axuda ou subvención, non tanto ós efectos de dar cumprimento ós principios constitucionais de selección senón ós da adecuada xustificación do gasto subvencionado.

## **6.2 Procedementos de selección. Oferta de Emprego Público do exercicio 2001.**

*A outra praza funcional que integraba a oferta de emprego (Técnico superior) non foi obxecto de convocatoria ó termo das actuacións de auditoría.*

A praza en cuestión foi obxecto de convocatoria pública no exercicio 2002, como xa se expresou anteriormente en contestación a unha alegación anteriormente formulada. Non obstante, e pese ó requirimento de información reiterado ó longo das actuacións de fiscalización, non existe constancia da recepción de solicitudes, aprobación da lista provisional de admitidos, baremación de candidatos, convocatoria dos mesmos para a realización das probas de selección ou outra actuación neste procedemento, o que tampouco se acreditou polo ente provincial no trámite de alegacións.

Inclúese este aspecto no texto inicial do anteproxecto ós efectos da súa aclaración.

*Admitimos que en relación á praza de celador sería preferible- desde o punto de vista de facilitar a concorrência – ter publicitado a convocatoria para a súa contratación temporal en novembro do ano 2000. Razóns de urxencia e a acreditación da experiencia profesional da traballadora*

*levaron neste caso a acudir ó procedemento máis axil a favor da eficiencia.*

*Non obstante, se atendemos ó establecido no artigo 249 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, tampouco se pode dicir que esta contratación fora “ilegal”... O que non podemos aceptar é que se trate dun “procedemento irregular continuado” posto que no procedemento de selección para prover a praza de celador do Cadro de Persoal laboral, consta que se creou a praza no citado Cadro, incluíndose na Oferta de Emprego para o ano 2001 e que se aprobaron as correspondentes bases. Tramitado o correspondente procedemento selectivo (sistema concurso-oposición) a praza foille adxudicada á traballadora referida por obter a maior puntuación, debendo resaltarse que esa maior puntuación foi obtida tanto na puntuación final como na fase de oposición en que obtén 22,1 puntos, obtendo a/o aspirante seguinte 19,9 puntos. En consecuencia, cumpríronse os procedementos legalmente establecidos, e materialmente, os servizos previos non tiveron relevancia ningunha a teor das puntuacións obtidas polos distintos concursantes, polo que os resultados serían os mesmos aínda que non se tivese en conta unha experiencia obtida en servizos baixo contrato supostamente irregular.*

Ratifícase o exposto no anteproxecto de informe, detallándose a continuación as irregularidades que fundamentan a cualificación do procedemento contida naquel:

- A celadora é contratada interinamente o 1/2/98 pola vía de Decreto presidencial, aducindo razóns de urxencia e prescindindo da realización de proceso de selección algún. En execución da OEP de 1998 adxudícaselle o posto con carácter definitivo o 1/12/1999.
- A traballadora é obxecto de remoción do seu posto en execución da Sentenza 203/2000 do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, comunicándose a extinción do seu contrato con efectividade o 31/10/2000.
- Na mesma data, e por vía de Decreto presidencial, resólvese a contratación temporal da traballadora na modalidade de obra ou servizo determinado, estimándose precisa a prestación de servizos dunha celadora para dito centro. Esta nova contratación, que conculca os principios constitucionais de acceso ó emprego público, prodúcese pese á incorporación, como



consecuencia da sentenza mencionada, dun novo celador á plantilla do Hospital.

- O 30/3/2001 procédese á transformación do anterior contrato de obra ou servizo determinado na modalidade de interinidade, novamente pola vía de Decreto da Presidencia e ó marxe de todo procedemento de selección. Este posto de traballo é obxecto de inclusión na oferta de emprego de 2001.
- Obtén o posto con carácter definitivo no mes de marzo de 2003, tras a celebración, en execución da OEP de 2001, do concurso-oposición para a consolidación de emprego temporal. Se ben no *cadro que reflicte a relevancia dos servizos previos en relación ós resultados finais na convocatoria de acceso ás prazas do Cadro de Persoal laboral* aportado como xustificación suxírese que esta traballadora obtivera a praza sen sumar a puntuación obtida na fase de concurso, o certo é que, tras as cualificacións adxudicadas na fase de concurso, e a teor das puntuacións outorgadas na de oposición á candidata finalmente seleccionada, ningún dos restantes candidatos puidera obter o posto, nin aínda agregando a totalidade das puntuacións máximas referidas á fase de oposición.

*En resumo:*

- *Da análise das sentenzas do TSXG e Xulgado C-A de Lugo.*
- *Da comparación das Bases de selección correspondentes ó OE. de 2001 coa Orde do MTAS pola que convoco 1.077 prazas de Auxiliar, Grupo D.*
- *Da STC 107, 2002, do 2 de xuño en relación á convocatoria do MTAS antes dita, resulta comprobado que a actuación da Deputación Provincial na tramitación da OE de 2001, respecta os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e as decisións que adoptou o Tribunal son conforme ó dereito, xa que:*

*A) O establecemento de criterios complementarios non supón introducir unha discrecionalidade incompatible co cumprimento dos principios de igualdade, mérito e capacidade e publicidade, se non unha autolimitación da súa discrecionalidade técnica” (STS 8-11-1991 e 26-5-96 referidas en S 205/2000 Xulgado C A Lugo).*

*Tampouco supón “arrogarse unhas facultades de interpretación que se encontran fóra do ámbito da súa competencia” xa que, conforme se referencia na S 18/2001 TSXG está dentro da súa discrecionalidade técnica e así o sanciona o Tribunal Supremo “pois susténtase en criterios razoables ponderados e ecuanímes de valoración e non implica unha innovación das bases se non unha concreción acorde cos principios constitucionais mencionados o que descarta toda sombra de ilegalidade (TSXG, S18/2001)*

*B) A ponderación da experiencia de forma cualitativa e diferenciada da antigüidade é conforme ó dereito (S469/98 TSXG; STC 107/2003 ámbalas dúas xa citadas) nin a ponderación do traballo desenvolvido é desproporcionada.*

*C) Tampouco concorda coa realidade a afirmación que di: “Deste xeito, os candidatos que viñan prestando os seus servizos no posto de traballo obxecto de convocatoria obterían as puntuacións máis elevadas na fase de concurso adxudicándoselles os mesmos con carácter definitivo”, o que dá a entender que gañan a praza definitiva gracias á fase de concurso. O cadro seguinte mostra os resultados dos procedementos selectivos correspondentes a OE 2001(...).*

*Da análise do cadro anterior, baseada nos expedientes revisados polo órgano fiscalizador é conclusión indudable que o 78,37% dos seleccionados accederon á praza (como seleccionados ou persoal laboral do cadro de persoal desta entidade) obtendo as máis altas puntuacións na fase de oposición, de tal xeito que os resultados da fase de concurso son irrelevantes.*

*Finalmente hai que concluír que, conforme ó analizado, os baremos concursais e os criterios de actuación dos Tribunais de selección da Oferta de Emprego de 2001 na Deputación de Lugo e INLUDES, permiten dar estricto cumprimento ós principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, sen que se poida falar de “un proceso irregular” a non ser que se pretenda facer prevalecer unha opinión do órgano fiscalizador da actividade económico-financeira sobre a xurisprudencia consolidada da xurisdicción Contencioso-Administrativa, órgano especial especializado na revisión da legalidade da actuación da Administración Pública e mesmo sobre a xurisprudencia cualificadísima do Tribunal Constitucional en relación ós reparos de cumprimento de principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e mesmo obxectividade e publicidade, xurisprudencia da que a sentenza 107/2003, do 2 de maio nos parece paradigmática.*

En relación coas xustificacións expostas, efectúanse as seguintes precisións:

Con respecto ó **apartado A)**

- A práctica adoptada pola Deputación Provincial na totalidade dos procedementos fiscalizados, consistente no establecemento -unha vez constituído o Tribunal de Selección- dos criterios complementarios para levar a cabo a valoración de méritos na fase de concurso, limita a transparencia e garantías esixibles ós procedementos públicos de selección de persoal, por canto os mesmos deberían figurar nas bases selectivas publicadas para o seu coñecemento e ós efectos, no seu caso, da súa impugnación polos interesados no procedemento.
- O anterior debe entenderse sen prexuízo da facultade dos Tribunais Cualificadores para interpretar aqueles puntuais aspectos non de todo especificados ou detallados, sempre que no desenvolvemento de aquela labor non se infrinxan as propias bases, e sen que ilo poida comportar unha innovación das mesmas.
- A legalidade dos baremos de selección aprobados pola Deputación Provincial non se encontra refrendada polo contido das sentenzas alegadas, por canto nas mesmas non son obxecto de discusión as bases aprobadas pola entidade provincial. Estas se consideraron aceptadas polos concorrentes en tanto non foron impugnadas, circunscribíndose o debate procesal ó axuste da actuación avaliadora do Tribunal a aquelas bases.
- Noutra orde de cousas, non constitúe o obxecto das actuacións de fiscalización a emisión dun xuízo relativo ó axuste á legalidade do procedemento de selección do convocado o 23 de decembro de 1997 polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Non se considera a análise comparativa efectuada nin as súas conclusións, por canto constitúen reflexións do ente fiscalizado que non eximen do cumprimento da legalidade que lles resulta esixible.

Con respecto ó **apartado B)**

- Non é obxecto do anteproxecto de informe a ponderación da experiencia de forma cualitativa e diferenciada da antigüidade, como no escrito de alegacións se manifesta; non obstante se constitúe obxecto do mesmo a ponderación desproporcionada do traballo desempeñado, que se interpreta no sentido indicado pola aducida STC 107/2003, como a continuación se expresa.

Con respecto ó **apartado C)**

A STC 107/2003 precisa os supostos no que a valoración da experiencia previa se traduce nunha lesión ó dereito ó acceso a funcións públicas en condicións de igualdade e de acordo cos principios de mérito e capacidade. O criterio do TC maniféstase nos seguintes termos, extractados da sentenza alegada:

*“(..)]para que puidera apreciarse tal lesión sería necesario acreditar que unicamente aprobaron o proceso selectivo persoas con experiencia laboral previa nas prazas convocadas(..)”*

*“(..)]esta última circunstancia (a toma en consideración da previa prestación de servizos á Administración(..), en efecto, se ben reconeceuse que pode ser tomada en consideración para avaliar a “aptitude ou capacidade” (SSTC 67/1989, do 18 de abril e 185/1994, do 20 de xuño) do aspirante, nin pode chegar a converterse nun requisito que exclúa a posibilidade de concorrencia de terceiros, nin ter unha dimensión cuantitativa que rebase o “limite do tolerable”*

*“A consideración dos servizos prestados non é axea ó concepto de mérito e capacidade, pois o tempo efectivo de servizos pode reflectir a aptitude ou capacidade para desenvolver unha función ou emprego público e, supor ademais, nese desempeño, uns méritos que poden ser reconecidos e valorados (STC 67/1989)(..) pois o determinante é se a ponderación dos servizos previos foi tan desproporcionada e irracional que descoñeceu o dereito á igualdade”.*

No sentido indicado nesta sentenza e como réplica ó **cadro que reflicte a relevancia dos servizos previos en relación ós resultados finais na**

**convocatoria de acceso ás prazas do Cadro de Persoal**, que figura no escrito de alegacións, apréciase o seguinte:

#### **Encargado do Pazo de Tor**

Son admitidos 7 candidatos á fase de concurso, resultando baremadas e publicadas posteriormente no Taboleiro de anuncios as puntuacións adxudicadas a cada un dos anteriores. A candidata que veña desempeñando o posto obxecto de convocatoria obtén a máxima cualificación, de maneira que, a teor das cualificacións obtidas na fase de oposición, ningún dos restantes candidatos, nin aínda obtendo as puntuacións máximas atribuíbles á fase de oposición podería ter resultado definitivamente seleccionado. Non concorreu, agás do seleccionado, ningún outro candidato á fase de oposición.

#### **Obreiros**

De acordo co baremo concursal aprobado, ningún aspirante que non reunira puntuación polos méritos relativos á experiencia profesional podería ter resultado seleccionado para algún dos 4 postos ofertado, aínda baixo a hipótese de obtención das puntuacións máximas na fase de oposición e restantes méritos da de concurso.

#### **Administrativo-traductor**

Reitérase o exposto en relación co “encargado do Pazo de Tor”, excepción feita das referencias ó número de candidatos presentados ás probas.

#### **Celador**

Como xa se expuxo anteriormente, tras a puntuación adxudicada á candidata finalmente seleccionada na fase de concurso, e habida conta das cualificacións outorgadas á mesma na fase de oposición, ningún dos restantes candidatos podería obter o posto, nin aínda agregando a totalidade das puntuacións máximas atribuíbles na fase de oposición.

#### **Coidadores**

Como se afirma no propio escrito de alegacións, obteñen os postos convocados os candidatos que acreditan o maior número de anos de servizos prestados á Deputación, isto é, como consecuencia das puntuacións outorgadas na fase de concurso, en prexuízo e outros candidatos que obtiveron maiores cualificacións na fase de oposición.

De acordo co exposto, non resulta acreditado o axuste dos procesos de selección relativos á oferta de emprego de 2001 ós principios constitucionais de obrigado cumprimento, sen que ilo presupuña a prevalencia da opinión deste órgano fiscalizador sobre o manifestado nas sentenzas mencionadas no escrito de alegacións.